

dez


eme

Número 2 Novembro 2000 800 ptas.

Revista de Historia e Ciências Sociais
da Fundação 10 de Marzo

O FRANQUISMO

DÁLE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA



axúdanos a reconstruí-la historia do sindicalismo en galicia. lega ou deposita o material* relacionado co mundo do traballo que teñas e que poida incorporarse ó arquivo gráfico, sonoro e visual da FUNDACIÓN 10 DE MARZO. colabora na reconstrucción da memoria histórica

(carteis, documentos, fotografías, libros, manifestos, panfletos, adhesivos, revistas, vídeos, ou calquera outro material)

VIDAL / DISEÑO GRÁFICO

ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO

FUNDACIÓN  10 DE MARZO

comisións obreiras

• República do Salvador, 15 - 5ª planta • 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 599 765 • Fax 981 597 081 • email: f10m.sn.@galicia.ccoo.es

EDITORIAL

Vintecinco 20-N 5

Ó REDOR DA HISTORIA

Balances do franquismo
Rubén Vega García 7

Menos livres e máis pobres
A ECONOMÍA GALEGA NA ÉPOCA DO FRANQUISMO
Joám Carmona Badía 15

Represión franquista
María Xesús Souto Blanco 22

Literatura e franquismo
José Manuel González Herrán 31

Muller e franquismo
Carme Molinero 36

NA CLASE

Aprender historia a través das familias: exercicio de historia oral sobre a Guerra Civil e a posguerra
Carme Guimerà Ravina 44

Los años bárbaros: unha proposta didáctica para o 2º ciclo da ESO
Guillermo Llorca Freire 52

O ensino da historia no franquismo (1939-1970)
Ramón López Facal 55

Breve antoloxía do cine español durante o franquismo
Aurora Vázquez Aneiros 64

DOSIER DOCUMENTAL

A depuración do persoal de correos de Lugo
FONDO LUIS MACÍA SALGADO PAPÍS
Víctor Manuel Santidrián Arias 74

DOSIER FOTOGRÁFICO

Fotografía familiar durante a época franquista
Eduardo Fra Molinero 80

TESTEMUÑOS

Das memorias de Manuel Bravo, Mariño
Víctor Manuel Santidrián Arias 87

UNHA IMAXE

Tránsitos: a visión do artista antes e despois da Guerra Civil
Carlos González / Maita Rodríguez 98

UN CONCEPTO

Nacional-catolicismo
Xosé Chao Rego 102

DE LIBROS

As protagonistas esquecidas da Guerra Civil: Rojas. Las mujeres republicanas en la Guerra Civil
Carme Alvaríño Alejandro 105

La gestión de la memoria
Heladio Fernández Manso 108

Da máis sombría Historia de España
Xosé Ramón Quintana 111

De Franco e o franquismo nos libros
Heladio Fernández / Víctor Santidrián 113

ENCONTROS

Fedecaria: un lugar de encontro do profesorado crítico
Ramón López Facal 118

El franquismo, un balance desde el final del siglo
José Gómez Alén 120

Congreso "O exilio galego" / Consello Cultura Galega 121

Premio de investigación "Luis Tilve" 121

XXIIth International Standing Conference for the History of Education: El libro y la educación
Ramón López Facal 122

GUÍA DE RECURSOS

Recursos en Internet
Eduardo Bragado 124

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo
José Gómez Alén 127

AUTORES DESTE NÚMERO

133

dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS
DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Número 2 / Novembro de 2000

COORDINACIÓN

José Gómez Alén / Víctor Manuel Santidrián Arias

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carme Alvaríño Alejandro, José Babiano (Madrid),
Eloísa Baena (Sevilla), Eduardo Bragado, Heladio
Fernández Manso, José Gómez Alén, Carlos
González, Pedro Lago Peñas, Ramón López Facal,
Guillermo Llorca Freire, Maita Rodríguez, Víctor

Manuel Santidrián Arias, María José Sigalat (Valencia),
Javier Tebar (Barcelona), Rubén Vega (Asturias).

COLABORACIÓN

Carme Alvaríño Alejandro, Eduardo Bragado, Xoan
Carmona Badía, Xosé Chao Rego, Heladio Fernández
Manso, Eduardo Fra Molinero, José Gómez Alén,
Carlos González, José Manuel González Herrán,
Carme Guimerà Ravina, Ramón López Facal, Gui-
llermo Llorca Freire, Carme Molinero, Xosé Ramón
Quintana, Maita Rodríguez, Víctor Manuel Santidrián
Arias, Aurora Vázquez Aneiros.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO XERAL E PORTADA

Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas, SAL

ISSN: 1576-4044 / DEPÓSITO LEGAL F-2345-1998
TIRADA: 500 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE
DAS OPINIÓNS DOS AUTORES



Fundación 10 de Marzo
comisións obradeiras

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 - Santiago de Compostela
Tells. 981 599 765 / Fax 981 597 081 / e-mail: f10msn@galicia.ccoo.es

moito máis do que poidas imaxinar

fotocopias

impresión dixital

imprensa offset

imprensa dixital

manipulados

o teu asesor en deseño

copias gran formato


carteis e posters

laminados e encapsulados

estructuras

impresiónate !!

e se tes calqueira dúbida...
pregúntanos



A CORUÑA

Plaza de Maestro Mateo 9
Tel. 981 27 48 20 • Fax 981 27 49 09
e-mail: herculesc@torculo.com


SANTIAGO

Vía Edison 33/35 • Polígono do Tambre
Tel. 981 95 83 20 • Fax 981 57 56 93
e-mail: torculo@torculo.com

VIGO

Álvaro Cunqueiro 3
Tel. 981 21 34 56 • Fax 981 20 78 25
e-mail: artes@torculo.com

Praza de Mazarelos 14
Tel. 981 58 54 55



■ TÓRCULO ■

TÓRCULO

global printers

Vintecincos 20-N

Hai xa cinco meses que o primeiro número de *Dez•eme* saíu do prelo. Non foron poucas as críticas que recibimos e a maior parte delas foron positivas. Os seiscentos exemplares que compuñan a tiraxe do primeiro número foron distribuídos entre profesionais da historia, da educación, a prensa ou, sinxelamente, persoas interesadas neste campo do saber. A prensa escrita fíxose eco da aparición de *Dez•eme* (*Ferrol Diario*, *Guía dos Libros Novos*, *A Nosa Terra*, *Profesionais da Educación*, *La Región*, etc.). Outras moitas persoas fixéronnos chegaro seu apoio e as súas críticas de forma oral. A maioría coincidiron cos comentarios escritos: a calidade de *Dez•eme*, tanto no que se refire ós seus contidos coma ó deseño da revista é, polo menos, digna.

Daquela, estamos razoablemente satisfeitos do noso traballo, sobre todo cando experiencias deste tipo non son sempre ben vistas —nin apoiadas— en determinados círculos. Para eles a cultura, a ciencia social, a historia seguen sendo un couto pechado sobre o que manter un monopolio, unha exclusiva.

Con esta bagaxe comezámo-lo traballo desta segunda entrega. As casualidades da vida fixeron que a data de aparición do número 2 coincidise co vintecincos cabodano da morte do xeneral Franco. Por esta razón, o Consello de Redacción considerou imprescindible dedicar esta entrega a unha revisión daquela dictadura. Deste xeito, facemos realidade o compromiso cos nosos lectores, ós que no apartado “No próximo número” lles avanzabámo-la nosa intención.

Así pois, o tema central deste *Dez•eme* é o franquismo. Sen pretender sermos exhaustivos no estudio da dictadura, ofrecemos unha ampla panorámica do que foi aquel réxime, mantendo, *grosso modo*, as seccións xa iniciadas. Comezamos con “Ó redor da Historia”, que presenta unha visión da economía en tempos de Franco, un estudio sobre a represión, unha colaboración sobre literatura e franquismo e un ensaio sobre a situación da muller.

“Na clase” está composto, nesta ocasión, por catro artigos. O primeiro deles estudia o ensino da Historia no franquismo. A segunda colaboración relata unha experiencia escolar de historia oral sobre a Guerra Civil e a posguerra. As outras dúas achegas están relacionadas co cine. Tamén son catro as colaboracións que aparecen en “De libros”. Tres delas son amplas recensións e a cuarta, un relatorio de novidades centradas no tema que nos ocupa. Desta volta, “Unha imaxe” estudia a obra de Maruja Mallo. “O concepto” define esa realidade tan cara ó réxime franquista e á Igrexa católica: “nacional-catolicismo”.

O “Dosier documental” recolle un aspecto pouco coñecido da represión franquista: a depuración do persoal de correos, concretamente na provincia de Lugo. O “Testemuño oral” entrecolle o fragmento dunhas memorias que aparecerán en datas próximas: as de Manuel Bravo Silveira, *Mariño*, un deses personaxes descoñecidos pero imprescindibles. A revista remata cunha “Guía de recursos”, e o apartado de “Encontros”, que inclúe comentarios sobre congresos e xornadas xa realizados ou que se celebrarán nos próximos meses. Damos conta, unha vez máis, das “Actividades da Fundación”.

Para ilustrar este número contamos coa colaboración de Eduardo Fra Molinero, que nos achegou unha impresionante colección de fotografías familiares da época franquista.

Lectoras e lectores, teñen agora a palabra.

CARTAS Á REDACCIÓN

Agradecemos que as cartas teñan unha extensión máxima de 1.500 caracteres; en caso de superarse este límite, os responsables de redacción de *Dez•Eme* poderán facer un extracto ou resumo que non altere o contido orixinal da comunicación. As cartas deberán asinarse con nomes e apelidos lexibles así como cun número de DNI, aínda que se poderán publicar baixo pseudónimo se así fose solicitado de forma expresa. *Dez•Eme* garante a reserva e confidencialidade en tódolos casos.

Dez•Eme, revista necesaria

Supoño que sempre que alguén fai un comentario ou dá unha opinión sobre un novo proxecto, e neste caso sobre unha nova revista de historia, non debería adoptar unha opinión negativa, sexan ou non do seu gusto os temas que nela se tratan.

Aínda non sendo eu coñecedor de todo o que hoxe se publica en Galicia sobre temática histórica, teño que dicir sobre a presente revista que a considero como unha nova ferramenta para todos aqueles-as que queiran acercarse ós diferentes problemas e maneiras de investigar ou ensinar a Historia.

Vexo en *Dez•Eme* un novo instrumento de opinión, pero tamén unha nova ferramenta de consulta, información e, como non, de investigación.

Dez•Eme é unha revista necesaria en Galicia, pois pode desempeñar un papel importante como instrumento de discusión e reflexión para os profesionais da Historia e dos que —como di o seu primeiro editorial— “pensan historicamente”.

Gústame as seccións que se poñen, pois nelas aglutínanse temáticas de interese xeral para todo aquel que lle guste a Historia.

En hora boa ó deseñador, prácame o resultado estético da revista e o seu título. Parabéns ós creadores do proxecto e á Fundación 10 de Marzo.

Alexandre Caínzos
Bibliotecario Municipal
de Pontedeume

Dez•Eme, unha revista de historia

Non fago un exercicio de agudeza mental excesiva pensando que esta revista sae para aproveita-los fondos da Fundación 10 de Marzo; pero transcendéndoos con incursións na educación (sobre todo na didáctica das Ciencias Sociais), na historiografía, na política cunha perspectiva ideolóxica e histórica, na historia oral e noutras seccións necesarias para darlle consistencia ó produto: críticas de libros, guías de recursos e actividades, etc.

Pero sorprendeume que no editorial haxa unha declaración de intencións que parece ir por outro lado: ser unha revista de Historia de carácter divulgativo ó uso, respondendo ás esixencias que se lle fan a estas: pluralidade, lexibilidade, calidade da presentación, variedade de seccións, etc. Ese campo é moi duro e require dunha rede empresarial para subsistir, é un campo cheo de cadáveres prestixiosos e lustrósísimos... Non creo que sexa bo diluír a motivación inicial, ¿por que non explorar a contextualización que dá nome á Fundación 10 de Marzo?, ¿por que non utilizar outros fondos de partidos e sindicatos e privados, e hemerotecas, e apostar decididamente por un nesgo temporalizado (o franquismo, a transición, o movemento obreiro do século XX en Galicia...)?, que faría de centralidade motivadora da revista sen renunciar a ningunha das seccións que se inician neste 1º número.

Posiblemente xa sexa este o único camiño posible, pois a maioría

dos artigos responden a este centro de interese; mesmo as imaxes de apoio a moitos artigos e ó conxunto da revista teñen ese nesgo clarísimo, sen ter feita esta xustificación previamente.

A potencialidade da revista (a singularidade tamén) será explotar os arquivos da Fundación, os arquivos vivos como Mela ou os Paco Balón que non escribiron libros; precisamente a historia oral está moi abandonada a pesar de ter unha enorme forza educativa pola súa proximidade e credibilidade.

Para min será sempre de interese e teredes un lector asegurado, pero se ademais engancha na contextualización que dicía, vincularame tamén emocionalmente, porque sentireina como parte da miña vida, dunha vida que non quero, nin debo, esquecer..., pero ¿que me enganche a min augura algún éxito? Non. Pois logo, non fagades caso do que vos digo.

Saúde e sorte.

Pepe Ramos

Centro de Formación e
Recursos de Ferrol

Esquecíame: e o dez. (punto) eme, ¿a que se debe?, pois supoño que a un arremedo de ‘.com’ non será (algo debe ignorar para que riades así?)

N. d. R.: Nin misterio nin arremedo. O nome da revista responde ó da Fundación 10 (Dez) de Marzo (Eme). En referencia ó punto (‘•’), a idea de apuntarnos ás tecnoloxías actuais de comunicación ha de ser non só un desexo senón un traballo imprescindible para a difusión completa do noso labor.



BALANCES DO FRANQUISMO

RUBÉN VEGA GARCÍA

Os anos noventa viron cómo se reavivaba un vello debate verbo da caracterización do réxime franquista, que ten o seu punto de partida nun xa clásico artigo de Juan José Linz que data de 1964 e establece unha definición que constituíu desde entón referencia obrigada: “Régimen autoritario del pluralismo limitado”. Sociólogos, especialistas en temas políticos e historiadores tomaron partido arredor de tres opcións principais que pola súa vez admitían diversas variantes e matices: fascismo, bonapartismo e réxime autoritario. A discusión permanecera desactivada durante algún tempo, despois de se estancar en cuestións nominalistas que eclipsaron o considerable calado que encerraba. Entre os historiadores, autores como Carme Molinero e Pere Ysàs, Julio Aróstegui, Manuel Pérez Ledesma, Glicerio Sánchez ou Ismael Sáiz retomaron nos últimos anos a reflexión sobre o Franquismo como réxime político. A recuperación destas preocupacións estivo influída

polo contacto coa historiografía italiana sobre o fascismo (Renzo de Felice, Sergio Bologna, Luisa Paserini...) e algúns intentos de comparación dos réximes musoliniano e franquista. A referencia italiana enriqueceu ademais o tema ó introducir unha cuestión tan preñada de interese como difícil de resolver: a do consentimento obtido pola dictadura e as bases sociais de apoio activo ou pasivo que lle proporcionan estabilidade. A inevitable contrapartida vén dada pola análise da represión e o medo, como factores non necesariamente antitéticos dos anteriores. Estas preocupacións trasladáronse ademais desde o plano da abstracción no que se discutira no pasado ós intentos de verificá-las hipóteses en estudos de carácter local. A obra colectiva editada co título de *Franquisme. Sobre resistència i consens* e os traballos de Carme Molinero e Pere Ysàs sobre Cataluña ou un proxecto tamén colectivo sobre Valencia, constitúen bos exemplos.

En boa medida, o debate centrouse ultimamente nestas cuestións, que parten da evidencia de que ningún réxime sobrevive durante un período prolongado de tempo baseándose na pura represión, sen apoios sociais e sen xerar consenso. Pero, ó mesmo tempo, a avaliación do consentimento nun marco carente de liberdades vólvese especialmente complexa. Hai que preguntarse qué significado pode te-lo concepto nunha dictadura e cómo pode ser avaliado alí onde non existe opinión pública. Por iso, a análise tende a ser cada vez máis matizada. Á hora de clasificar as actitudes da poboación, o dualismo afectos/desafectos deixa paso a un trinomio que distingue unha postura intermedia -e posiblemente maioritaria- de indiferentes. Pero isto tampouco resolve demasiado cando partimos da evidencia de que tanto as adhesións incondicionais como a oposición militante son actitudes minoritarias e na indiferencia se entrecruzan realidades cambiantes, tan complexas e contradictorias como difíciles de aprehender. Tratando de introducir matices a este respecto, pasouse a falar dun consenso pasivo e dunha hostilidade tamén pasiva. Ningunha das actitudes constituiría ademais un compartimento estanco ou inmutable. A hostilidade pasiva pode converterse en activa unha vez neutralizado o medo, do mesmo modo que a militancia se inhibe desalentada trala perda de perspectivas. En principio, a represión resulta desmobilizadora para os desafectos, pero en determinados ambientes e conxunturas o seu efecto pode se-lo contrario. O franquismo é demasiado longo e atravesa etapas diferenciadas abondo como para permitir moi diversas situacións ó respecto. Habería que considerar ademais as evolucións marcadas polo paso do tempo e o cambio de contexto, así como a importancia que adquiren os factores xeracionais, particularmente decisivos por supoñeren circunstancias moi diferentes na socialización política e un impacto moi desigual



na pegada deixada pola traumática experiencia da Guerra Civil.

Un recente estudio sobre a Valencia de posguerra amosa cómo entre as masas populares a persistencia de identidades de clase, unha autopercepción como perdedores na guerra, a localización no campo da esquerda e a desafección polo réxime resultaron ó cabo compatibles coa ausencia de compromiso militante e diversos graos de acomodación á nova realidade, e mesmo con éxitos parciais nas políticas de integración postas en práctica pola dictadura. Para a maioría dos traballadores, o réxime nunca chegaría a ser visto como seu, pero conviven con el aceptándoo como un feito dado e ó que poden chegar a recoñecerlle algún logro. De calquera xeito, o caso español podería distinguirse dos referentes italiano e alemán por un maior desequilibrio entre consenso e medo, a prol do segundo. A diferenza dos fascismos clásicos, que acceden ó poder a través de vastos procesos de mobilización de masas nos que o seu discurso é asumido por sectores extensos da comunidade nacional, a xénese do franquismo descansa sobre unha guerra civil que permite o inmediato exterminio non só político, senón, en gran medida, tamén físico dos seus opositores. A menor coherencia na formulación ideolóxica da coalición reaccionaria en que se sustenta queda compensada polo formidable investimento en terror realizado no momento da fundación, que seguirá rendendo dividendos durante moito tempo, mesmo máis alá da

A hostilidade pasiva pode converterse en activa unha vez neutralizado o medo, do mesmo modo que a militancia se inhibe desalentada trala perda de perspectivas

extinción do Réxime. Este nace partindo da división tallante da sociedade en dúas metades, con vencedores e vencidos, o que lle permite prescindir dun nacionalismo integrador e do intento de obter a adhesión de toda a nación, agás minorías elixidas como chibo expiatorio (xudeus...).

Esta xénese resulta decisiva para comprender a evolución ulterior do Réxime, incluíndo a súa aparente dulcificación en fases de estabilidade, do mesmo modo que a ditadura no seu conxunto condiciona de forma decisiva os comportamentos que marcan a transición democrática. É este último un factor clave para entender a imaxe que da ditadura franquista está sendo transmitida ás xeracións que non a coñeceron. O franquismo e a visión que del se está a construír ten un carácter inmediato de xenealoxía do presente democrático e, admitindo diversas lecturas, resulta inevitable que a dominante estea modelada á medida das necesidades daqueles que finalmente acadaron o poder. O modelo pactado sobre o que discorre a Transición e o feito de que o control do proceso estivera permanentemente nas mans daqueles que teñen escasos motivos para reivindicar-lo seu papel durante a ditadura debe acharse



entre as razóns que explican cómo e por qué son relegados ou esquecidos certos temas. Este fenómeno refírese primordialmente ás sínteses, ás interpretacións globais da ditadura franquista, é dicir, a aquela mensaxe que resulta máis eficaz, por alcanzar unha maior difusión, e que ten por artífices non só, nin sequera principalmente, os historiadores senón tamén autores de obras de divulgación de carácter pseudohistórico ou os que actúan desde os medios de comunicación social.

Habería que atender máis a libros de divulgación, programas de televisión, obras de periodistas, etc. E isto non só porque teñen moito maior impacto ca calquera obra dun historiador senón porque, ademais, crean interpretacións dominantes das que a maioría dos historiadores acaban sendo partícipes. Para a maioría, a literatura e o cine poden ofrecer visións máis atractivas e difundidas. Pero neste terreo estase caendo na comedia intranscendente (*Los años bárbaros*) e pezas tan apreciadas como *Los Santos Inocentes* ou *La Colmena* tiveron pouca continuidade, por citar exemplos que reúnen a dobre condición literaria e cinematográfica. Por outra parte, un auténtico superventas como *El florido pensil* deu orixe a unha moda interesante que permite rescatar a memoria de aspectos tan importantes como a educación, a moral e os costumes imperantes nos tempos escuros. O éxito do libro e da obra de teatro, xunto coas súas abundantes secuelas, descobre o interese por estes temas, recupera aspectos reveladores da vida cotiá, ideoloxía, represión... e pon de manifesto a fosa que separa os que viviron o franquismo daqueles que non o coñeceron. Para os primeiros, estas obras esperan emocións diversas; os segundos carecen das claves mínimas para entender onde está a gracia (mesmo que sexa humor negro). A brecha quizais non só se refira ó contraste das vivencias senón tamén ó corte producido na súa transmisión.

O modelo pactado sobre o que discorre a Transición e o feito de que o control do proceso estivera permanentemente nas mans daqueles que teñen escasos motivos para reivindicar-lo seu papel durante a ditadura debe acharse entre as razóns que explican cómo e por qué son relegados ou esquecidos certos temas

Os historiadores deberíamos a este respecto realizar un exercicio de humildade recoñecendo que non sómo-los únicos artífices das interpretacións históricas. Más aínda, nos temas clave, lonxe de marcármolo camiño, a miúdo nolo marcan sen que o gremio sexa capaz, a maioría, de tomar conciencia disto e menos de subtraerse. As modas e os tópicos forman parte do substrato non explícito, nin sequera consciente se cadra, que condiciona os temas elixidos e as interpretacións defendidas. Sen contar co paso subseguinte, o do filtro a través do cal uns traballos alcanzan difusión mentres outros permanecen esquecidos. En boa medida, esta podería se-la situación respecto ós estudos sobre o Franquismo. O volume e a diversidade das investigacións é notable, pero só as que resultan acordes con determinados esquemas son incorporadas logo nas sínteses. E estas, pola súa vez, avanzan con moita maior lentitude e máis lastradas por condicionamentos espurios. Entre eles encóntrase o pacto de esquecemento no que se fundou o cambio de réxime, en tanto que a visión que temos do Franquismo é indisoluble da idea que nos formamos da Transición. Así, por exemplo, as interpretacións institucionais e compracentes desta -as "politicamente correctas"- necesitan minimiza-lo papel da mobilización popular na chegada da democracia. Deste modo, as herdanzas do franquismo quedan agochadas en tanto non se queren ver, e esa mesma actitude crea zonas de sombra no coñecemento da dictadura.

Dentro desta liña, os autores máis capaces (Juan Pablo Fusi, Santos Juliá) substituíron os movementos sociais, e en especial o movemento obreiro, por abstraccións englobadas no concepto de "modernización" da sociedade española á hora de explicaren a maduración das condicións que fan posible a chegada da democracia. O papel do antifranquismo queda minimizado e as interpretacións socioeconómicas gañan terreo en detrimento das sociopolíticas, coma se o réxime democrático fose unha consecuencia inevitable do crecemento económico e os seus efectos sociais. En último extremo, este feito fai parte dunha deriva ideolóxica que non fai senón poñer de manifesto a permeabilidade e a maleabilidade dos historiadores ante as correntes dominantes no seu contorno, por moito que puidera se-la súa "obriga" profesional o manter unha independencia de criterio e un sentido crítico respecto ó presente, so pena de perdellos tamén ó acomete-lo estudio do pasado.

Se este puidera se-lo panorama, non excesivamente prometedor, das sínteses e interpretacións imperantes respecto ó Franquismo, a produción historiográfica presenta, pola contra, un balance considerablemente máis rico. As investigacións sobre o período franquista non deixaron de incrementarse en número e diversificarse en enfoques e contidos. Recentemente, Carme Molinero e Pere Ysás sinalaban o considerable impulso experimentado, en especial polos estudos referidos ó primeiro franquismo e á historia política e económica. A primacía vén correspondendo a estudos locais, tan abundantes coma difíciles de sistematizar debido á dispersión e deficiente distribución das publicacións. Tamén a historia social despegou tras ser escasamente atendida. Dentro dela, o tema pioneiro do movemento obreiro -durante un tempo abordado desde formulacións militantes e visións reduccionistas que concentraban a atención nas

O papel do antifranquismo queda minimizado e as interpretacións socioeconómicas gañan terreo en detrimento das sociopolíticas, coma se o réxime democrático fose unha consecuencia inevitable do crecemento económico e os seus efectos sociais



organizacións, as súas estratexias e núcleos dirixentes- evolucionou cara a enfoques de maior riqueza, dentro dun ton de certo revisionismo coas interpretacións do pasado. O campo de interese desprazouse das minorías militantes ás condicións de vida e de traballo da clase no seu conxunto, as relacións laborais, os procesos de formación de conciencia e as actitudes ante a ditadura. Permanecen pouco explorados, polo momento, os espazos e formas de sociabilidade, ocio e tempo libre, así como os fenómenos de marxinação social. O ascenso dos estudos de historia social andou paralelo á crecente atención prestada ás fontes orais, que encerran unha riqueza de informacións con posibilidades aínda pouco explotadas. Moitos traballos seguen pechados dentro de esquemas máis ben tradicionais nos que as fontes orais son ben un complemento ou un substitutivo de fontes escritas ás cales permanece vedado o acceso por unha lexislación restrictiva ata o obstruccionismo.

Os conflitos na esfera productiva mereceron interpretacións que destacan a súa transcendencia, ó ter por definición unha natureza política baixo as condicións establecidas pola ditadura. Mesmo se os seus protagonistas non o pretenden, atopámonos ante o binomio que Álvaro Soto expresou como “causas laborais-consecuencias políticas”. A Guerra Civil fora, entre outras cousas pero de xeito ben primordial, unha guerra de clases, e a clase obreira no seu conxunto nunca deixa de ser vista polo propio Réxime como desafecta e potencialmente perigosa. Por outra parte, o movemento obreiro constitúe o máis importante dos axentes sociopolíticos debilitadores e desestabilizadores do Franquismo. Practicamente descoñecido segue resultando o papel do movemento obreiro como factor de cambio nas estratexias políticas do capital, en especial nas postremas épocas da ditadura, cando a crise económica e a urxencia dun pacto



social poñen de manifesto que as estruturas vixentes están deixando de ser operativas. En xeral, as burguesías, a súa composición interna, as súas realidades rexionais/nacionais, as súas relacións co poder político e mailas súas estratexias no terreo das relacións de produción, son mal coñecidas, o que acentúa un déficit que é extensivo a outros períodos. Igualmente o son os efectos da penetración de capital estranxeiro, partindo dunha situación como a da autarquía e as actitudes ante o Mercado Común Europeo.

Tamén o cambio social ligado ó acceso a unha sociedade de consumo e ó acelerado proceso de urbanización, xunta os efectos do turismo e a emigración europea, resúltannos mal coñecidos, malia a enorme incidencia que deberon ter en usos, costumes e mentalidades. A insistencia na “modernización” dos anos do *desarrollismo* non provocou un correlativo afondamento no coñecemento destes fenómenos. O formidable movemento de éxodo rural e a conformación, nos barrios periféricos das grandes cidades, dunha clase obreira en boa medida transformada respecto á dos anos trinta, merece máis atención da que se lle ten prestado ata agora. Os fenómenos de segregación e integración, a afirmación dunha nova conciencia, as pautas culturais e as formas de acción colectiva desta nova clase obreira están na base dun movemento obreiro

En xeral, as burguesías, a súa composición interna, as súas realidades rexionais/nacionais, as súas relacións co poder político e mailas súas estratexias no terreo das relacións de produción, son mal coñecidas, o que acentúa un déficit que é extensivo a outros períodos

tamén novo que socava a marchas forzadas a estabilidade e o consentimento pasivos que se beneficiara a dictadura

Outros eidos polo de agora descoidados vanse abrindo paso. Así, os estudos de xénero irrompen con forza en congresos e reunións de historiadores, poñendo de manifesto o esquecemento no que permaneceron as mulleres. De momento, padecen, non obstante, dúas limitacións, derivada unha da fase aínda non definitivamente consolidada na que se acha esta especialidade, o que empurra (como no seu día ocorreu co movemento obreiro) a un ton militante, a cargo case exclusivo de mulleres, e a outra da omisión de que seguen sendo obxecto os progresos alcanzados cando se realizan as sínteses. Tamén a este respecto, a elaboración de sínteses sofre un notable atraso en relación co curso das investigacións, que axudan a que non se dea superado o primeiro dos problemas sinalados.

Canto á represión, que conta con multitude de estudos, sobre todo de ámbito local e provincial referidos ó período de guerra e posguerra, segue carecendo así e todo da adecuada integración nas visións xerais do réxime. Por outra banda, o tema semella desaparecer ou verse relegado cando se tratan outras etapas da dictadura. A tortura e os torturadores eclípsanse a partir da posguerra. Igualmente o Tribunal de Orde Pública permanece virxe ata o momento. A explicación non reside só na falta de interese dos investigadores, senón tamén na inaccesibilidade das fontes fundamentais. As institucións “sensibles” do Estado, dunha intanxibilidade que constituíu un dos alicerces da Transición, permanecen fóra do alcance e a xudicatura, o mesmo que o Exército e os aparellos policiais, están blindados pola confidencialidade dos seus arquivos e a opacidade dos seus membros. Algo semellante sucede coa monarquía, que goza dunha protec-

Canto á
represión,
que conta con
multitude de
estudios, sobre
todo de ámbito
local e
provincial
referidos ó
período de
guerra e
posguerra,
segue
carecendo así
e todo da
adecuada
integración nas
visións xerais
do réxime

Los judíos matan a un niño

En España había, por entonces, muchos judíos.

Y los judíos odiaban a los cristianos y le daba mucha rabia de que los niños quisieran la Virgen y al Señor.

Por eso mataron a Santo Domingo de Guzmán. Dominguito vivía en Zaragoza y quería ser capitán.

Era caritativo: daba su comida a los niños hambrientos. Era valiente: protegía a los niños débiles y desamparados. Era piadoso: y con otros compañeros atravesaba la ciudad cantando coplas a la Virgen.



do coplas a la Virgen.

Esto era lo que más irritaba a los judíos. Por eso pensaron en matarlo.

Y una tarde s

ción engadida gracias a unha sabia combinación de tabú e candidez. Conxunturas como a da morte do conde de Barcelona deron lugar a brillantes exercicios de mistificación e prestidixitación que poderían ser exemplificados co libro de Luis María Ansón sobre don Juan.

En definitiva, se moito se avanzou no coñecemento do Franquismo (en especial tendo en conta que ata 1975, dentro das nosas fronteiras, non se podía facer historia e só cabía a propaganda) non pouco é o que queda por afrontar. Empezando por despo-xarnos de certos anteollos e orelleiras. •

BIBLIOGRAFÍA

- Aguilar Fernández, Paloma, *Memoria y olvido de la Guerra Civil Española*, Madrid, Alianza, 1996.
- Álamo, Manuel del, *CC OO del País Valencià. Aproximació a la seua historia (1966-1992)*, Valencia, FEIS, 1994.
- Albert, M., *Vencer no es convencer. Literatura e ideología del fascismo español*, Madrid, 1998.
- Alted, Alicia, Encarna Nicolás, e Roger Martell, *Los niños de la guerra de España en la Unión Soviética. De la evacuación al retorno (1937-1999)*, Madrid, Fundación Largo Caballero, 1999.
- Ansón, Luis María, *Don Juan*, Barcelona, Plaza y Janés, 1994.



enciosa, al pasar por la puerta de un judío, el judío le echó de pronto un lienzo encima y lo metió en su casa y lo encerró.

A media noche se juntaron todos los judíos principales, quitaron a Domingo su crucifijo y le dijeron que lo pisara, pero él contestó con valentía (y eso que no tenía más que siete años):

—Eso nunca. ¡Es mi Dios!

—Pues como tu Dios has de morir, dijeron los judíos.

Arostegui, Julio, Ángel Bahamonde, Carme Molinero, J. E. Otero, e Pere Ysàs, *Historia de España. Siglo XX, 1939-1996*, Madrid, 1999.

Babiano, José, *Paternalismo industrial y disciplina fabril en España (1938-1958)*, CES, Madrid, 1998.

— *Emigrantes, cronómetros y huelgas. Un estudio sobre el trabajo y los trabajadores durante el Franquismo (Madrid, 1951-1977)*, Madrid, Siglo XXI, 1995.

Balfour, Sebastian, *La dictadura, los trabajadores y la ciudad. El movimiento obrero en el área metropolitana de Barcelona (1939-1988)*, Valencia, Alfons el Magnànim, 1994.

Ballbé, Manuel, *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812-1983)*, Madrid, Alianza, 1983.

Barbagallo, Francesco, Cristina Borderías, e outros, *Franquisme. Sobre resistència i consens a Catalunya (1938-1959)*, Barcelona, Crítica, 1990.

Batista, Antoni, *La Brigada Social*, Barcelona, Empúries, 1995.

Borderías, Cristina, *Entre líneas. Trabajo e identidad femenina en la España contemporánea. La Compañía Telefónica 1924-1980*, Barcelona, Icaria, 1993.

Botti, Alfonso, *Cielo y dinero. El nacional catolicismo en España (1881-1975)*, Madrid, Alianza, 1992.

Campo, Salustiano del (ed.), *Tendencias sociales en España (1960-1990)*, Bilbao, Fundación BBV, 1993.

Carr, Raymond (coord.), *La época de Franco*, Madrid, Espasa Calpe, 1996.

Díaz Gijón, José R., e outros, *Historia de la España actual 1939-1996*, Madrid, Marcial Pons, 1998.

Ellwood, Sheelagh, *Prietàs las filas. Historia de la Falange Española (1933-1983)*, Barcelona, Crítica, 1984.

Ericse Sebares, Francisco (coord.), *Los comunistas en Asturias 1920-1982*, Xixón, Trea, 1996.

Estivill, Jordi, e José María De La Hoz, *La cultura política dels treballadors a Catalunya. Estudi sobre les eleccions sindicals (1944-1987)*, Barcelona, La Magrana, 1988.

Etxezarreta, Miren (coord.), *La reestructuración del capitalismo en España (1970-1990)*, Barcelona, Icaria, 1990.

Fernández Vargas, Valentina, *La resistencia interior en la España de Franco*, Madrid, Istmo, 1981.

Fontana, Josep (ed.), *España bajo el Franquismo*, Barcelona, Crítica, 1986.

Foweraker, Joe, *La democracia española. Los verdaderos artífices de la democracia en España*, Madrid, Arias Montano, 1990.

Fusi, Juan Pablo, *Franco. Autoritarismo y poder personal*, Madrid, El País, 1985.

Gabriel, Pere, e outros, *Comissions Obreres de Catalunya. 1964-1989*, Barcelona, Empúries, 1989.

Gallego, María Teresa, *Mujer, Falange y Franquismo*, Madrid, Taurus, 1983.

García Piñeiro, Ramón, *Los mineros asturianos bajo el Franquismo (1937-1962)*, Madrid, Fundación 1º de Mayo, 1990.

García Delgado, José Luis (ed.), *El primer franquismo. España durante la Segunda Guerra Mundial*, Madrid, Siglo XXI, 1989.

Gómez Alén José, *As CCOO de Galicia e a conflictividade laboral durante o Franquismo*, Vigo, Xerais, 1995.

González Portilla, Manuel, e José María Garmendia, *La postguerra en el País Vasco. Política, acumulación y miseria*, Kriselu, San Sebastián, 1988.

Guinard, David, *La resistència antifranquista a Mallorca (1939-1948)*, Palma de Mallorca, Documenta Balear, 1991.

Heine, Harmut, *La oposición política al Franquismo*, Barcelona, Crítica, 1983.

Hermet, Guy, *Los católicos en la España franquista*, Madrid, CIS, 1986.

Ibarra Güell, Pedro, *El movimiento obrero en Vizcaya: 1967-1977*, Bilbao, Universidad del País Vasco, 1987.

Jerez Mir, Manuel, *Elites políticas y centros de extracción en España, 1938-1957*, Madrid, CIS, 1982.

López García, Basilisa, *Aproximación a la historia de la HOAC, 1946-1981*, Madrid, HOAC, 1995.

Lorenzo Espinosa, José María, *Rebelión en la ría. Vizcaya 1947: obreros, empresarios y falangistas*, Bilbao, Universidad de Deusto, 1988.

— *Dictadura y dividendo. El discreto negocio de la burguesía vasca (1937-1950)*, Bilbao, Universidad de Deusto, 1989.

Losada Malvárez J. C., *Ideología del Ejército franquista (1939-1959)*, Madrid, Istmo, 1990.

Mangini, Shirley, *Rojos y rebeldes. La cultura de la disidencia durante el Franquismo*, Barcelona, Anthropos, 1987.

— *Las voces de la resistencia*, Barcelona, Península, 1997.

Martín Ramos, José Luis, *Historia del socialismo español (1939-1977)*, Barcelona, Conjunto, 1989.

Martín Aceña, Pablo, e Leandro Prados De La Esco-
sura, *INI, 50 años de industrialización en España*,
Madrid, Espasa-Calpe, 1991.

Mateos, Abdón, *El PSOE contra Franco. Continuidad
y renovación del socialismo español 1953-1974*,
Madrid, Fundación Pablo Iglesias, 1993.

— *Las izquierdas españolas desde la guerra civil
hasta 1982. Organizaciones socialistas, culturas polí-
ticas y movimientos sociales*, Madrid, UNED, 1997.

Molinero, Carme, e Pere YSÁS, *Patria, Justicia y Pan.
Nivell de vida i condicions de treball a Catalunya
1939-1951*, Barcelona, La Magrana, 1985.

— *El règim franquista. Feixisme, modernització i
consens*, Vich, Eumo, 1992.

— *Productores disciplinados y minorías subversi-
vas. Clase obrera y conflictividad laboral en la
España franquista*, Madrid, Siglo XXI, 1998.

— *Els industrials catalans durant el Franquisme*,
Vich, Eumo, 1991.

— *Catalunya durant el Franquisme*, Barcelona,
Empúries, 1999.

Moradiellos, Enrique, *La dictadura franquista (1939-
1975)*, Madrid, Síntesis, 2000.

Moreno Fonseret, Roque, *La autarquía en Alicante
(1939-1952)*, Alacante, Institut Juan Gil Albert,
1994.

Moreno Fonsere, Roque, e Francisco Sevillano Calero
(eds.), *El Franquismo. Visiones y balances*, Alacante,
1999.

Morente Valero, Francisco, *La escuela y el Estado
Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional
(1936-1943)*, Valladolid, Ámbito, 1997.

Nicolás Marín, Encarna, e Alicia Alted Vigil, *Disiden-
cias en el Franquismo (1939-1975)*, Diego Marín,
2000.

Núñez Díaz-Balart, Mirta, e Antonio Rojas Friend,
*Consejo de guerra. Los fusilamientos en el Madrid
de la postguerra (1939-1945)*, Madrid, Compañía
Literaria, 1997.

Olmedo Gómez J. A., *Las Fuerzas Armadas en el
Estado Franquista*, Madrid, El Arquero, 1988.

Payne, Stanley, *El régimen de Franco (1936-1975)*,
Madrid, Alianza, 1987.

Preston, Paul, *El triunfo de la democracia en España:
1969-1982*, Barcelona, Plaza y Jañés, 1986.

— *Franco. Caudillo de España*, Barcelona, Crítica,
1994.

Reig Tapia, Alberto, *Ideología e Historia: sobre la
represión franquista y la guerra civil*, Madrid, Akal,
1984.

Romeu Alfaro, Fernanda, *Más allá de la utopía. La
Agrupación Guerrillera de Levante*, Valencia, Alfons
el Magnànim, 1987.

— *El silencio roto. Mujeres contra el Franquismo*,
Oviedo, Summa, 1994.

Ruiz Carnicer, Miguel A., *El Sindicato Español Uni-
versitario (SEU), 1938-1965*, Madrid, Siglo XXI,
1996.

Ruiz, David (dir.), *Historia de Comisiones Obreras
(1958-1988)*, Madrid, Siglo XXI, 1993.


Sánchez Recio, Glicerio, *Los cuadros políticos inter-*

RUBÉN VEGA GARCÍA
DIRECTOR DA FUNDACIÓN
JUAN MUÑOZ ZAPICO
(ASTURIAS)

¡ Soy español !

Y los millones de hombres que murieron por España y por la fe de Jesucristo, y los que hicieron las catedrales y los castillos, y los que descubrieron América son mis abuelos.

Y las manos que hicieron la «dama de Elche», y las que pintaron los cuadros más hermosos



*medios del régimen franquista, 1936-1959. Diversi-
dad de origen e identidad de intereses*, Alacante, Ins-
tituto Juan Gil-Albert, 1996.

Sanz Díaz, Benito, e Ramón I. Rodríguez Bello (eds.),
*Memoria del Antifranquismo. La Universidad de
Valencia bajo el Franquismo, 1939-1975*, Universitat
de Valencia, 1999.

Saz, Ismael, e J. Alberto Gómez Roda, *El Franquismo
en Valencia. Formas de vida y actitudes sociales en la
posguerra*, Valencia, Episteme, 1999.

Soto, Álvaro (dir.), *Clase obrera, conflicto laboral y
representación sindical (Evolución sociolaboral de
Madrid, 1939-1991)*, Madrid, GPS, 1994.

Tusell, Javier, Alicia Alted, e Abdón Mateos(coord.),
La oposición al régimen de Franco, Madrid, UNED,
1990.

Tusell, Javier, e outros, *El Régimen de Franco (1936-
1975)*, Madrid, UNED, 1993.

Tusell, Javier, *La dictadura de Franco*, Madrid,
Alianza, 1988.

Vega García, Rubén, e Begoña Serrano Ortega, *Clan-
destinidad, represión y lucha política. El movimiento
obrero en Gijón bajo el Franquismo (1937-1962)*,
Ayuntamiento de Gijón, 1998.

VV. AA., *España durante el Franquismo*, en *Anales de
la Universidad de Alicante. Historia contemporánea*,
núm. 8-9, Alacante, 1993.

VV. AA., *Jornadas Historia y Fuentes Orales*, Avila,
Fundación Cultural Santa Teresa, 1993, 1997 e 1998.

VV. AA., "Franquismo", en *Historia Social*, núm. 30,
Valencia, 1998.

VV. AA., "El primer franquismo (1936-1959)", en
Ayer, núm. 33, Madrid, 1999.

NOVIEMBRE 2000
14
dez.eme

MENOS LIVRES E MÁIS POBRES

A ECONOMÍA GALEGA NA ÉPOCA DO FRANQUISMO¹

JOÁM CARMONA BADÍA

Algun deses reciclados e non arrependidos franquistas ten xustificado en non poucas ocasións os custos que en termos de liberdades tivo aquel réxime en aras do papel que tería xogado como axente modernizador e nomeadamente industrializador de Galiza. Outros autores teñen sido moito mais críticos con aquel papel, amostrando diversas facianas do retroceso sufrido polo sector agro-gandeiro (Beiras, 1967; Bernárdez, 1998; Martínez, 2000), os problemas do sector industrial (López Facal, 1977; Nogueira, 1980, etc.) ou algunhas das dificultades do complexo marítimo durante os anos corenta e cincuenta (Paz Andrade, 1954). A vintecinco anos xa do fin do réxime vencedor na contenda civil e coa información hoxe ao noso dispor é posible facer —aínda que sexa coa brevedade á que aquí nos cinximos— un balanço do que desde o punto de vista económico significou o réxime do xeneral ferrolán para o desenvolvemento do noso país.



1. Alguns achegos xerais

A literatura histórico-económica distingue dúas grandes xeiras no período franquista, afastadas ambas polo proceso de relativa apertura que enceta a partir de 1957. A segunda xeira tería sido de crecemento moi rápido para o conxunto español, mentres que a primeira tería sido de forte estancamento, un fenómeno que nen a propia publicística franquista podía agachar, motivo polo que optou por culpar dela a toda unha reia de factores que dependían da imaxinación do autor: as destrucións da guerra, os sabotaxes do maquis, a pertinaz sequía, as manobras internacionais ben fora do comunismo, a masonería e mesmo da pérfida Albión. Estudos recentes (Barciela, 1986; Catalán, 1995) teñen demostrado a inocuidade de todos aqueles factores e como foi a propia política económica do franquismo o principal factor de atraso para a economía española de aqueles anos.

¹ NOTA DA REDACCIÓN

Por esixencia do autor, mantemos unha ortografía que non é desta revista.

A primeira e mais doada pista sobre o sentido positivo ou negativo que un período histórico poido ter para un país é a da súa evolución populacional. E, neste sentido, os anos que se estenden entre o Censo de 1940 e o de 1970 estiveron en Galiza caracterizados por dous rasgos principais. Dunha banda, un crecemento da poboación galega que podería ser calificado de pírrico: uns gaños netos de uns 90.000 habitantes sobre os case 2,5 millóns que había ao remate da guerra. Da outra, o feito de este crecemento pírrico non ser debido a unha excesiva mortalidade ou a unha baixa natalidade, senón ao maior movemento expulsor de poboación que nunca se ten dado na historia de Galiza: case 600.000 habitantes en trinta anos (López Taboada, 1996). Deste xeito, durante a época de Franco, ún de cada catro galegos tiveron que marchar, a América primeiro e a Europa moi logo, para buscar a súa vida.



Durante a época de Franco, ún de cada catro galegos tiveron que marchar, a América primeiro e a Europa moi logo, para buscar a súa vida

CADRO Nº1		
Evolución da participación da poboación e do PIB galego no total español		
	% POPULACIÓN	% PIB
1940	9,6	7,16
1950	9,3	6,62
1960	8,5	5,95
1973	7,6	5,45

Álvarez Llano (1986) e Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000)

Outra pista importante é a da evolución do total da riqueza producida, que se pode medir de moitos xeitos, sendo ún dos mais utilizados o denominado Producto Interior Bruto. Segundo este indicador a economía galega tería medrado durante os anos que foron de 1940 ao 1975, pero o fixo a un ritmo menor do que España no seu conxunto, que pola súa volta tamén medrou a un ritmo menor que o dos países do seu entorno europeo. Este menor crecemento da economía galega traducíuse nunha caída do seu peso dentro da española durante a época da dictadura, tal e como se pode ver no **cadro nº1**. O noso país perdera o tren da industrialización durante o século XIX, comezara a recuperar posicións no primeiro terzo do XX, e a Guerra e o franquismo frearon aquel avance (Carmona, 1996). En termos xerais, o franquismo tivo para Galiza non só uns enormes custos sociais, políticos e humanos, senón tamén económicos. Imos ver brevemente como estes custos foron en todo caso distintos nos dous principais períodos da súa historia e segundo os diferentes sectores productivos.

2. Cupos, requisas e piñeiros: Galiza e a política económica da autarquía

O remate da guerra significou unha radical mudanza nas regras de xogo que rexiran a economía española durante o primeiro



terzo do século. Dous principios agromaron axiña como rectores da nova política: unha intensa intervención do estado na vida económica e unha vontade de autosuficiencia a respecto do exterior, que os propios franquistas denominaron autarquía.

O isolacionismo exterior mancou en Galiza a varios sectores. Un deles foi a agricultura, que nos anos anteriores á guerra viña desenvolvendo un proceso de modernización baseado na compra no estranxeiro de superfosfatos e outros produtos precisos para a mellora das terras (Fernández Prieto, 1992). O peche do comercio internacional provocou unha escaseza de fertilizantes e maquinaria que fixo retroceder á agricultura galega a unha situación semellante á de corenta anos antes, forzando ás explotacións labregas a depender unicamente dos seus propios adubos e forraxes, o que é dicir a reducir substancialmente a súa integración no mercado. Outro dos sectores mancados foi a industria conserveira, un sector que vivira, desde o seu nacemento contra os comezos dos anos 1880, virada cara á exportación dos seus produtos ao tempo que importaba unha parte moi grande da folladelata que utilizaba para o envasado do peixe. A dificultade para conseguir este último produto foi un primeiro atranco que sufriu o sector, que se viu agravado polo elevado tipo de troco que o goberno estableceu para a peseta, a consêcuencia do cal as conservas galegas pasaron a estar no exterior a prezos moi superiores ás portuguesas ou norueguesas. Deste xeito, se antes da gue-

rra mais da metade da produción conserveira era destinada á exportación, agora a procura exterior esmorecía.

En realidade, todos os sectores que precisaban maquinaria ou materias primas de importación ou que disfrutaban de tradición exportadora vironse perxudicados. Pola súa banda, os sectores que se podían ver beneficiados pola falta de competencia exterior no mercado español estaban na súa maior parte localizados noutras áreas da península.

A intervención cuartelaria sobre a economía tamén foi perxudicial para Galicia. Un dos casos mais evidentes foi o da gandeiría vacuna. As necesidades de fornecemento de carne para os diversos e variados corpos militares e oficiais da época así como para as grandes capitais azoutadas pola fame durante os anos corenta fixo que as autoridades da Comisaría de Abastecimientos y Transportes dirixira os ollos á Galiza a procura de terneiras e vacas. Obligados a vender a prezos inferiores aos de mercado, sufrindo adoito requisas por parte do organismo devandito, e sen apenas forraxes para alimentar aos animais, os campesiños tenderon a vender o antes posible os xatos, de xeito que nestes anos produciuse unha mingua do peso das reses e mesmo do conxunto da cabana vacuna e porcina. O establecemento de prezos de taxa para os cereais, patacas e outros produtos do campo provocou a aparición dun importante mercado negro, ao tempo que a suma deste factor e mais da escaseza de adubos fixo que a produción agraria tardara até mediados dos cincuenta en recuperar os niveis de produción da preguerra (Beiras, 1957).

Outro dos sectores que mais se viron afectados polo intervencionismo do primeiro franquismo foi o forestal (Rico Boquete, 1995). Sendo España importadora de madeira nos anos anteriores á guerra, a falta de recursos para manter as

O establecemento de prezos de taxa para os cereais, patacas e outros produtos do campo provocou a aparición dun importante mercado negro, ao tempo que a suma deste factor e mais da escaseza de adubos fixo que a produción agraria tardara até mediados dos cincuenta en recuperar os niveis de produción da preguerra



Outro dos aspectos nos que a política industrial do réxime mancou ao sector en Galiza foi o fincapé que aquela puxo na protección e fomento da industria pesada e da enerxía

importacións fixo da repoboación forestal un importante obxectivo da política económica dos anos corenta. Para desenvolver este obxectivo foi creado no ano 1941 o Patrimonio Forestal del Estado, que mediante consorcios con diputacións e concellos debería promover a repoboación. A necesidade de presentar resultados rápidos colocou a Galiza no punto de mira do Patrimonio, pois aquí existían amplas zonas de monte, moitas delas proindiviso, situación que facilitaba a intervención. Estes montes viñan sendo explotados "en mán común" polos propios viciños, pero por mor da falta de recoñecemento destas comunidades no ordenamento xurídico viñan sendo obxecto dun progresivo proceso de intervención administrativa que tendía a asignar a súa titularidade aos concellos. Na práctica, esta intervención non se traducira na retirada do acceso aos montes para os campesiños, algo que tería ocasionado fortes liortas na época anterior á guerra, pero agora, tras da guerra, no ambiente represivo dos anos corenta, a situación era completamente distinta. Diputacións e concellos non elixidos contaban con atopar nos consorcios unha saneada fonte de ingresos e a oposición popular tiña moi reducida a posibilidade de se expresar. Máis do 14% da superficie de Galiza foi posta en menos de vinte anos nas máns do PFE e case o 10% repoboada, no

que na práctica foi un enorme proceso de expoliación das comunidades labregas nos seus dereitos ao uso dos montes, así como, dada a orientación exclusivamente productivista e a corto prazo do PFE, de extensión de especies de turno rápido en detrimento das especies tradicionais.

A intervención foi levada tamén á industria, e ás veces a multiplicación de aserradeiros ou fábricas de conservas por esta época é interpretada como un síntoma de expansión económica, cando a realidade era exactamente a contraria. En efecto, a forte procura de alimentos non perecedeiros e mais de madeira aserrada durante a guerra civil e nos intres inmediatamente posteriores pulou a creación de fábricas de conservas e aserradeiros en todos os recunchos do país, pero os mais deles con unha moi feble dotación de capital e maquinaria. Como nos anos seguintes, as materias primas eran repartidas en gran parte mediante cupos establecidos administrativamente en función do consumo dos anos anteriores, o ter un cupo convertiuse en garantía de supervivencia para empresas que en condicións normais non sobrevivirían. O resultado foi que se mantivo artificialmente elevado o número de empresas até que nos anos sesenta ao se normalizar o suministro e desapareceren os cupos, moitas daquelas empresas esmoreceron. Pero mentras se mantiveron, as outras, as empresas mais sólidas, vironse severamente eivadas porque non tiña sentido esforzarse en modernizarse técnicaamente ou aumentaren a produtividade cando os teitos á produción eran decididos administrativamente e a totalidade do fabricado era vendido independentemente da súa calidade ou variedade. No camiño, criouse unha imaxe de que Galiza era un país de pequena empresa porque os galegos eran individualistas e cousas polo estilo, cando a realidade era que aquela proliferación de pequenas empresas debía moito ao intervencionismo franquista (Carmona, 1996).

Outro dos aspectos nos que a política industrial do réxime mancou ao sector en Galiza foi o fincapé que aquela puxo na protección e fomento da industria pesada e da enerxía, tendencia que paradoxalmente favoreceu a áreas como o País Basco que na guerra se alineara coa República e perxudicou a aquelas áreas que tiñan unha especialización industrial virada cara ás industrias produtoras de bens de consumo, como era o caso de Cataluña ou da propia Galiza (Catalán, 1995). De feito, o Instituto Nacional de Industria, creado no ano 1941 como organismo reitor da política industrial española pulou moi poucas industrias novas en Galiza, limitándose a incorporar no seu grupo a algunhas xa existentes, tal como foi o caso da antiga Constructora Naval de Ferrol que pasou a formar parte da Empresa Nacional Bazán. En realidade, agora que o INI rematou o seu ciclo histórico pode dicirse que a súa contribución en Galicia foi moito mais a dun hospital de empresas que nos anos setenta salvou ASTANO, ÁLVAREZ, ou BARRERAS, que un organismo propiamente promotor de empresas novas (Carmona, 1996).

Sería en todo caso tendencioso ignorar que houbo algúns sectores que se viron favorecidos, aínda que só fora temporalmente e con fortes limitacións, pola política

económica do primeiro franquismo. Unha parte do sector pesqueiro foino, por exemplo, a traveso da política de crédito que instaurou a Ley de Crédito Naval de 1939 pola que a construción das embarcacións mais modernas e de maior tamaño podía recibir créditos a longo prazo e xuros reducidos. Aínda que a maior parte do sector ficou fora do acado do Crédito Naval, houbo un segmento importante de él que sí que se viu beneficiado, e a súa influencia na expansión da flota galega a Grand Sole e Terranova nos anos corenta e cincuenta debeu non pouco a aquelas facilidades (Giráldez, 1997). A forte procura de buques beneficiou aos estaleiros, de xeito que a maior parte do período que discorre entre 1940 e 1957 foi favorable para os constructores navais galegos. En todo caso, o crecemento destes dous sectores estableceu un modelo de expansión pesqueira baseado na ampliación territorial da nosa flota de altura e do abandono da baixura e o marisqueo á súa propia sorte que tiveron nos anos seguintes fortes custos sociais, ambientais e económicos.

3. Os anos do "desarrollismo" (para moitos, desde Alemania)

A relativa dulcificación do intervencionismo e a lixeira apertura exterior que comenza a finais dos anos cincuenta permitiron a España incorporarse, tarde e dun xeito incompleto, ao auxe económico que dende unha década antes vivía a Europa occidental. Galiza tamén experimentou os efectos da expansión económica, pero en todo caso con dúas matizacións. A primeira delas, a de que o seu crecemento económico durante os anos sesenta foi menor que o do conxunto español, de xeito que en vísperas da crise do petróleo os nosos indicadores económicos non amosaban un cambio de tendencia na xa crónica perda de peso da nosa economía. A segunda matización é a de que varios dos principais proxectos industriais que callarían nos anos sesenta

Xa que logo o franquismo non só non fixo ningunha cop... Sería en todo caso tendencioso ignorar que houbo algúns sectores que se viron favorecidos, aínda que só fora temporalmente e con fortes limitacións, pola política económica do primeiro franquismo





foran formulados xa contra os anos 1955 a 1957 polo que cabería referí-los a outros factores como a disponibilidad dunhas mellores condicións de suministro de electricidade mais que propriamente á apertura económica.

A imaxe de modernidade que a industria do automóvil ou algunhas intensivas en enerxía imprintan no panorama dos sesenta agacha ás veces o feito de que se ben é certo que aqueles anos presenciaron unha certa diversificación da nosa base industrial, tivo ésta un relativamente reducido efecto na xeración de emprego polo feito de seren a maior parte das novas industrias intensivas mais en enerxía e capital que en traballo e mais porque a creación de industrias de cabeceira como petróleo, celulosa ou aluminio non viñeron acompañadas por outras complementarias que pecharan os seus ciclos productivos (López Facal, 1977). Como ademais e a carón destas novas industrias que medraron houbo outras tradicionais (coiro, madeira, unha parte de conserva) que perderon a maior parte do seu emprego, o resultado neto foi a creación de pouco mais de 30.000 empregos de xeito que só un de cada dez galegos dos que abandonaron a agricultura tiveron acougo na industria entre 1960 e 1975. E aínda que a construción e os servizos ofreceron mais emprego novo que a industria, a emigración

a Europa convertiuse para aqueles no seu principal destino.

A agricultura foi en realidade a gran protagonista das mudanzas económicas e sociais dos anos sesenta en Galiza (Colino e Pérez Touriño, 1983; López Iglesias, 1996). En primeiro lugar porque a súa poboación ocupada reduciuse nos derradeiros quince anos do franquismo nada menos que nun 40%, mais de 300.000 persoas deixaron o sector primario entre 1960 e a morte do dictador. En segundo lugar, porque a partir de remates dos cincuenta, a agricultura galega retoma o proceso de apertura ao mercado que eivara a guerra civil, de xeito que en só unha década pasa de depender para case todo do producido na propia explotación a comprar no mercado fertilizantes, maquinaria, forraxes e a maior parte dos elementos precisos para o exercicio da súa actividade productiva. Dentro deste último renglón, consolídase a especialización gandeira con unha nova orientación leiteira que trata de satisfacer o enorme aumento da procura de leite derivado do crecemento da renta e da urbanización que se produce en España nos anos sesenta.

A carón da agricultura, foi probablemente o complexo pesqueiro o que mais se transformou durante os anos sesenta. O protagonismo deste novo pulo correspondeu ao nacemento dunha nova flota, a conxeadora que amplía aos mares do mundo o seu radio de actuación, e ao éxito na comercialización dun novo produto, o peixe conxeadado, que se sitúa en media ducia de anos en todas as cidades e vilas españolas. Atrás, ficaba sen embargo, todo un segmento tradicional da flota que adiou a modernización até moitos anos mais tarde, así como un sector marisqueiro que fronte ao tirón da procura dos anos sesenta non achou un marco regulador que lle permitira aquelar a conservación dos recursos e o esforzo por satisfacer a procura, de feito que acabou por exercer un efecto depredador de difícil arranxo.

A carón da agricultura, foi probablemente o complexo pesqueiro o que mais se transformou durante os anos sesenta

Nada evidencia tan ás claras o carácter limitado do desempeño económico de Galiza durante os anos sesenta como a aparente paradoxa de ser daquela cando as cifras de emigración coñecen os seus máximos históricos. Entre 1963 e 1974 abandonan Galiza unhas 400.000 personas; delas dirixense a outras partes de España unha quinta parte, outro quinto vai cara aos países latinoamericanos, tradicionais receptores xa da nosa emigración, pero as tres quintas partes van agora a Europa. Esta emigración galega foi, a traveso dos aforros enviados a Galiza, ún dos principais compoñentes das remesas que permitiron —a carón dos ingresos do turismo— financiar o desenvolvemento económico español dos anos sesenta. O que aconteceu foi que as entidades de crédito, forzadas a investir unha parte dos seus recursos nos denominados valores privilexiados, na súa maior parte empresas ubicadas en Madrid, Bilbao ou Barcelona, drenaron cara ao exterior unha importante parte deles que poderían ter xogado un interesante papel propulsor para a industria galega.

Se o franquismo aproveitara o marco autoritario para reformar as estruturas agrarias e o INI para criar e completar os ciclos productivos da industria galega, teríamos que aceptar que os elevados custos sociais e políticos —tampouco así en ningún caso aceptables— tiveran algunhas compensacións. Pero nen ao pasamento do dictador concentráranse as explotacións agrícolas nen o INI tivera unha intervención relevante en tal sentido. Xa que logo o franquismo non só non fixo nengunha contribución relevante á modernización económica de Galiza, senón que ademais a súa política isolacionista e intervencionista da postguerra provocou un parón no proceso de crecemento e diversificación da nosa base económica en curso contra os anos anteriores á guerra, un parón que non compensou en termos relativos o crecemento dos anos sesenta. Desde un punto de vista

ambiental significóu ademais unha enorme expropiación campesíña de montes para a plantación de especies de crecemento rápido e de vales a asulagar en encoros que a vista de páxaro son a primeira impresión que o viaxeiro recibe de Galiza. •

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez Llano R. (1986), “Evolución de la estructura económica regional de España en la historia: una aproximación”, *Situación*.

Barciela, C. (1986), “Los costes del franquismo en el sector agrario. Introducción”, en Garrabou, Barciela e Jiménez Blanco (eds.), *Historia agraria de la España contemporánea*, vol. 3, Barcelona.

Beiras, X. M. (1967), *El problema del desarrollo en la Galicia rural*, Vigo.

Bernández Sobreira, A. (1998), “A evolución do sector pecuario na Galicia contemporánea: especialización productiva e mercantilización na sociedade rural (1865-1996)”, *Semata*, 9, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.

Carmona, J., (1996), “La economía del siglo XX: una panorámica”, *Papeles de Economía Española. Comunidades Autónomas. Galicia*.

Catalán, Jordi (1995), *La economía española y la segunda guerra mundial*, Barcelona .

Colino, X. e Pérez Touriño, E. (1983), *Economía campesíña e capital. A evolución da agricultura galega, 1960-1980*, Vigo, Galaxia.

Fernández Leiceaga, X. e López Iglesias, E. (2000), *Estructura Económica de Galiza*, Vigo.

Fernández Prieto, L. (1992), *Labregos con ciencia*, Vigo, Xerais.

Giráldez, J., (1997), *De las rías a Terranova: la expansión de la pesca gallega (1850-1950)*, Vigo.

López Facal, X. (1977), *Desarticulación y dependencia industrial en Galicia*, Santiago.

López Iglesias, E. (1996), *Movilidad de la tierra y dinámica de las estructuras agrarias en Galicia*, Madrid, Ministerio de Agricultura.

López Taboada, X.A. (1996), *La población de Galicia, 1860-1991*, A Coruña.

Martínez, Alberte (2000), “La ganadería gallega durante el primer franquismo: crónica de un tiempo perdido, 1936-1960”, *Noticiero de Historia Agraria*, nº20.

Nogueira, C. (1980), “Evolución histórica e estrutura sectorial da economía industrial”, en *O poder industrial en Galicia*, Vigo, Xerais.

Paz Andrade, V. (1954), *Producción y fluctuaciones de las pesquerías*, Madrid.

Rico Boquete, E. (1995), *Política forestal e repoboações en Galicia (1941-1971)*, Santiago.

Xa que logo o franquismo non só non fixo nengunha contribución relevante á modernización económica de Galiza, senón que ademais a súa política isolacionista e intervencionista da postguerra provocou un parón no proceso de crecemento e diversificación da nosa base económica

JOÁM CARMONA BADÍA

CATEDRÁTICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REPRESIÓN FRANQUISTA

MARÍA XESÚS SOUTO BLANCO


Contaba Santiago Ramón y Cajal que Mr. Billings, sabio bibliotecario de Washington, angustiado pola tarefa de clasificar miles de folletos onde, con diverso estilo, se relataban os mesmos feitos ou se expoñían verdades sabidas, aconselláballes a escritores científicos a submisión, entre outras regras, a unha primeira fundamental: *ter algo novo que dicir*. Aínda que cada xeración escribe a súa propia historia, intentar responder a unha das preguntas máis reiteradas sobre a Guerra Civil e o feito represivo en si mesmo, “¿como foi posible tanto horror, crueldade e morte?”, sería retórico. Aínda que non o consideramos un asunto banal, resulta moi difícil achegar algo novo a un tema tan debatido incluso noutros contextos por historiadores clásicos que, dotados dunha grande intuición, a penas deixaron nada que engadir ós principios xerais polos que se acostuma rexer a conducta do home. Obras como *La Guerra del Peloponeso*, de Tucídides, son manuais de ciencia política nos que as súas leis xerais valen para calquera tempo e lugar se se ten en conta que “a natureza humana é sempre a mesma”. Os seus métodos son válidos para analizar e comprender calquera feito posterior que responda a idénticos fundamentos, como podemos comprobar nas seguintes pasaxes:

Se produxeron muchos horrores en las ciudades durante la guerra civil, horrores que se dan y se darán siempre mientras sea la misma naturaleza humana, más violentos o atenuados y diferentes de aspecto según la modificación de las circunstancias que se de en cada caso.

[...] no sólo se atrevieron a las mayores atrocidades, sino que incluso llegaron a venganzas aún mayores, no ateniéndose a lo justo y conveniente para la ciudad, sino poniendo el límite donde apetecía a cada bando en esa ocasión; y haciéndose con el poder mediante sentencias injustas o por la fuerza, estaban prestos a satisfacer sus ansias de rivalidad y poder.

[Tucídides, *La Guerra del Peloponeso*, Libro III, 82].

A Guerra Civil, como afirma Julio Aróstegui, desencadeouse debido á **incapacidade** de determinados grupos sociais e de políticos e gobernantes dispostos a resolver desde a acción e con acerto suficiente, o conflito polivalente que a sociedade española arrastraba desde algúns decenios antes. Esta forma de resolver los problemas mediante a violencia, enche de significado o dito por Shakespeare en *La Tempestad*: “no des rienda suelta a tus ape-





titos, los juramentos más fuertes son paja para la hoguera de la sangre”. Paixóns humanas como o resentimento e a envexa pesaron máis cá razón na persecución das xentes e encubríronse moitas veces en función dos fins que se propoñían. Podemos, unha vez máis, acudir a Tucídides:

Trastornada ... la vida de la ciudad, al triunfar sobre las leyes la naturaleza humana, esta, que suele faltar a la justicia al margen de ellas, con gusto se manifestó incapaz de dominar sus pasiones, por encima de lo justo y enemiga de lo superior; pues no hubieran antepuesto la venganza a lo sagrado, y el lucro a evitar la injusticia, si la envidia no hubiera tenido una fuerza nociva.

[*Ibidem*, Libro III, 84]

Sen embargo, no proceso represivo desencadeado a raíz da Guerra hai especialistas destacados como Aróstegui, Santos Juliá ou Reig Tapia, que distinguen nel varias asimetrías. É dicir, os designios, as orixes mesmas, os instrumentos e os procedementos nunha e outra zona foron distintos. Concordamos con Aróstegui cando afirma:

... la represión franquista continuó produciendo enfrentamientos y muertes

muchos años después de la guerra civil por lo que considerada en su conjunto es superior a la republicana.

[...] Al desencadenarse la guerra, las víctimas de la represión que se produjeron en la República lo fueron generalmente al margen de toda ley, de forma explosiva, producto de fuerzas que el Estado republicano no controlaba y que eran manifiestamente el resultado de una erupción de odio de clase de las poblaciones tradicionalmente subordinadas en lo social y económico, exacerbado por el hecho mismo de la rebelión. En el campo rebelde se produjo esa misma erupción en sentido contrario, movida aquí por el miedo a la pérdida de sus privilegios por parte de las viejas clases dominantes.

[...] En la República se fue hacia la creación de una *Justicia de Guerra* cuya institución más notable fue la de los Tribunales Populares. La República nunca aplicó la justicia militar en sentido estricto a la represión.

En el campo rebelde la remisión de todo tipo de juicio político a la justicia militar continuó siendo el procedimiento habitual, dado que el estado de guerra fue decretado desde el primer momento de la sublevación. De ahí se dedujo la imposición de un terror sistemático bajo capa jurídico-militar, en el que el fusilamiento tras juicio sumarísimo fue común, con las leyes de guerra que se aplicaban a personas que no tenían formalmente otro delito que su oposición o rebelión o su militancia en movimientos políticos o sociales opuestos a ella.

[*La Guerra Civil, 1936-1939*.

La ruptura democrática, Ed. Historia 16, vol. 27, Madrid, 1996, páx. 108]

Non é difícil especificar no caso da provincia de Lugo —a directamente estudiada por nós— o apuntado respecto á represión franquista, aínda que os aspectos cuantitativos exactos seguen sen estar de todo claros, por causas que tamén explicaremos. Pero

Paixóns humanas como o resentimento e a envexa pesaron máis cá razón na persecución das xentes e encubríronse moitas veces en función dos fins que se propoñían

antes de expoñe-la nosa persoal contribución a ese estudio, revisaremos brevemente a historiografía sobre o tema, mencionando historiadores insignes que abriron camiños neste campo.

A produción historiográfica sobre a Guerra Civil, Franco e o franquismo que merece ser tomada en conta procede de especialistas consagrados que publicaron documentadas obras de conxunto como Javier Tusell Gómez, Manuel Tuñón de Lara e Julio Aróstegui. Non podemos esquecer a presenza do hispanismo anglosaxón, con Hugh Thomas, Gabriel Jackson, Southworth, Raymond Carr, Stanley Payne, Preston, ou dun dos historiadores máis sobranceiros do hispanismo francés, Pierre Vilar. Nunha liña historiográfica totalmente distinta, pro-franquista, e con severas censuras dos especialistas polo estilo e métodos utilizados (desenfoques, unilateralidades), estarían Ricardo de la Cierva e Luis Fernández Suárez. O balance segundo historiadores como José Manuel Cuenca Toribio, “semeja no ser muy satisfactorio”, xa que bota en falta unha gran síntese que recolla adecuadamente o estado da cuestión e debuxa con precisión unha sólida panorámica de tódolos aspectos da contenda.

En canto á represión, empezaremos mencionando o nome de Ramón Salas Larrazábal, co seu discutible libro *las Pérdidas de la Guerra*, no que numerosos historiadores puxeron de relevo deficiencias e vacuidades metodolóxicas e estatísticas (empregou o método de reconto de falecidos nos rexistros civís, partindo do suposto de que tódolos falecidos foran inscritos), aínda que como estudio global e madrugador (1977) debe ser destacado. Desde esa perspectiva global sobresaen os libros de Reig Tapia, *Ideología e historia: sobre la represión franquista y la guerra civil*, e *Violencia y Terror. Estudios sobre la Guerra Civil Española*.

Sen embargo, a investigación da historia da Guerra Civil incide hoxe no estudio de espazos rexionais ou locais, sobre todo no que se refire á represión, onde o panorama de futuro é máis prometedor (os arquivos aínda gardan segredos). Destacan os pioneiros Josep Solé y Sabaté, Joan Villarroya i Font e Josep Benet sobre a represión franquista en Cataluña; Francisco Moreno Gómez e Arcángel Bedmar sobre a provincia de Córdoba; Juan Ortiz Villalba e Alfonso Lazo sobre Sevilla; Francisco Espinosa Maestra sobre Huelva; Francisco Cobo Romero sobre Xaén; Encarnación Barranquero Texeira e Antonio Nadal sobre Málaga; Fernando Romero Romero sobre Cádiz; Ortiz Heras sobre Albacete; o equipo de Julián Casanova e Ángela Cenarro sobre Aragón; Hernández García e María Cristina Rivero Noval sobre A Rioxa; Julián Chaves Palacios e Jacinta Gallardo Moreno sobre Extremadura; José Luisa de la Granja e o padre Juan José Usabiaga Irazustabarrena sobre o País Vasco; Vicente Gabarda Cebellón sobre Valencia; Ors Montenegro sobre Alacante; Encarnación Nicolás Marín sobre Murcia; María Xesús Souto Blanco sobre Lugo e Luis Lamela García sobre A Coruña. Finalmente cabe mencionar, baixo a coordinación de Santos Juliá, a obra *Víctimas de la Guerra Civil*, de recente publicación (1ª ed.: marzo 1999), que é unha síntese a partir da abundante investigación local na que, a pesar do



A investigación da historia da Guerra Civil incide hoxe no estudio de espazos rexionais ou locais, sobre todo no que se refire á represión

seu carácter colectivo, faltan algúns estudos mencionados antes.

Ó acomete-la cuestión das vítimas da represión franquista, comprobamos que o problema das cifras avanza a medida que van aparecendo estudos monográficos como os sinalados, apoiados en traballos de campo, nos que se consultaron arquivos antes vedados á investigación (municipais, privados, penitenciarios, gubernativos, rexistros civís, libros de cemiterio, militares –non sempre–). A obra de síntese coordinada por Santos Juliá ofrece os resultados dos estudos de vinte e catro provincias investigadas completamente (Alacante, Almería, Asturias, Barcelona, Cáceres, Castellón, Córdoba, Xirona, Granada, Huelva, Huesca, A Rioxa, As Palmas, Lleida, Málaga, Navarra, Sevilla, Soria, Tarragona, Tenerife, Teruel, Toledo, Valencia e Zaragoza), que suman 72.527 fusilados polo franquismo (nestas mesmas provincias sinalábase que os cálculos de Salas Larrazábal non chegaban á metade, 34.250), ós que habería que engadir 8.568 correspondentes ó estudio parcial de cinco provincias máis (Albacete, Badaxoz, Cidade Real, Xaén e Madrid). En definitiva, os autores desta obra chegan á seguinte conclusión:

... la línea de investigación histórica parece claramente definida: los datos tradicionales son casi siempre corregidos al alza, en cuanto a la represión franquista,

y corregidos a la baja, en cuanto a la represión republicana. Esta última, cifrada por historiadores del régimen en unos 70.000, no debió superar las 50.000, según las revisiones actuales. Y la represión efectuada por Franco, infravalorada en unos 57.000 hasta ahora, se está revelando mucho más cuantiosa. Si en la mitad de las provincias ya se conocen 72.527 fusilamientos (guerra y posguerra), habría que pensar en el doble para la totalidad de España.

A avaliación das vítimas segue sendo unha cuestión moi controvertida, debido á dificultade para o seu estudio sobre todo na zona sublevada, como poñen de manifesto tódolos historiadores, xa que os datos cuantitativos foran ocultados ou falseados. As cifras calculadas a partir do Instituto Nacional de Estadística non son fiables en absoluto, igual cós rexistros civís. Só unha parte das mortes aparecen inscritas e, nas que figuran, normalmente falséanse ou disfrázase a causa real da morte baixo os epígrafes de “hemorragia”, “encefalitis traumática”, “fractura de cráneo”, “parálisis vulvar” (sic), etc. Por tanto, é preciso cotexar estas fontes con outras, como as carcerarias, militares, sanitarias, hemerográficas, de asociacións..., para obter unhas cifras o máis fiables posible. Acerca dos motivos desta ocultación, a historiadora Conxita Mir considera que era debido a cuestións de estratexia política, no intento de evita-la mala imaxe ou publicidade negativa que o coñecemento real do número de vítimas podía ocasionar ó réxime franquista. Particularmente defendemos que ademais desta evidente razón, o falseamento das causas de morte sería proba dunha “mala conciencia” por parte das autoridades franquistas, sabedoras da inxustiza que estaban a cometer. Por exemplo, en Lugo a represión non tiña razón de ser (foi moi severa a pesar do relativamente baixo número de vítimas), xa que a oposición ó réxime foi escasa e localizada. Tucídides resulta de novo ilustrativo neste sentido:

A avaliación das vítimas segue sendo unha cuestión moi controvertida, debido á dificultade para o seu estudio sobre todo na zona sublevada



Los que causan mal sin motivo llegan hasta la aniquilación por prever el peligro que hay en el enemigo que sobrevive, pues el que recibe un daño gratuitamente, si escapa, es más duro que un enemigo con quien se está parejo.

[*La Guerra del Peloponeso*, Libro III, 40]

En calquera caso, segundo sinala Preston no prólogo ó libro de Michael Richards, *Un tiempo de silencio*, o Ministerio de Xustiza reconeceu que, entre 1939 e 1944, arredor das 190.000 persoas foran executadas ou morreran en prisión. Este historiador recalca que aínda as investigacións máis conservadoras manexan cifras nunca inferiores a cinco díxitos.

Máis alá do mero relato das vítimas (encarcerados, desterrados, depurados, exiliados ou mortos) que produciu cada bando, existe outra cuestión esencial no feito represivo en si mesmo, á que tratan de responder con maior ou menor amplitude as obras sinaladas, e é *cómo* se produciron e, fundamentalmente, *por qué*. En liñas xerais, como xa se apuntara e como di Santos Juliá, “en la zona insurgente, la represión y la muerte tenían que ver con la construcción de un nuevo poder; en la leal, la represión y la muerte tenían que ver con el hundimiento de todo poder.”

No referente a Galicia (as vítimas non están incluídas no relato da obra de Santos Juliá) temos que dicir que salvo para a provincia de Lugo no período 1936-1940, o resto de estudos son parciais. Con todo, destaca Luis Lamela García, que no seu libro *Estampas de injusticia. La Guerra Civil del 36 en A Coruña y los documentos originarios de la represión* (Edicións do Castro, 1998), localizou na Coruña para o período estudiado por el directamente: 20.07.36 a 6.04.37, xullo do 37 e o 9.10.37, un total de 255 vítimas, nunha obra anterior, *Inmolados Gallegos*, tamén realiza este tipo de estu-



dios, pero para períodos de tempo demasiado curtos.

Centrándonos no desenvolvemento da Guerra Civil e inmediata posguerra na provincia de Lugo, á que dedicámo-la publicación de dous libros: *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)* e *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940). La corrupción y la lucha por el poder* (Edicións do Castro, 1998 e 1999 respectivamente), diremos que existen dúas formas de comportamentos ilícitos que revisten unha particular gravidade política nun réxime constitucional e que, sen embargo, polo menos nos primeiros anos, cimentaron o réxime de Franco na provincia lucense:

1. Aqueles delitos que implican violacións dos dereitos fundamentais, como o uso ilexítimo da violencia pública, a represión.
2. A corrupción, é dicir, a actuación dun axente público motivada por unha recompensa económica indebida.

Durante o primeiro franquismo, os lucenses foron obxecto non só de **violencia**, senón tamén de **inxustiza** (o que podía resultar aínda máis doloroso), xa que o estado de superioridade dos gobernantes era tal que, se estes incorrían en comportamentos ilícitos, os cidadáns non podían esperar que fosen sancionados.

As deficiencias na documentación consultada (fichas persoais sanitarias de defuncións e as inscricións de falecementos no Rexistro Civil), obríganos a presentar

Máis alá do mero relato das vítimas (encarcerados, desterrados, depurados, exiliados ou mortos) que produciu cada bando, existe outra cuestión esencial no feito represivo en si mesmo, e é *cómo* se produciron e *por qué*

unhas cifras provisionais de 625 vítimas, o 0,12 % da poboación aproximadamente, das que 168 serían mortes sumariais, decretadas tras un Consello de Guerra (incluídas as dos non domiciliados en Lugo), 416 de carácter irregular (*sacas, paseos*) e 41 de falecidos nos cárceres ou trala súa condución ó hospital.

A maior parte das vítimas coñecidas eran persoas comprometidas política ou socialmente co réxime republicano: militantes de partidos burgueses de esquerdas, de sindicatos de clase, persoas que ocupaban cargos de responsabilidade ou que foron acusadas de opoñerse ó *Movimiento* activamente, a través das armas, converténdose algúns en fuxidos ou “bandoleiros” para as autoridades franquistas, é dicir *guerrilleiros*. Dado o carácter irregular da maior parte das execucións e que moitas vítimas eran abandonadas en Lugo, pero estaban domiciliadas nas provincias limítrofes, descoñecemos nunha alta porcentaxe o porqué destas mortes. Ó non mediar proceso xudicial de ningún tipo, nin atopa-la filiación político-social desas persoas nos rexistros de asociacións, as causas destas mortes escápanse nos, sen que se poida desbota-lo rancor, a envexa, ou que fosen o resultado de operacións de limpeza nas zonas onde actuaban os guerrilleiros e que se trate de familiares ou enlaces destes. Un exemplo témolo no concello de Castroverde (Lugo). José Millares Freire, desertor, foi acusado de poñerse en contacto cunha partida rebelde que roldaba por aqueles contornos e de asistir a unha reunión que estes tiveron en Montecubeiro, na que se acordou, segundo as autori-

dades franquistas, ataca-la forza pública e asasinar significados membros de FET-JONS da comarca. Esta agresión verificouse ós cinco ou seis días, falecendo a consecuencia dela un brigada e un garda civil. José Millares Freire foi executado por esta acción, aínda recoñecendo as autoridades militares que non se probara que tomara parte nela. Pero houbo consecuencias aínda máis graves, xa que polas mesmas datas, e supoñemos que por igual causa, producíronse varias execucións de veciños da parroquia de Montecubeiro. En outubro de 1937, oito faleceron por “órdenes militares”, segundo consta na documentación de Sanidade tratábase, polos apelidos, de familiares de directivos dunha asociación denominada “Unión de Labradores de Montecubeiro”. Aínda en 1940, producíanse numerosas actuacións de represalia similares, por exemplo, a levada a cabo tralo asasinato do dirixente de FET-JONS, José Viador Tra-seira, ocorrido na tarde do 07.04.1940 cando este regresaba dacabalo ó seu domicilio, sito nun terreo que adquirira nun lugar de Fraga-Vella, termo de Abadín, no punto denominado Pico da Lebre, desde onde recibiu un disparo a queimarroupa, que lle produciu unha ferida na cabeza e a morte. Segundo o informe inicial do xefe provincial de FET-JONS de Lugo, Ramón Ferreiro, descartábase todo matiz político no asasinato:

...dándose como hipótesis más segura la de estar relacionada la muerte con malquerencia nacida de la defensa de derechos de propiedad sobre la finca adquirida por dicho Camarada contra los abusos de los habitantes de las comarcas cercanas que desde hace años venían apropiándose torticeramente de los pastos y leñas de la misma.

[Archivo General de la Administración de Alcalá de Henares, Fondo Presidencia. Secretaría General del Movimiento. Delegación Nacional de Provincias, Caixa 39, Sig. Topográfico: 52/07-08]

Dado o carácter irregular da maior parte das execucións e que moitas vítimas eran abandonadas en Lugo, pero estaban domiciliadas nas provincias limítrofes, descoñecemos nunha alta porcentaxe o porqué destas mortes



Esta interpretación provocou unhas represalias desproporcionadas e que evidencian os métodos expeditivos das autoridades á hora de resolver este tipo de actos:

Actúa el Juzgado militar con la colaboración de suficientes fuerzas de la Guardia Civil y treinta soldados de Infantería. El Gobernador Militar ha impuesto veinticinco mil pesetas de multa a cada una de las cinco parroquias limítrofes con la finca, a cuyos vecinos se suponía interesados colectivamente en la muerte de nuestro camarada. Dicha multa, impuesta de modo verbal y unida a la amenaza de proceder a la incautación del ganado propiedad de los habitantes de aquella comarca, será muy eficaz para lograr que los no comprometidos declaren cuanto sepan en relación con tal asunto.

Se han efectuado ya gran número de detenciones.

[Ibidem]

Non puidemos comprobar se se levaron a cabo outras operacións de limpeza como a descrita en Montecubeiro, ó non existir fichas sanitarias de defuncións para o concello de Abadín en 1940, aínda que non son descartables dada a severidade con que actuaron os militares neste asunto.

En calquera caso, para valorar globalmente a represión franquista en Lugo,

debemos ter en conta que o único cuantificable son os efectos físicos e económicos, é dicir, a realidade histórica. Neste sentido, Lugo non destacou respecto a outras zonas de España, máis ben o contrario, pero qué dicir do ambiente, ¿como se poden valora-los efectos morais e psicolóxicos da privación social con que ademais se humillou e explotou os vencidos? Franco impuxo unha política de autosuficiencia económica e de autarquía, que orixinou un desastre económico e social, provocando a emerxencia dun mercado negro, o estraperlo, que aumentou as diferencias entre ricos e pobres, beneficiándose evidentemente, os próximos ó Réxime. Tres situacións caracterizaron a posguerra lucense: a fame, a represión e a corrupción. Prova disto é o acontecido no concello de Saviñao no ano 1946. Neste concello, o seu alcalde e a veciñanza foron acusados de adoptar unha actitude inxusta e improcedente, ó impedi-la saída de 40.000 quilos de centeo para ser moído en Pantón con destino ó concello de Monforte. Esta situación orixinouse porque Saviñao, debido á grande extensión que dedicaba ó cultivo de cereal, era un dos concellos chamados a cubri-las necesidades dese produto na provincia. Sen embargo, en 1946, ano de escaseza e pésimas colleitas en Lugo, salvo precisamente en áreas montañosas como Saviñao, xurdiu un grave conflito ó soste este concello que a produción de cereal debía destinarse exclusivamente ó seu propio consumo. O protagonismo da oposición mencionada foi das mulleres de Escairón, que en número dunhas 150:

soliviantadas porque el Antonio López González, (a) el 'Picante' [fabricante de harinas de Pantón], díjoles ostentativamente (sic), tal vez en un arranque de genio y despecho por la actitud de aquellas, 'que se llevaría el grano por encima de todo aunque lo estraperlara, pues para conseguir su molturación se había gas-

Para valorar globalmente a represión franquista en Lugo, debemos ter en conta que o único cuantificable son os efectos físicos e económicos, é dicir, a realidade histórica



1 El castigo de un pecado

Al principio no había gente, ni pueblos, ni caminos, ni muebles, ni ropas.

Al principio no había más que montes y bosques, y ríos y campos grandísimos, llenos de fieras y animales salvajes.

Dios hizo al primer hombre y a la primera

mujer que hubo en el mundo, que se llamaban Adán y Eva, y los puso en un huerto hermoso, en el Paraíso Terrenal. Pero ellos fueron malos y el Señor los echó.

Y Adán y Eva y sus hijos y sus nietos y todos los hombres primitivos tuvieron que irse por el mundo a trabajar para comer.



...SUCESOS PARA EL TRABAJO.—Eran y empezaron a salir la vida de seres sencillos antes de aparecer el hombre. Retardar esta narración que los acontecimientos sucesivos que vivió el mundo.

...SUCESOS PARA EL TRABAJO.—Eran y empezaron a salir la vida de seres sencillos antes de aparecer el hombre. Retardar esta narración que los acontecimientos sucesivos que vivió el mundo.

tado muchas pesetas', —distintas versiones hacen oscilar esta cantidad entre 4 y 7000 pesetas—, esto y estar considerado dicho fabricante como estraperlista en gran escala, fue sancionado y enviado seis meses a un batallón de trabajadores, hizo que las mujeres de Escairón, adoptasen la actitud violenta de impedir saliese el camión y descargarlo ellas mismas.

[Archivo Histórico Provincial de Lugo, sección Gobierno Civil-corporaciones, atado 121, data 03.05.1946]

Os homes e o alcalde limitáronse a ser “meros espectadores”. Na tarde dese mesmo día, as mulleres, tras avisalas outras das parroquias veciñas a Escairón, conseguiron formar unha agrupación dunhas 400 a 500, que se mantiveron nas inmediacións do almacén e obtiveron do alcalde a promesa de que faría xestións para que o gran quedase en Escairón.

Ó día seguinte, o citado Antonio López González presentouse con 14 gardas civís ó mando dun capitán, para proceder á operación de recolleita do gran. Novamente as mulleres de Escairón interviñeron, e xunto cun grupo de nenos “a gritos pedían pan porque tenían hambre y daban voces de ‘queremos que nos entreguen al Picante, que se lleva el pan para estrapelar’” [*Ibidem*, informe 4.05.1946 da Comisaría do Corpo Xeral de Policía de Lugo sobre sucesos ocorridos en Escairón o 2 de maio]. De nada serviu esta actitude, xa que finalmente o gran se cargou con normalidade.

Para o franquismo, o uso ilexítimo da violencia e a corrupción non supoñía un verdadeiro problema, nin xurídico, nin político. Isto é así debido, sobre todo, ó feito de que o respecto mesmo á legalidade, por parte daqueles, non constituía un valor que había que salvaguardar.

Aínda que, ás veces, formalmente proclamaran o contrario, sempre antepoñían a consecución dalgún obxectivo supremo (loita contra a subversión vermella) á observancia da legalidade, incluso a imposta por eles mesmos. Por exemplo, no concello de Cervantes existían dúas familias influíntes que se disputaban o poder local, a dos Cedrón e a dos Rosón. Coa chegada do franquismo, os Cedrón desbancaron os Rosón da xestora municipal, comezando así unha serie de enfrontamentos entre ámbalas dúas. As máximas autoridades gobernativas franquistas decidiron finalmente mante-la familia Cedrón na alcaldía fronte ás protestas dos Rosón, porque descubriron que o cabeza desta tiña un pasado político vinculado ó partido de Unión Republicana durante a República. Na súa decisión de confirmalo apartamento do membro da familia Rosón da alcaldía non contaron para nada as denuncias probadas e documentadas pola Garda Civil do seu uso ilexítimo da violencia e do seu comportamento corrupto sendo xefe local de Falange cos habitantes de Cervantes; só se tivo en conta a súa relación cun partido considerado de esquerdas e republicano, o outro parece que non importou. A legalidade só posuía, no mellor dos casos, un puro valor instrumental para as autoridades franquistas. Na nosa provincia isto reflíctese no acontecido con dúas altas personalidades franquistas: un laureado militar de elevada graduación, o xeneral Tella, e un non menos destacado xerarca da Falange, Mario González Zaera. Ámbolos dous, segundo a documentación franquista que manexamos, atopábanse incurso en supostos de corrupción (e o segundo ademais de violencia pública) bastante graves, pero, a pesar de ter coñecemento deles, non se lle puxo couto, nin foron xulgados penalmente ata que, segundo as autoridades franquistas, cometeron actos políticos de traizón cara o propio Franco, un por negarse a acatalo Decreto

A legalidade só posuía, no mellor dos casos, un puro valor instrumental para as autoridades franquistas. Na nosa provincia isto reflíctese no acontecido con dúas altas personalidades franquistas

de Unificación e o outro por estar envolto nunha conspiración para restaurar a Monarquía. Nese momento foi cando saíron á luz aqueles supostos de corrupción, utilizados para anular politicamente ámbalas personalidades.

O dito ata agora non quere dicir que o réxime franquista non estivese dotado de mecanismos especificamente destinados a combater os comportamentos ilícitos dos cargos públicos. Sen embargo, o significado político deses mecanismos é profundamente distinto do imperio da lei propio dos réximes constitucionais. Entre a documentación governativa que consultamos, con frecuencia aparecía a figura dun funcionario encargado da inspección (case sempre a raíz dun conflito), que redactaba un informe, do que se podían derivar responsabilidades penais para algún gobernante, pero case nunca chegaba a concretarse en actuacións xudiciais (todo o máis, se interesaba, nun cese) e ademais, o proceso informativo de recollida de datos prestábase a toda clase de vinganzas persoais e maledicencias.

A finalidade máis evidente deste mecanismo era servir de control interno da estrutura político-administrativa e, en consecuencia, dos axentes da periferia, dos caciques, no caso de Lugo. Dicimos isto porque trala análise das elites locais comprobamos que o réxime franquista se constituíu no período estudado reciclando unha gran parte dos “vellos políticos”, uns sobreviventes da Restauración, da dictadura de Primo de Rivera, ou nalgúns casos da República (como nos concellos do partido xudicial de Chantada, Antas de Ulla neste sentido resulta paradigmático), e que agora revestidos dun falso apoliticismo (xa que este era o ideal propugnado na lexislación para o nomeamento dos cargos públicos, e que temos que dicir que poucas veces se cumpría, por exemplo, tódolos membros da xestora da Deputa-



ción provincial de Lugo ocuparan cargos de responsabilidade política durante a Restauración ou a dictadura de Primo de Rivera) ou revestidos, diciamos, eses vellos políticos de falso falanxismo, ocuparon o espazo político ó que os camisas vellas de Falange crían ter lexítimo dereito.

Isto, evidentemente, provocou enfrontamentos entre ámbolos bandos (na capital lucense, Mondoñedo...), dos que, polo menos neste período, saíron triunfantes os vellos políticos, xa que a maioría estaba moi ligada ó catolicismo social e, polo tanto, ós párrocos, e tamén ás forzas da Garda Civil instaladas na súa zona de influencia, que emitían informes favorables, que eran privilexiados polas autoridades do Ministerio do Interior franquista fronte ós que achegaba Falange.

Para rematar, temos que dicir que o noso estudo constituíu unha contribución inicial e que aínda queda moito por investigar deste fenómeno. •

Trala análise das elites locais comprobamos que o réxime franquista se constituíu no período estudado reciclando unha gran parte dos “vellos políticos”

María Xesús Souto Blanco

DOUTORA EN HISTORIA
CONTEMPORÁNEA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

LITERATURA E FRANQUISMO

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ HERRÁN

“Reconciliación sí, olvido no”, reclamaba no título do seu artigo, aparecido na sección “Opinión” do diario *El País* o pasado 12 de xaneiro, Vicenç Navarro, “catedrático de Universidad, exiliado e hijo de exiliados”. Como punto de partida da súa argumentación recordaba a penosa impresión que lle producira, no seu regreso a España dous anos antes, “el escaso conocimiento que mis estudiantes universitarios tenían de lo que fue el franquismo, [percibido] como un régimen conservador y autoritario aunque no especialmente represivo”; e engadía, denunciando a responsabilidade desta terxiversación: “percepción promovida por algunos historiadores y politólogos que han reciclado exitosamente la imagen de aquel régimen (definido por Preston como uno de los más represivos que ha existido en Europa durante el siglo XX), presentándolo como un régimen moderadamente autoritario, negando a su vez que fuese un régimen totalitario”. Un libro aparecido algunhas semanas antes, o de Nicolás Sartorius e Javier Alfaya, *La memoria insumisa. Sobre la dictadura de Franco* (Madrid: Espasa-Calpe, 1999), denunciaba, en notoria coincidencia de



tese e intención con aquel artigo: “cuando en los libros de texto se explica a las nuevas generaciones que ‘el régimen anterior’ tuvo sus cosas buenas y sus cosas malas, como ocurre en todas partes, se está diciendo que fue un sistema como los demás, perfectamente homologable”; e engadía algo “que todavía es mucho más grave: que desde la implantación de la democracia no se haya llevado una labor pedagógica a través de los medios de comunicación explicando a las jóvenes generaciones qué fue la dictadura” (páx. 14).

A miña experiencia destes últimos anos permitíume comprobar cómo para moitos universitarios a piques de se licenciar —a maioría nados despois da morte do dictador—, esa é a benévola imaxe que teñen do franquismo: como moito, responsabilizarano da persecución —cando non dun suposto *xenocidio cultural*— da lingua, a personalidade e a cultura de Galicia; pero, con raras excepcións (debedoras dunha deliberada tarefa de concienciación de pais ou profesores), ignoran ou minimizan o nefasto papel que aquel réxime tivo —por exemplo, e para cinguirme ó campo que academicamente me compete— no desenvolvemento e situación

das letras hispánicas dos últimos sesenta anos. Non é estraño que, cando nos corresponde estudar na clase as etapas máis recentes da historia literaria, debamos dedicar máis dunha sesión a explicar polo miúdo aquel asunto; e algúns dos seus episodios (en especial os relacionados coa censura de textos e a persecución de autores), por lamentables que sexan, son recibidos adoito con certa sorpresa, non exenta de incredulidade. Sen espacio aquí para demorármonos nisto, pretendo reflexionar verbo do sentido e as consecuencias de tales lagoas na formación das novas xeracións. A quen desexe cubrilas —ou axudar a que outros as cubran— recoméndolle o capítulo 7, “Notas sobre una cultura hecha pedazos”, do citado libro de Sartorius e Alfaya (especialmente os epígrafes “A vueltas con la censura”, “Las últimas nostalgias” e “La polémica del realismo”, páxs. 315-329); e para máis detalle, dúas monografías que, desde perspectivas diferentes e complementarias, se ocupan de censura e literatura no franquismo: *Censura y creación literaria en España (1939-1976)*, de Manuel L. Abellán (Barcelona: Ediciones Península, 1980) e *Palabras tachadas (Retórica contra censura)*, de José Sánchez Reboredo (Alacante: Instituto de Estudios Juan Gil-Albert, 1988).

Unha das dimensións máis importantes da influencia do franquismo na literatura é a de ata qué punto o sistema educa-

tivo propugnado polo réxime afectou a formación e a cultura literaria dos españois: cuestión que non sempre foi considerada coa importancia merecida e á que Fernando Valls dedicou a súa monografía *La enseñanza de la literatura bajo el franquismo* (Barcelona: Antoni Bosch Editor, 1983). Pola súa parte, Sartorius e Alfaya lembran cómo o bacharelato no que se educaron varias xeracións de españois —os que o cursaban antes de 1970— escamoteaba, minimizaba ou terxiversaba o sentido da obra de autores tan senlleiros como Pérez Galdós, Alas, Baroja, Antonio Machado, Valle-Inclán, Unamuno, Ortega, Juan Ramón, García Lorca..., mentres empolicaba os que, obxectivamente menos valiosos, representaban ou parecían representar unhas formulacións ideolóxicas ou estéticas máis afíns ou *adictas* ó Réxime: Fernán Caballero, Pereda, Maeztu, Gerardo Diego... E se da literatura española pasamos ás estranxeiras, o filtro selectivo non era menos rigoroso, de xeito que, por exemplo, os grandes narradores franceses do XIX (Stendhal, Balzac, Flaubert, Zola) eran ignorados a causa da súa inclusión no “Índice de Libros Prohibidos” pola Igrexa católica; “y en cuanto a la literatura de nuestro siglo, la inmensa mayoría de los bachilleres españoles [eu atrévome a engadir que tamén moitos licenciados] se graduaban sin tener la menor idea de quiénes eran Marcel Proust, James Joyce, Franz Kafka o Thomas Mann” (Sartorius-Alfaya, *op. cit.*, páxs. 296-297).

Obviamente, con respecto á literatura máis rigorosamente contemporánea as aulas —da escola, o colexio, o instituto ou a universidade— mantiñan un opaco silencio, de modo que os escolares tiñámo-la confusa impresión de que a literatura era unha actividade propia do pasado, que no presente só cultivaban algúns raros superviventes: de min

Unha das dimensións máis importantes da influencia do franquismo na literatura é a de ata qué punto o sistema educativo propugnado polo réxime afectou a formación e a cultura literaria dos españois



(bacharel dos plans do 53 e do 57) sei dicir que os únicos escritores vivos dos que escoitei falar na clase —ás veces, pola lamentable ocasión do seu falecemento— foron Benavente, Juan Ramón (o de *Platero y yo*), Azorín... e José María Pemán, quen tiña no meu profesor-frade un fervente admirador das súas *estampas* protagonizadas por “el Séneca”. E xa que aludo á miña propia (de)formación literaria, podo confirma-los datos de Sartorius-Alfaya con só evoca-los autores dos que antologaba os textos a miña Enciclopedia (que, como para a maioría dos meus coetáneos, era “a de Álvarez”, hoxe reimpresa para satisfacción de nostálgicos masoquistas); non creo que na lista que ofrezco falten moitos, entre os entón considerados de primeira fila: Alfonso X, Santillana, Lope, Cervantes, Santa Teresa, Calderón, Zorrilla, Fernán Caballero, Alarcón, Pereda, Gabriel y Galán, Vicente Medina, Rubén Darío (e con el algúns hispanoamericanos máis ou menos *modernistas*, como José Martí), Maeztu, Manuel Machado... e como contemporáneos, os antes citados.

Pero con ser importante a literatura que se ensinaba, para o obxectivo da miña reflexión interesa máis a que se escribía; ou, para sermos máis precisos, a que se permitía publicar e ler. Tamén a propósito disto quero recoller unha lúcida observación dos autores de *La memoria insumisa*: “hay una obsesiva necesidad de hacer creer que en la España franquista fue posible un pensamiento y una literatura, un cine y un teatro, a pesar de la presión de la Censura” (*op. cit.*, pág. 315); entendámonos: había censura, sen dúbida, mais non sería tan coercitiva como se leva dito —parece suxerirse—, pois que ó seu pesar puideron escribir e ser lidos Buero Vallejo, Blas de Otero, Celaya, Sastre, Candel, Goytisolo, Marsé (por citar só algúns nomes especialmente perseguidos polo



lapis vermello). Tan falaz argumentación está ben preto doutra que se repite cada vez con máis frecuencia, especialmente nestes últimos tempos de cómplice indulxencia co que chaman ‘régime anterior’: se durante anos se responsabilizou a censura da ausencia de textos maxistrais, supostamente ocultos á espera de tempos máis propicios, ¿onde están, agora que xa non hai censores, esas obras mestras? E non menos tramposa é a cínica apreciación que defende un hipotético efecto beneficioso daquela nefasta institución, que agudizaría o enxeño dos autores, axudándoos mesmo na consecución de máis altas cotas estéticas: en *Palabras tachadas* hai unha rica mostraxe de tales logros. Verbo disto é oportuno o comentario de Baltasar Porcel que recorda Sánchez Reboledo nese libro (pág. 25): “hay muchas cosas que nunca hubiera escrito, o nunca hubiera entrado en estos matices de tener libertad suficiente para escribir. Esto no son virtudes de la censura, sino que es como la desesperación del naufrago que no puede comer y acaba alimentándose de huevos de avestruz o de pescado crudo” (resposta a Antonio Beneyto en *Censura y política en los escritores españoles*, Barcelona, Plaza & Janés, 1977, pág. 128).

Certamente trátase dun problema grave abondo como para esixir resposta menos chusca e máis categórica: a cen-

Pero con ser importante a literatura que se ensinaba, para o obxectivo da miña reflexión interesa máis a que se escribía; ou, para sermos máis precisos, a que se permitía publicar e ler

sura é *intrinsecamente perversa* (para o dicir con expresión moi querida ós propios censores) e totalmente inxustificable. Non só polo mal que produce furtándolles ós lectores a posibilidade de accederen a certos textos, senón polo silencio que lles impón ós autores; coma no coñecido emblema dos tres monos, a censura é a un tempo mordaza na boca, venda nos ollos e tapón nos oídos. Ó seus oficios débennos —debémoslles— xeracións de españois o ter accedido tarde, mal, de maneira incompleta ou inoportuna a textos como *Noche de guerra en el Museo del Prado*, de Alberti, *La realidad y el deseo*, de Cernuda, *En castellano*, de Otero, *La doble historia del doctor Valmy*, de Buero Vallejo, *La sangre y la ceniza*, de Sastre, *Guernica*, de Arrabal, *Señas de identidad*, de Goytisolo, *Si te dicen que caí*, de Marsé...; e pouco importa que as mutilacións censoras sexan aparentemente leves (toda amputación é grave), como as que afectaron na súa primeira edición a títulos tan senlleiros como *La colmena*, de Cela ou *Tiempo de silencio*, de Martín Santos. Sen mencionalos textos irremisiblemente perdidos na súa procelosa viaxe polas labirínticas cloacas da burocracia *ensoril*: no libro de Abellán hai noticia dalgúns casos, tan lamentables coma pintorescos. Como tamén ofrece abúndante e documentada información acerca do complexo e arrevesado funcionamento da censura de libros, exemplificado no relato das vicisitudes sufridas por algúns títulos (*La boda*, de A. M. de Lera; *Fronteras infernales de la poesía*, de J. Bergamín; *Los judíos en la España Moderna*, de J. Caro Baroja; *La leyenda de Juan de Alzate*, de P. Baroja; *Poesía urgente*, de G. Celaya; *Antología poética*, de M. Hernández; *Off-side*, de G. Torrente Ballester; *Antología imposible*, de C. Álvarez; *Alrededor de un día de abril*, de I. Montero; *Algo sucede*, de J. A. Goytisolo;

Unha das
Pero sendo
gravemente
nociva para o
desenvolvemento
da literatura,
non foi a
censura o peor



Longa noite de pedra, de C. E. Ferreiro; *Vivir para contarlo*, de J. M. Caballero Bonald; *Numero trece*, de J. A. Valente; *La señorita B.*, de R. Nieto; *Diario para los que creen en la gente*, de F. Candel; *Señas de identidad*, de J. Goytisolo...): dictames duns procesos inquisitoriais nos que a máquina censora tivo ocasión de demostrar amplamente que —non só pola esencia de tal oficio, senón polos peculiares dotes dos seus oficiantes— podía ser tan ignorante coma estúpida.

Pero sendo gravemente nociva para o desenvolvemento da literatura, non foi a censura o peor; porque en último termo —e isto esquecese adoito— aquela actividade non era senón unha forma de persecución ou castigo; relativamente leve, se temos en conta que bastantes escritores viron moi severamente marcada a súa biografía a causa precisamente dos seus escritos: desde as reiteradas multas, a perda do emprego ou a inhabilitación, ata o cárcere, o exilio ou a morte. Si: a morte; ¿que outra causa, non sendo os seus versos, fixo de Miguel Hernández un prisioneiro, abandonado naqueles miserentos penais á enfermidade que o consumiu? Canto ó cárcere e o exilio, hai que combater esa intereseira mentira que limita á Guerra Civil e as súas inmediatas consecuencias (“á fin e ó cabo, coma en tódalas guerras...”, dise) tales formas de persecución dos escritores; porque se ben é certo

que foi a guerra — máis exactamente, a derrota — a que marcou o destino de Alberti ou Buero Vallejo, non o é menos que tales formas de persecución persistiron moito máis alá de 1939; ninguén dubidaría en cualificar de escritores exiliados a Fernando Arrabal ou a Juan Goytisolo, entre outros nomes menos coñecidos. E como encarcerados abonda lembrar — limitándonos só ós poetas — algúns dos recordados ou antologados no monográfico que a revista *Litoral* dedicou en 1976 a “La poesía en la cárcel”: Dionisio Ridruejo, Marcos Ana, Gabriel Celaya, Alfonso Sastre, Carlos Álvarez... (algún deles, por certo, ocasionalmente exiliado como consecuencia de tal persecución).

Pero, como é común a tódolos réximes dictatoriais, baseados na arbitrariedade e na inxustiza, fronte á literatura perseguida houbo unha literatura fomentada, protexida, premiada ou enxalzada: precisamente pola súa adhesión, a súa docilidade ou — polo menos — o seu silencio. Acaso sexa inxusto recordar aquí a lista completa dos autores e os libros que obtiveron algún dos premios oficiais do franquismo (con denominacións tan inequívocas como “Francisco Franco” ou “José Antonio Primo de Rivera”); pois, aínda que xamais se concederon a escritores hostís —ou *desafectos*, para

emprega-lo adxectivo usual daquela—, non podería imputarse sempre a quen o recibía unha inequívoca complicidade. Certamente tampouco non nos consta de ninguén que, non o tendo pedido, refusase tal galardón, como signo do seu rexeitamento a aqueles o premiaban. Non entremos en tan molestos pormenores; para o que agora nos importa (e deixando á parte as mostras do que Julio Rodríguez Puértolas estudia na súa *Literatura fascista española*, Madrid: Akal, 1986), basta recordar e denuncia-los falsos prestixios literarios consagrados polo franquismo, nun fracasado intento de promover unha *literatura franquista* que puidera ser esgrimida fronte á disidente. É curioso notar cómo tales intentos acaso tiveron certo éxito noutras parcelas —o ensaio, o cine— mentres que na novela, o teatro ou a poesía, xunta uns poucos nomes esteticamente respectables (Panero, Rosales, Vivanco, Sánchez Mazas, Cunqueiro...), o esquecemento cubriu co seu piadoso manto aqueles que en tempos —sobre todo, nos corenta e primeiros cincuenta— refulxiron con luz tan prestada coma falsa.

Redacto as liñas finais deste artigo nunha data *histórica*: 18 de xullo. “O día da traizón”, adoitaba dicirme en voz baixa un vello republicano da nosa familia, mentres se escoitaban as salvas de artillería e as trompetas que recordaban o *glorioso Alzamiento*. Hoxe xa non se conmemora esa efeméride, claro; pero se cadra debera facerse, mesmo que só fose como antídoto fronte ó esquecemento. Tal día coma hoxe, fai sesenta e catro anos, iniciábase algo con consecuencias —en moitos aspectos aínda persistentes— que foron máis graves do que hoxe se quere admitir. Tamén na literatura. •

Fronte á
literatura
perseguida
houbo unha
literatura
fomentada,
protexida,
premiada ou
enxalzada:
precisamente
pola súa
adhesión, a súa
docilidade
ou — polo
menos — o seu
silencio

José Manuel González Herrán

CATEDRÁTICO DE
LITERATURA ESPAÑOLA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA





MULLER E FRANQUISMO

CARME MOLINERO

Nos últimos anos o estudo da condición feminina durante o franquismo adquiriu certa relevancia. Habitualmente son historiadoras novas as que, ó iniciaren a súa andaina como investigadoras, escollen ese ámbito de especialización, interesadas en coñecer cál foi o papel feminino durante o período franquista e o impacto específico que a instauración do réxime tivo sobre a vida das mulleres. Sen embargo, en termos globais os nosos coñecementos aínda son escasos, e iso a pesar de que a etapa franquista é un dos períodos sobre os que se desenvolven máis investigacións na actualidade. Dado o aumento cuantitativo e cualitativo dos estudos sobre a muller para outros períodos, as futuras investigacións poderanse beneficiar ademais do

recoñecemento académico que, finalmente, a historiografía está a outorgarlles a este tipo de estudos.

Ideario emancipador...

O réxime franquista desenvolveu unha política respecto á muller que tiña como obxectivo asegura-la súa reclusión no ámbito doméstico e a súa subordinación na vida social. Unha visión parcelada da historia podería levar a pensar que os cambios que experimentou a condición feminina durante o franquismo non tiveron unha relación directa co ideario político do Novo Estado e si —só— cunha cultura patriarcal e antifeminista dominante entre os sectores conservadores, mais non exclusivamente entre eles. Contrariamente, prefixa-lo cometido social das mulleres era unha cuestión esencial para o réxime pois a dictadura tiña uns obxectivos globais que afectaban a tódolos ámbitos da vida colectiva: política, económica, social e cultural, a vida pública e a privada e, polo tanto, atanguían de forma substancial a condición feminina. Así, pódese afirmar que o Novo Estado pretendeu crear unha orde nova antiliberal na que o libre albedrío dos individuos desaparecía e a vida do país e das súas xentes se debía adaptar ás normas impostas desde o aparello do Estado, para o cal era imprescindible controlar toda a vida social. Esa vontade totalitaria afectaba a esfera política, a económica, pero tamén e sobre todo a vida social porque, como se lles aprendía ós nenos desde a infancia “si a los ciudadanos de un Estado se les consiente que cada uno piense como quiera y obre según piense, en lugar de un pueblo organizado tendremos un caos social”¹. Como se deduce da cita, para organizar un pobo a prol da “grandeza de la Patria”, que segundo o discurso político era a síntese da grandeza dos seus membros, era imprescindible que as funcións dos ‘cida-

dáns' estiveran ben preestablecidas e todos as acataran, esperábase que por convencemento, pero, se non era así, mediante a coacción.

Certamente, a instauración do réxime franquista supuxo a perda dos dereitos políticos esenciais e foi vivida como unha experiencia traumática por amplos sectores da poboación, especialmente por aqueles que cifraran nas posibilidades que abría a II República as súas expectativas de emancipación social e cultural. Para unha parte da poboación feminina a instauración da dictadura franquista comportou ademais un golpe ás súas expectativas dun cambio caracterizado por unha maior liberdade, máis autonomía e maior recoñe-



mento social. Durante a etapa republicana, e nalgúns zonas aínda máis durante a Guerra Civil, ó tempo que aumentaron os dereitos civís das mulleres, abriuse paso un novo modelo de muller que tiña identidade propia como individuo e voz nas cuestións colectivas. Os cambios foron a consecuencia dun novo clima cultural apoiado nunha nova lexislación. Durante a II República viviuse en España de forma acelerada, aínda que con intensidade diversa segundo as características políticas e sociais das distintas zonas, o mesmo proceso que se dera en boa parte de Europa trala Primeira Guerra Mundial. Naqueles anos produciuse entre sectores significativos da poboación urbana unha fractura no consenso sobre o modelo tradi-

cional de muller, ata entón recluída e limitada exclusivamente a responsabilidades domésticas; nos anos trinta, ademais da reivindicación dos dereitos civís, empezou a estenderse a reivindicación do que se denominaba “os dereitos da muller” como individuo e, se ben os cambios reais foron limitados, o debate sobre a emancipación feminina conseguiu traspasa-lo limiar dos sectores intelectuais e ilustrados².

Para as mulleres, a implantación do Novo Estado, á marxe das consecuencias que tivo para o conxunto da sociedade, supuxo a imposición dunha segregación de xénero que anulou tódolos dereitos recentemente conseguidos e limitou a súa capacidade de desenvolvemento como individuos. As políticas franquistas respecto da muller inscribíanse no seu modelo de sociedade orgánica, segundo a cal os individuos non eran suxeitos de dereitos porque estaban supeditados a un interese superior que era o da Patria. Para que a nación puidera cumprir a súa “misión universal” na historia, era imprescindible unha sociedade xerarquizada na que cada individuo debía ocupa-lo lugar que lle correspondía supostamente por capacidade —en realidade por nacemento— e xénero. Así, homes e mulleres tiñan funcións distintas e preestablecidas. Os homes debían facer grande a Patria, as mulleres tiñan unha única gran misión na sociedade: a maternidade, é dicir, que a Nación existira e se reproducira.

Abonda le-los discursos inaugurais de Pilar Primo de Rivera nos Consellos Nacionais da Sección Feminina³ para constata-lo alcance central desta mensaxe sen matices que era reiterada teimudamente; se en 1938 Pilar Primo de Rivera afirmaba que “el verdadero deber de las mujeres para con la Patria consiste en formar familias”, en 1939 aseguraba que “sin discusiones de mal gusto, sino metidas en el seno de la familia, que es vuestro único

Para as mulleres, a implantación do Novo Estado, á marxe das consecuencias que tivo para o conxunto da sociedade, supuxo a imposición dunha segregación de xénero que anulou tódolos dereitos recentemente conseguidos e limitou a súa capacidade de desenvolvemento como individuos

puesto, habréis hecho por España mucho más que todos los discursos y todas las peroratas de viejo estilo”, ou ben en 1940 cando reiteraba “para la mujer la tierra es la familia. Por eso, además de darle a las afiliadas la mística que las eleva, tenemos que apegarlas con nuestras enseñanzas a la labor diaria, al hijo, a la cocina, al ajuar, a la huerta; tenemos que conseguir que encuentre allí la mujer toda su vida y el hombre todo su descanso”; e así seguido.

Emporiso, á parte do pechamento forzoso nunha única das dimensións da vida das mulleres e, aínda que habitualmente a figura da nai era enalzada ata o empacho, o discurso reiterado durante a maior parte do período franquista presentaba as mulleres como seres inferiores ós homes, o cal explicaba a súa subordinación. Polo seu ton descarnado, os textos de Pilar Primo de Rivera son os máis elocuentes para explica-la visión da muller dominante no Novo Estado, pero non son os únicos e seguramente tampouco os máis influentes, se ben todos participaban dos mesmo principios. No V Consello Nacional da Sección Feminina celebrado en Barcelona en 1941, Pilar Primo de Rivera afirmou contundentemente: “Las Secciones Femeninas respecto a sus jefes tienen que tener una actitud de obediencia y subordinación absoluta. Como es siempre el papel de la mujer en la vida, de sumisión al hombre”. Outros deus principios, derivados do anterior, tiñan que guía-la vida das mulleres: a sumisión e o silencio, é dicir, a invisibilidade. Naquel mesmo V Consello, Pilar Primo de Rivera aseverou que “todos los días debíamos dar gracias a Dios por habernos privado a la mayoría de las mujeres del don de la palabra, porque si lo tuviéramos quién sabe si caeríamos en la vanidad de exhibirlo por las plazas”. Se era imprescindible conseguir que os nenos e os homes aceptaran como valores esenciais a xerarquía, a obediencia e a disciplina, para as nenas e as



mulleres foino moito máis, pois que ás condicións xerais tiñan que engadi-la submisión á figura masculina.

... e represión legislativa

Este discurso franquista sobre as funcións e as capacidades femininas pretendía fixar na mente das mulleres novas o que a sociedade esperaba delas e ó que debían aspirar. Pero os discursos eran complementarios á lexislación, que aseguraba mediante a intervención política a anulación dos dereitos das mulleres como cidadás e a súa subordinación.

A segregación de xénero principiaba na infancia coa prohibición da coeducación tanto nas escolas primarias coma nos institutos, para poder dar un ensino diferenciado que as preparaba para seren boas amas de casa pero que pretendía incapacitalas para desenvolveren unha actividade profesional cualificada. O decreto de setembro de 1936, que anulaba a coeducación, era explícito cando afirmaba que con “la supresión de esta inmundicia moral y pedagógica que se llama ‘coeducación’

A segregación de xénero principiaba na infancia coa prohibición da coeducación tanto nas escolas primarias coma nos institutos



hemos dado el primer paso hacia una verdadera formación de la mujer” e cara á “sana tradición que veía en la mujer la hija, la esposa y la madre, y no la ‘intelectuada’ pedantesca que intenta en vano igualar al varón en el dominio de la Ciencia”.

En moi pouco tempo regulamentouse na educación secundaria as ensinanzas de fogar obrigatorias para as alumnas. Un decreto do 28 de decembro de 1939 encomendáballe á Sección Feminina “la formación para el hogar de las mujeres pertenecientes a los centros de educación”, e unha orde do 11 de agosto de 1944 declarou obrigatorias as disciplinas das escolas de fogar en tódolos centros —oficiais e privados— de ensino medio. Esas disciplinas eran, entre outras, economía doméstica, labores e corte e confección⁴.

As mozas procurábase convencelas de que non era necesario estudar porque a súa vida debía desenvolverse entre as paredes do fogar. Como sinalaba en 1940 José Pemartín, colaborador do primeiro ministro de Educación, Pedro Sainz Rodríguez, tratábase “de encauzar la gran corriente de estudiantes apartándolas de la

pedantería feminista de Bachilleras y Universitarias, que deben ser la excepción, y orientándolas hacia su propio ser femenino que se desarrolla en el Hogar”⁵. O número de universitarias foi moi reducido ata a década dos sesenta; contrariamente ó sucedido durante a II República, cando as universitarias pasaron do 5 ó 13 % do total de universitarios —1.744 e 7000 respectivamente—, en 1940 baixaron a 5.000. Durante o curso 1960-61 as estudantes só representaban aínda o 22 % do total e concentrábanse especialmente en determinadas facultades “humanísticas”⁶.

Por outro lado, se a instauración do réxime franquista comportou a perda de boa parte dos dereitos laborais duramente conseguidos polos traballadores ó longo de décadas, para as traballadoras o franquismo supuxo ademais a perda do mesmo dereito ó traballo. O Foro do Traballo, primeira Lei Fundamental aprobada en marzo de 1938, afirmaba no seu título II que o Estado “liberará a la mujer casada del taller y de la fábrica”. A partir daquel principio desenvolvéronse novas leis como a de decembro de 1938 que, considerando que “La tendencia del Nuevo Estado, es que la mujer dedique su atención al hogar y se separe de los puestos de trabajo”, establecía que as Oficinas de Colocación separarían as listas de traballadores e traballadoras, tendo as mulleres que acompañan-las súas demandas de traballo dos datos persoais do resto da familia, e prohibindo en calquera caso “el empleo de la mujer casada, a partir de un determinado ingreso que perciba el marido”. A muller como individuo non existía, sempre era membro dunha familia.

Igualmente, a Lei de Regulamentacións de Traballo de 1942, peza central da normativa laboral da dictadura, estableceu a obrigabilidade para a muller de abandonar-lo posto de traballo ó contraer matrimonio. Para o caso de reincorporación

Se a instauración do réxime franquista comportou a perda de boa parte dos dereitos laborais duramente conseguidos polos traballadores ó longo de décadas, para as traballadoras o franquismo supuxo ademais a perda do mesmo dereito ó traballo



posterior, a Lei de Contrato de Traballo de 1944 esixía a presentación da autorización do marido, o cal podía negarlle a capacidade de cobrar directamente a súa remuneración⁷.

E se a lexislación discriminatória afectaba os distintos ámbitos da actividade da muller, a ausencia de dereitos era a norma na esfera á que teoricamente as mulleres debían dedicarse a pleno rendemento: a familia. A Constitución republicana de 1931 afirmaba a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e, desde entón, a pesar de longas controversias, os dereitos e a emancipación feminina aumentaron. Durante a Guerra Civil, nas zonas republicanas as mulleres adquiriron un relevancia social e política suficientemente significativa como para altera-la súa perspectiva vital. Aquel proceso de cambio, irregular e incipiente pero cambio á fin, quedou interrompido de vez o 1 de abril de 1939.

A derogación da lexislación civil republicana comportou a entrada en vigor da anterior, que era de 1889, o que significaba a restauración do Código civil napoleónico, que para as mulleres casadas significaba a súa desaparición como suxeito xurídico. O novo Código civil de 1944 non supuxo mellora ningunha con respecto á subordinación absoluta da esposa ó marido. Ata a aprobación do novo Código civil de 1958, a lei establecía en catro artigos —do 57 ó 60— a obriga de

obediencia ó marido e de seguilo aló onde fixase a súa residencia dado que o domicilio familiar era a “casa del marido”; por outro lado, o marido era o administrador dos bens conxugais e no caso de separación a muller perdía os bens gananciais e mesmo os bens propios se era declarada culpable da ruptura matrimonial; igualmente, o marido era representante legal da súa esposa e esta non podía realizar ningún acto xurídico sen a súa autorización. O artigo 154 outorgaba a patria potestade ó pai, que pasaba á nai só se aquel faltaba e coa condición de que non volviera casar, pois neste caso a perdía.

Como mostra simbólica da ausencia de dereitos da muller cabe citar que o adulterio era causa de separación só se a acusada era a muller, e que o artigo 428 do Código penal establecía o dereito do marido e o pai “a lavar con sangue su honra”, o que significaba que non serían acusados de asasinato se mataban a esposa, a filla ou o seus amantes.

A coerción na vida cotiá

O articulado do Código civil é a mostra máis clara da subordinación social á que se viu sometida a muller durante o franquismo, e de que esta empezaba na familia. Pero, ¿como se viviu aquela situación? A instauración do réxime franquista tivo tan drásticas consecuencias para a sociedade española que os cambios vinculados ás políticas antifemininas do réxime non foron percibidas pola maioría como as máis graves, o que non significa que non o foran. Incluso centrando a nosa atención exclusivamente na repercusión das políticas da dictadura sobre as mulleres, podemos afirmar que os seus efectos foron agudos á marxe da política antifeminina.

A fractura social entre vencedores e vencidos, produto da Guerra Civil e das

Como mostra simbólica da ausencia de dereitos da muller cabe citar que o adulterio era causa de separación só se a acusada era a muller

políticas de vinganza do Novo Estado, sufrirona as familias no seu conxunto e non só aqueles dos seus membros que tiveran un relevante papel social ou político na defensa das ideas democráticas ou/e revolucionarias. A perda do pai ou do marido nunha sociedade regulamentada na que o traballo feminino era case proscrito e os ingresos económicos dependían exclusivamente da figura masculina comportaba en moitos casos poñer en perigo a supervivencia ou, como mínimo, supoñía unha redución radical do nivel de vida familiar. En poboacións pequenas ou medianas, onde todo o mundo se coñecía e o control social era máis doado, moitas mulleres, por seren esposas ou fillas de *rojos*, quedaron mesmo sen a posibilidade de conseguir traballo — aínda que fora irregular, como limpezas domésticas, traballos a domicilio, etc.—, do mesmo xeito que moitas se viron excluídas dos seus círculos de relación, por rexeitamento ou por medo a que a súa compañía se puidera interpretar como sinal de desafección ó réxime dos que eran cualificados polo poder político como adictos ou indiferentes. En aplicación da Lei de responsabilidades políticas, as familias dos que sufriran represalias podían perder parte ou a totalidade do seu patrimonio familiar⁸.

Tanto as mulleres que se mantiñan co seu traballo como as que, máis frecuentemente, dependían dos ingresos masculi-



nos tiveron que se enfrontar á redución do poder adquisitivo da familia, resultado da política laboral do réxime e do desabastecemento de alimentos e outros produtos básicos provocado pola política autárquica e intervencionista e o paralelo mercado negro. Foron fundamentalmente as mulleres as que tiveron que dar solucións ás dificultades para asegurala subsistencia cotiá, a imposibilidade de adquirir vestido ou calquera outra necesidade inmediata. Facer fronte á vida diaria esixiu un esforzo extraordinario e longas horas de traballo que non se ven reflectidas en ningunha estatística oficial.

Pero o devir cotián non só se viu afectada por unhas difícilísimas condicións de vida, senón tamén pola intervención oficial na existencia colectiva, tanto a pública coma a privada, que coartou os usos e costumes. Na España nacional-católica o control social, exercido neste caso tanto polas autoridades civís como polas relixiosas, envolveuse cunha capa de exaltación da decencia que, segundo os inquisidores do momento, se vía atacada polo pecado. O Estado nacional-sindicalista, tan intervencionista en tódalas esferas, impuxo as pautas de sociabilidade e moralidade esixidas pola Igrexa católica, de xeito que se implantaron unhas normas extremadamente represivas que coaccionaron as consciencias, sobre todo dos máis novos e especialmente das máis novas. O baile, o cine, o teatro víronse sometidos durante as dúas primeiras décadas do franquismo á atenta supervisión e case sempre á aberta hostilidade da Igrexa católica, que consideraba a maioría das diversións como ameazas á orde católica.

A muller era considerada axente de pecado e asemade salvagarda contra el. A pastoral do bispo de Pamplona de Pentecoste de 1941 sintetiza ben a vontade coactiva da Igrexa e a inculcación do medo entre as mulleres mozas a supera-los estrei-

Desde os anos
sesenta foi moi
difícil para os
cinemato
son
Foron
as mulleres as
que tiveron que
dar solucións ás
dificultades para
asegura-la
subsistencia
cotiá, a
imposibilidade
de adquirir
vestido ou
calquera outra
necesidade
inmediata

tos límites da 'decencia' cristiá que tanto condicionou as actitudes femininas durante o primeiro franquismo. Decía o bispo:



[Hoy hay] almas que han encontrado el satánico acomodo de la piedad y hasta (se resiste la lengua a decirlo) del abrazo con Jesucristo en la Comunión por la mañana y el abrazo con el primer postor en el baile agarrado por la tarde o a altas horas de la noche; (...) se precian de llamarse Hijas de María, (...) enseñan la doctrina cristiana a los niños, hablan con respeto y cariño del sacerdote, y se olvidan en el baile agarrado, de que son templo del Espíritu Santo, redimidas por la sangre de Jesucristo. (...) ¿Cuándo comprenderás, mujer cristiana, que estás siendo juguete de pecado de una generación corrompida? (...) Si somos sinceros; si hemos ido a la guerra a revalorizar el contenido de las ideas <RELIGIÓN Y PATRIA>; si hemos salido a ella por Dios y por España, hay que volver a lo que Dios y España piden, hay que volver a la moral sincera, hay que enlazar las manos con la España que dejamos, hay que barrer la basura que importamos, necios, de otros pueblos de la Europa salvaje. Hay que desterrar el baile agarrado.

A cita é, amais dun exemplo das obsesións dunha parte da xerarquía eclesiástica, unha boa mostra da mestura que se produciu nos anos corenta e cincuenta entre relixión e política. É certo que o poder político non actuou coa contundencia represiva que o fanatismo relixioso esixía respecto á moral pública, pero si que foi moi sensible ás esixencias prohibicionistas eclesiásticas, de maneira que a represión dos costumes foi outro dos trazos característicos da posguerra que acentuou a fractura provocada pola imposición da dictadura, aínda que neste terreo foi no que a resistencia popular a ser domesticada puido ser maior.

Daquela, a instauración do franquismo tivo gravísimas consecuencias para as mulleres. O programa político dos sublevados en 1936 pretendía acabar con calquera movemento emancipador e implantar unha rixida disciplina social. Nese terreo, combate-lo modelo de muller emancipada que se estendeu por Europa no primeiro tercio do século XX e tamén en España, sobre todo na década dos trinta, era fundamental. Para iso difundíuse con forza un discurso que limitaba o papel protagonista feminino á familia e impuxéronse leis que anulaban os dereitos das mulleres como individuos. O enfaixamento feminino nos estreitos moldes da vida doméstica levou a que a frustración fora unha experiencia compartida como mínimo por boa parte das xeracións de españolas nadas entre 1920 e 1950, frustración que tiveron que redimir de mil formas como ben se mostra nunha amplísima literatura⁹.

Coma en tantos outros aspectos, o réxime franquista tivo éxito en frear de forma radical un proceso de cambio social que en España viña de décadas atrás, pero non puido impedir que ese se recuperase desde a década dos sesenta. Así, en xullo de 1961 aprobouse nas Cortes a lei "sobre

O enfaixamento
feminino nos
estreitos moldes
da vida
doméstica
levou a que a
frustración
fora unha
experiencia
compartida
como mínimo
por boa parte
das xeracións
de españolas
nadas entre
1920 e 1950

derechos políticos, profesionais e de traballo de la muller” coa que o réxime intentaba facer fronte ás novas necesidades do mercado laboral e á contestación das leis franquistas que mantiñan as mulleres nunha permanente minoría de idade e impedían o seu desenvolvemento en moitísimas actividades. Desde os anos sesenta foi moi difícil para os dirixentes franquistas soste-lo mesmo discurso de reclusión feminina no ámbito doméstico e ó mesmo tempo estender unha imaxe de “desenvolvemento” e integración nunhas coordenadas “modernas” que depararían o benestar colectivo, aínda que convén ter presente que a desigualdade xurídica entre homes e mulleres non desapareceu ata a modificación do Código civil de maio de 1975. Respecto á muller, coma noutros terreos, foi o cambio social e cultural experimentado e impulsado pola sociedade española o que deu cabo co modelo imposto coa instauración do réxime.

NOTAS

¹ H. S. R., *Así quiero ser. El niño del Nuevo Estado*, Hijos de Santiago Rodríguez, Burgos, 1944.
² Boa mostra do impacto das reivindicacións feministas nos anos trinta é a atención que a Igrexa e sectores intelectuais vinculados ás distintas ramas do conservadorismo dedicaron durante os anos corenta a aldraxar e ridiculiza-lo feminismo ‘moderno’. Por outro lado, algúns autores aplicáronse a estudar ‘cientificamente’ as amargas consecuencias do traballo extradoméstico para a prole, ó tempo que lles outorgaban ós novos valores culturais asociados á independencia económica un peso decisivo na diminución da natalidade. Ver neste sentido os numerosísimos artigos publicados sobre o ‘problema’ da natalidade na *Revista Internacional de Sociología* nos anos corenta. Tamén Mary Nash, “Protonatalismo y maternidad en la España franquista”, en G. Bock e P. Thane (eds.), *Maternidad y políticas de género. La mujer en los estados de bienestar europeos, 1880-1950*, Ediciones Cátedra, Valencia, 1996. Non era esta unha perspectiva exclusivamente española. Na maior parte de Europa percibiuse un vínculo entre emancipación feminina e diminución da natalidade, polo cal gobernos de distinta natureza se esforzaron en transmitir un discurso que exaltaba a maternidade, ó tempo que instaban a que as mulleres abandonaran os postos de traballo que a Primeira Guerra

Mundial lles permitira ocupar. Respecto a esta cuestión, a diferenza fundamental entre os réximes fascistas e os réximes liberais estribou en que estes desenvolveron exclusivamente un discurso persuasivo de exaltación da maternidade, mentres que os réximes fascistas tomaron medidas drásticas para recluí-las mulleres no ámbito doméstico, ademais de desenvolver un discurso antifeminista. Unha panorámica xeral en François Thebaud, *El siglo XX*, en Georges Duby e Michell Perrot, *Historia de las mujeres en Occidente*, Taurus, Madrid, 1993.

³ A Sección Feminina dependente do partido único FET-JONS era a organización oficial encargada do encadramento e adoutrinamento das nenas e mulleres españolas. É quizais o aspecto ó que se ten dedicado maior atención, aínda que o noso coñecemento global da cuestión continúa sendo insatisfactorio. O traballo pioneiro foi o de Teresa Gallego, *Mujer, Falange y franquismo*, Taurus, Madrid, 1983. Tamén hai que facer referencia ó de Rosario Sánchez, *Mujer española. Una sombra de destino en lo universal*, Universidad de Murcia, Murcia, 1990. Exemplos de estudos provinciais sobre a Sección Feminina son Antonieta Jarne, *La Sección Femenina a Lleida*, Pagès Editors, Lleida, 1991, e Esperança Bosch e Victòria Ferrer, *El model de dona de la Sección Femenina*, Universitat de les Illes Balears, Palma, 1997. Unha comparación entre o discurso e a práctica política respecto á muller dos réximes franquista, fascista italiano e nacionalsozialista alemán en Carme Molinero, “Mujer, franquismo, fascismo. La clausura forzada en un ‘mundo pequeno’”, *Historia Social*, 30, 1998.
⁴ Sobre a lexislación educativa para a muller véxase Alicia Alted, “La mujer en las coordenadas educativas del régimen franquista”, en Carmen García Nieto (ed.), *Ordenamiento jurídico y realidad social de las mujeres XXVI-XX*, Universidad Autónoma de Madrid, Madrid, 1986.
⁵ José Pemartín, *¿Qué es lo nuevo? Consideraciones sobre el momento español presente*, Espasa Calpe, Madrid, 3ª edición, 1940, páx. 142.
⁶ Non dispoñemos de ningún traballo de carácter xeral sobre a educación feminina. O máis amplo dos existentes é o de M. Carmen Agullo e José M. Fernández, *La educación de la mujer durante el franquismo y su evolución en Valencia (1950-1979)*, Universitat de València, Valencia, 1993.
⁷ Véxase Carme Molinero, Pere Ysàs, “Patria, Justicia y Pan”. *Nivell de vida i condicions de treball a Catalunya 1939-1951*, La Magrana, Barcelona, 1985, cap. 2.
⁸ Véxase Conxita Mir, et al., *Repressió econòmica i franquisme. L'actuació del Tribunal de Responsabilitats Polítiques a la província de Lleida*, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, Barcelona, 1997, e Francesc Vilanova, *Repressió política i coacció econòmica*, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, Barcelona, 1999.
⁹ Véxanse a modo de exemplo, entre outras, as obras de autoras tan diversas como Carmen Martín Gaité e Ana María Matute.

Desde os anos sesenta foi moi difícil para os dirixentes franquistas soste-lo mesmo discurso de reclusión feminina no ámbito doméstico e ó mesmo tempo estender unha imaxe de “desenvolvemento” e integración nunhas coordenadas “modernas”

Carme Molinero

UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE BARCELONA



APRENDER HISTORIA A TRAVÉS DAS FAMILIAS: EXERCICIO ORAL SOBRE A GUERRA CIVIL E A POSGUERRA

CARME GUIMERÁ RAVINA

“El aspecto subjetivo, el ‘ambiente’ de los acontecimientos es también una condición de la realización de la Historia. ¿Dejaremos el monopolio a los novelistas? Esto sería, por parte del historiador, una manera de renunciar.”

Pierre Vilar¹

“Este traballo está dedicado á memoria de A. I. (1925-1988). Quérote para sempre. Queda en paz.”²

Marco no que se desenvolve o traballo

O marco no que se desenvolve a experiencia ten unha tripla vertente: o programa de Historia nas Seccións Internacionais Españolas, o tipo de alumnado que temos e a tradición de Bordeos como cidade de acollida de españois.

O meu labor lévase a cabo na Sección Internacional Española de Bordeos en dous centros franceses: o Collège Cheverus (11-

15 anos) e o Lycée Magendie (15-18 anos). O noso alumnado cursa tódalas materias en francés coma o resto dos seus compañeiros pero, no canto de estudiaren Lingua española como primeira lingua estranxeira cun profesor francés, teñen catro horas semanais de Lingua e Literatura españolas con profesores españois. No tocante á Historia e a Xeografía, compártese as horas destinadas ás ditas materias entre o profesor español de Historia e o maillo francés.

Esta experiencia leveina a cabo durante os cursos 1995-96, 1996-97, 1997-98, 1998-99 e 1999-2000 nas clases de Xeografía e Historia de *Troisième* do Collège Cheverus e de *Première* no Lycée

Magendie, e terá continuidade, naturalmente, no curso 2000-2001.

A elección deses cursos vén dada polo programa establecido de Xeografía e Historia en tódolos niveis. En *Troisième* (14-15 anos), o programa de Historia abrangue a historia xeral francesa e española desde a I Guerra Mundial ata os nosos días. En *Première* (16-17 anos) estúdase a historia desde a I Guerra Mundial ata a II Guerra Mundial con apartados dedicados á historia xeral francesa e española. Son, polo tanto, as ocasións idóneas para tratar cunha certa profundidade a II República española, a Guerra Civil e a posguerra.

O noso alumnado, seleccionado polo seu nivel de español, é practicamente bilingüe e, a maioría, de nacionalidade francesa con raíces españolas. Ademais, hai algúns españois residentes en Bordeos por razóns varias e algúns latinoamericanos³.

Por último, non hai que esquece-la tradición de acollida que ten a cidade de Bordeos para moitos liberais ilustres do século XIX, entre os que hai que citar, naturalmente, a Goya, que viviu aquí os catro derradeiros anos da súa vida. No que se refire ó exilio específico productivo da victoria de Franco sobre a República, Bordeos serviu de lugar de paso temporal, antes de instalárense noutros países, a moitos exiliados como Azaña ou Sánchez Albornoz, por citar dous exemplos. Pero foron os republicanos 'anónimos' os que despois de pasa-la fronteira, acabar en campos de concentración franceses e negarse a ser repatriados, foron abríndose camiño na zona con enormes dificultades. De feito, aínda se coñece un determinado barrio de Bordeos como o barrio español, que se nutriu nas súas orixes de exiliados políticos e de emigrantes económicos de finais dos cincuenta e os sesenta. Neste barrio existe mesmo hoxe en día unha nutrida colonia de españois con asocia-

cións de emigrantes moi activas, aínda que o barrio recibiu posteriores ondatas de emigrantes portugueses e, máis tarde, magrebís⁴.

As intencións didácticas da investigación

As intencións foron moi claras desde o primeiro momento. Por unha banda, continuar co tipo de actuación didáctica que xa viña practicando en Barcelona no que se refire, entre outras cuestións, a explorar as ideas previas do alumnado sobre os temas tratados para facilitala súa aprendizaxe. Por outra, busca-las posibles relacións afectivas do alumnado cos acontecementos históricos para integralos de forma permanente no seu coñecemento da Historia recente de España.



Ademais, intentamos constatar que unha cidade como Bordeos⁵ e a súa área de influencia recibiu numerosos exiliados a finais da Guerra Civil. Supoñer que parte do alumnado da Sección Española tiña, polo menos en parte, orixe española, dábame pé a esperar atopar moitos testemuños, co que o traballo en común na clase podería ser dunha certa riqueza e variedade.

Foron os republicanos 'anónimos' os que despois de pasa-la fronteira, acabar en campos de concentración franceses e negarse a ser repatriados, foron abríndose camiño na zona con enormes dificultades

Son moi consciente dos problemas de 'fidelidade histórica' que suscitan este tipo de traballos⁶, pero a intención non era levar a cabo unha recollida de datos exhaustiva e supostamente obxectiva. O obxectivo era e é eminentemente didáctico, sen que isto queira dicir que os datos recollidos non sexan unha fonte válida para a historia oral.



Desenvolvemento da experiencia

A. experiencia desenvólvese en varias fases: os cuestionarios, as entrevistas, a exposición oral na clase e as conclusións.

Nun primeiro momento entréganse "cuestionarios"⁷ moi simplés ó alumnado para que realicen entrevistas a seus pais e avós; cuestionarios sinxelos e abertos abondo para que as entrevistas foran o máis doadas posible. Axiña me decatei de que realizar unha entrevista ós pais era importante para toma-lo fío conductor da propia historia familiar e incluína de forma específica o segundo ano.

Ademais, dáselles instrucións moi concretas para que leven a cabo as súas entrevistas, como son, entre outras: a busca do momento axeitado, unha gran

delicadeza ante a reacción dos avós e a garantía do anonimato⁸. Sobre todo insítese na súa condición de historiadores, investigadores ou entrevistadores dos verdadeiros protagonistas da Historia e en que teñen que actuar con tacto pois van atopar situacións duras para os entrevistados e para eles mesmos⁹.

Para o "desenvolvemento das entrevistas" establécese un longo período de tempo con vacacións escolares polo medio (Nadal e febreiro) para que poidan falar de vagar cos avós pois non todos viven preto. O seguimento dos avatares das entrevistas é, por veces, complicado, pois preséntanse imprevistos de todo tipo; penso que é un bo exercicio de paciencia para o profesor. Nalgúns casos os alumnos envían por correo as preguntas e reciben dos avós unha carta coas respostas ou unha casete gravada; nalgúns casos, contéstanlles por teléfono. Pouco a pouco cada alumno vai confeccionando o seu traballo non só cos resumos das respostas dos pais e avós, senón con moito material proporcionado polos entrevistados, materiais que son parte importante das súas vidas e que lles é devolvido escrupulosamente¹⁰. Vallan uns cantos a xeito de exemplo: libros escritos (e/ou editados) polos seus avós, cartas da época, fotografías, billetes da República que non lles serviron para nada, cancións, poemas, cartillas de racionamento, bandeiras republicanas ou vascas gardadas celosamente durante moitísimos anos...

Cando chega o momento da "exposición oral", dedícanse as sesións de clase necesarias para que todos vaian expoñendo os seus traballos, para que haxa tempo de elaborar un tema con toda a información e extraer unhas conclusións xerais. En función dos cursos, a planificación do ano e as vicisitudes da realización das entrevistas, esta etapa realízase adoito durante o traballo do tema da Guerra Civil, aínda que nalgún caso se ten feito

A intención non era levar a cabo unha recollida de datos exhaustiva e supostamente obxectiva. O obxectivo era e é eminentemente didáctico

entre a II República e a Guerra Civil como inmersión no tema da Guerra Civil ou ó final desta como recapitulación e enlace coa posguerra. É evidente que os diferentes momentos en que se pode face-la parte expositiva teñen pros e contras facilmente resolubles por parte do profesor.

As “conclusiones dos alumnos”, tanto no traballo individual como despois das exposicións orais e posta en común, son francamente positivas, aínda que nalgún caso se queixaran do laborioso que fora obte-la información.

En síntese, o máis destacable das súas conclusións é que aprenden moita Historia e afirman que non se esquecerán nunca do tema. Nalgún grupo foi tal a riqueza de experiencias que só houbo que expoñe-lo marco xeral da Guerra Civil e da Posguerra. Ademais, afirman que lles gusta aprender Historia doutro xeito diferente ó que están afeitos¹¹.

Non menos importante é a afirmación de que se reencontran coas súas familias e que aprenden a respecta-los seus avós. En moitos casos, vían os avós como persoaxes pesados, sempre coa cantilena do que perderon en España e o moito que levan sufrido ou, noutros casos, como persoas distantes das que non sabían ren pois opta-

ran por non falar do tema¹². Prodúcese na maioría dos casos un forte impacto emocional en tódalas partes implicadas, sobre todo nos avós e nos netos. En resumo, a indiferencia pola vida dos avós convértese, en moitos casos, en gran respecto e se en tódalas etapas da vida o terreo afectivo é importante, na adolescencia aínda o é máis.

Resultados das entrevistas

As entrevistas¹³ realizadas polo alumnado foron numerosas dadas as circunstancias. En primeiro lugar, quero destacar que durante os dous primeiros cursos non o fixen no nivel de *Troisième* por considerar que eran moi novos e porque pensaba que este tipo de traballo chocaba demasiado cos métodos dos profesores de Historia franceses no Collège; pero, vistos os resultados no Lycée, decidínme a facelo cos alumnos de *Troisième* nos últimos anos. A experiencia resultou interesante. Por outra parte, hai que sinalar que tódolos alumnos fixeron algún tipo de entrevista pero a disparidade numérica débese a que os grupos non son moi numerosos nin cos mesmos efectivos tódolos anos. As diferencias no que se refire ós temas tratados explícase pola riqueza de orixes do propio alumnado.

Na análise de tódalas entrevistas¹⁴ habería que destacar varias cuestións. En primeiro lugar, o que aquí presento é unha visión de conxunto de tódalas entrevistas realizadas nestes catro anos, evidentemente máis completa que cada experiencia en cada grupo-clase, pero mesmo así as contribucións en cada grupo-clase foron variadas e ricas abondo como para permitir unha adecuada explotación didáctica.

Por outra parte, quero sinala-la diferenza de ton e de contido entre as entrevistas dos avós e avoas e mailas dos pais. As respostas dos primeiros teñen un

Non menos importante é a afirmación de que se reencontran coas súas familias e que aprenden a respecta-los seus avós



Noutra orde de cousas habería que sinalar que as lembranzas dos avós e avoas teñen moitos puntos en común aínda que loitaran ou viviran en bandos distintos durante a Guerra Civil española

carácter máis sentimental, con lembranzas e emocións moi fixadas na súa memoria, mentres que a maioría das respostas dos pais e as nais son máis 'frías', eu incluso diría que baseadas máis no que leron sobre o tema ca en reflexións sobre vivencias persoais.

Canto á procedencia xeográfica dos avós e as avoas, hai que destacar que son do máis variado pois veñen de case toda a xeografía española e, a maioría, son de orixe campesiña.

Polo que se refire ó bando ó que pertencían —e afirman seguir pertencendo—, está bastante claro nas declaracións que a maioría son republicanos. Emporiso, o que xa resulta máis difícil é descubrir, agás en casos de clara militancia, ónde se situaban dentro do panorama republicano. Quizais se deba a que iso xa non estaba tan claro en moitos casos ou a que algúns non quixeron entrar en detalles a pesar de seren doadamente identificables.

Noutra orde de cousas habería que sinalar que as lembranzas dos avós e avoas teñen moitos puntos en común aínda que loitaran ou viviran en bandos distintos durante a Guerra Civil española¹⁵. As impresións que algúns teñen da II República son gozosas e festivas ('liberdade', 'divorcio', por citarmos dous exemplos) se ben nun caso se citan as famosas queimas de conventos.

Verbo das vicisitudes da propia guerra, aparecen con frecuencia os temas da fame, a miseria, os bombardeos, os piollos, o sufrimento, a morte de seres queridos, as denuncias nas vilas, o medo ós outros (desde os anarquistas ós falanxistas), os paseos e algunhas participacións en batallas importantes como a do Ebro.

As impresións da fin da guerra veñen claramente diferenciadas polo bando no

que se estivera: os republicanos narran con todo detalle a dureza das detencións, a prisión, a fuxida a Francia, mentres que os franquistas ven o remate da guerra como unha liberación.

Agora ben, as impresións sobre a posguerra son, outra volta, moi similares: fame, pobreza —que, segundo varios entrevistados, a foi causa de emigraren—, cartillas de racionamento, 'mili' (cando non cárcere) durante anos e, por suposto, as separacións familiares que impuxo o exilio.



Por último, a vida en Francia cualifícanse de moi dura durante moito tempo, con grandes dificultades como a lingua, os campos de concentración, a busca de traballo¹⁶, a adaptación ó país e, sobre todo, unha gran frustración que levou algúns a querer esquecelo todo.

Problemas da experiencia

A experiencia foise modificando ó longo dos anos que a fun levando a cabo, como resultado dos problemas detectados en cursos anteriores, co que fun facendo

unha avaliación. Como é obvio, non é o mesmo no nivel de *Troisième* ca en *Première*. O realmente interesante, á parte da variedade de situacións encontradas, é que cando se propón o traballo nun grupo non se sabe realmente qué se vai atopar, intúense algunhas cousas pero sempre é unha sorpresa tanto a reacción dos entrevistados como as respostas en si mesmas. De tódalas maneiras, hai que ter reflexos, ou mellor dito hai que ter moitas cunchas para evitar que algúns alumnos se sintan marxinados pola súa escasa relación con España ou porque pensan (en bastantes casos) que os avós e as avoas non van querer responder.

Por outra parte, os encontros cos avós non son sempre doados, ben sexa pola distancia ou pola saúde delicada (algunha vez morreu algún durante o proceso de traballo), así que hai que contar con moito tempo por diante e con vacacións polo medio. Cando chega o momento en que todo o mundo fixo as súas entrevistas e se pode levar a cabo a posta en común, resulta que moitos alumnos hai xa meses que fixeron as súas enquisas e pasóuselle-lo impacto que provoca en moitos deles. Por todo isto, é importante harmonizar os ritmos de tódolos participantes na experiencia para que todos se sintan protagonistas.

Un atranco que se presentou máis dunha vez é a diferente apreciación do grao de "heroicidade" dos avós de cada un. É habitual que cando un avó tivo unha vida apaixonante e fóra do común, aínda tratándose de exiliados políticos, cando lle toca expoñer ó alumno seguinte e ve que o seu avó é "normaliño" séntese apoucado. É importante crear un clima de respecto na aula por tódalas vivencias pois, aínda que a maioría responden ó campo republicano, hai casos en que os avós apoiaron o bando franquista ou se declaran directamente "apolíticos". Hai que insistir en que



tódalas vivencias son igualmente importantes e o conxunto das experiencias é o que fará rica a información para toda a clase.

Outro problema é que a exposición de traballos, conclusións e posta en común pode durar moito tempo en cursos numerosos, e en Francia o cumprimento estrito do programa é algo sagrado. Pero iso é un risco coñecido que se soluciona cunha boa planificación anual, dedicándolle menos tempo a outros temas.

En síntese, as **conclusións** son enriquecedoras, tanto para o alumnado de cada grupo como para a profesora, pois situacións familiares e políticas que foron aparecendo son moi variadas e interesantes. En resumo diría que, en primeiro lugar, o alumnado é consciente de que se pode aprender historia (e apréndena) dunha maneira diferente á que están acostumbrados; e, en segundo lugar, este traballo fainos reencontrarse coa historia da súa propia familia, asumindo un enorme respecto polos seus avós que, moitos deles, antes do traballo, non sentían. De tódolos xeitos, quen máis aprendeu (e está a aprender) desta experiencia son eu, pois teño a visión de varios grupos con todo o que isto implica de enriquecedor.

Bordeos, setembro de 2000

O alumnado é consciente de que se pode aprender historia (e apréndena) dunha maneira diferente á que están acostumbrados

CAROL GONZÁLEZ BARRA
CATEDRÁTICA DE
HISTORIA E HISTORIA
DAS INSTITUCIÓNS
DAS ESCOLAS DE ESPAÑA

ANEXO I: MODELOS DE CUESTIONARIOS

AVÓS/AVOAS

INDICA-LA PERSOA Á QUE SE LLE FIXO A ENTREVISTA:

- Avoa materna data e lugar de nacemento
- Avó materno data e lugar de nacemento
- Avoa paterna data e lugar de nacemento
- Avó paterno data e lugar de nacemento

PREGUNTAS:

- 1 • ¿Que recordas da Segunda República?
- 2 • ¿Como che afectou?
- 3 • ¿Que recordas da Guerra Civil española?
- 4 • ¿Como che afectou?
- 5 • O final da Guerra Civil e o franquismo, ¿como influíu na túa vida e na da túa familia?

PAIS

INDICA-LA PERSOA Á QUE SE LLE FIXO A ENTREVISTA:

- Nai data e lugar de nacemento
- Pai data e lugar de nacemento

PREGUNTAS

- 1 • ¿Que sabes da Segunda República española?
- 2 • ¿Que sabes da Guerra Civil española?
- 3 • ¿Que sabes do franquismo e das súas repercusións?
- 4 • ¿Algunhas destas etapas da historia recente de España afectou a túa vida ou a da túa familia?

ANEXO II: ENTREVISTAS REALIZADAS

	3 Hª Esp. Avós	3 Hª Esp. Pais	1 Hª Esp. Avós	1 Hª Esp. Pais	1 IIGM Avós	1 G. Alxer Avós	1 ex-lug Pais	1 Chile Avós	1 Chile Pais	1 Nicar. Pais
1995-96			8	3					1	
1996-97			13	6	5			2	2	1
1997-98	11	7	15	7	7	1	1			
1998-99 8	8	7	6	11					2	
TOTAL	19	14	42	27	15	1	1	2	5	1

3: Troisième / 1: Première

BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA SOBRE O EXILIO E A INMIGRACIÓN ESPAÑOLA EN FRANCIA

Cuesta, Josefina, e Benito Bermejo (coord.), *Emigración y exilio. Españoles en Francia (1936-1946)*, Madrid, Eudema (estudios de Historia Contemporánea, 1996.

Dreyfus-Armand, Geneviève, e Emile Temime, *Les camps sur la plage*, Autrement (Série Monde, Français d'ailleurs, peupel d'ici, HS núm. 88), 1995.

Hazera, Jean, *Dix années d'immigration espagnole en France (1957-1967)*, (Tese comple-

mentaria de doutoramento), Pau, 1968.

Rafaneau-Boj, Marie-Claude, *Los campos de concentración de los refugiados españoles en Francia (1939-1945)*, Barcelona, Omega, 1995.

Ribas, Enrique de, "Azaña en Montauban", *Historia 16*, 178, 1991, páxs. 12-30.

Rubio, Javier, *La emigración española a Francia*, Barcelona, Ariel, 1974.

Sánchez-Albornoz, Claudio, *De mi anecdotario político*, Bos Airesa, Losada, 1972.

Solé, José M., "Azaña, el ocaso de un presidente", *Historia 16*, 96, 1984, páxs. 11-24.

Temime, Emile, *La guerre d'Espagne*, Complexe (col. Questiones au Xxem siècle), 1996.

BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA SOBRE HISTORIA ORAL

Fraser, Ronald, *Recuérdalo tú y recuérdalo a otros. Historia oral de la guerra civil española*, (2 vols.), Barcelona, Grijalbo/Mondadori, 1997.

Friera, Florencio, "Las fuentes orales como recurso didáctico para la enseñanza: la Guerra Civil española en Asturias", *Iber*, 10, 1996, 71-85.

Moore, Kate, "Historia oral: Debate metodológico", *Historia, Antropología y fuentes orales*, 18, 1997, 5-13.

Vidal, César, *Recuerdo mil novecientos treinta y seis... Una historia de la guerra civil española*, Barcelona, Anaya/Mario Muchnick, 1996.

Vilanova, Mercè, *Les majories invisibles. Exploració fabril, revolució i repressió*, Barcelona, Icaria, 1995.



informe (15 de outubro de 1999), entrevistan na radio unha vendedora dun mercado moi emblemático de Bordeos (Les Capucins) e como a cousa máis natural do mundo explica as vicisitudes da súa nai como vendedora pola rúa a raíz da súa chegada aquí fuxindo da Guerra Civil española.

⁶ Vid. M. Vilanova, *op. cit.*, cap. II.; C. Vidal, *op. cit.*, introducción; e K. Moore, *op. cit.*, páxs. 5-13.

⁷ Ver anexo I.

⁸ Un avó non se decidiu a falar coa súa neta ata que non se convenceu de que "a profesora non ía pasa-la información que el lle dera á policía española" [sic].

⁹ En moitos casos os avós ou avoas choraron diante dos seus netos lembrando as súas vivencias.

¹⁰ Só conservo fotocopia dos traballos dos alumnos debidamente datados e numerados para conserva-lo anonimato prometido.

¹¹ Unha alumna explicitou que "sempre pensei que se podía aprender Historia doutra forma e nunca a atopara, agora sei que tiña razón" (sic).

¹² Nalgún caso a entrevista ós avós, feita pola alumna en presenza dos seus pais, revelou-lles a estes moitísimos aspectos da vida dos seus propios pais que descoñecían ata o momento.

¹³ Ver cadro de entrevistas no anexo II.

¹⁴ Este informe refírese fundamentalmente ás entrevistas sobre a historia recente de España.

¹⁵ Os franquistas declarados son minoritarios e só hai un que se confesa falanxista.

¹⁶ Un avó, que aínda segue sendo comunista, recoñecía que ó mesmo tempo que o PCF se encargaba de acolle-los exiliados comunistas españois, tiñan medo de que estes lles foran quita-los seus traballos.

NOTAS

¹ Vid. R. Fraser, *op. cit.*, vol. I, pág. 25.

² Dedicatoria final do traballo dun alumno ó seu avó. A investigación foi realizada a través das entrevistas á súa avoa e pais.

³ Algúns alumnos e alumnas non tiñan referentes familiares dos períodos citados da historia de España, pero a cuestión resolveuse con entrevistas a avós franceses que estiveran en campos de concentración de Alemaña ou que explicaban a vida na Resistencia durante a II Guerra Mundial. Ademais, había avós de orixe hispanoamericana, como un alumno de orixe nicaraguana que entrevistou os seus tíos e pais sobre a etapa de Somoza e a sandinista, ou certo número de chilenos e chilenas provenientes do exilio posterior ó golpe de estado de Pinochet e que, neste caso, entrevistaron os seus propios pais. Todos estes traballos expuxéronse no desenvolvemento do tema correspondente.

⁴ Constátase nos "vellos españois" o fenómeno coñecido dun certo rexeitamento ós novos emigrantes; pero ese é outro conto...

⁵ A presenza de exilados e emigrantes españois en Bordeos é tan notoria que o tema aparece frecuentemente na vida cotiá. Vallan só dous exemplos de tódolos que podería contar: hai uns meses arranxaban un tellado en fronte da miña casa e, de pronto, escoitei cantar nun español perfecto a canción do emigrante de Antonio Molina. O outro exemplo é que no momento en que reviso a redacción deste

Os coño
protagonistas
veranse mellados
en toda unha
aventura
iniciática, que
os transforma
vivamente
A unha especie
de "road movie"
de personaxes
que adquiren
a adullez y se
liberan de la
miseria moral
del asfianle
franquismo"

CARME GUIVERÁ RAVINA
CATEDRÁTICA DE
XEOGRAFÍA E HISTORIA
SECCIÓN INTERNACIONAL
ESPAÑOLA DE BORDEOS

LOS AÑOS BÁRBAROS

UNHA PROPOSTA
DIDÁCTICA PARA
O 2º CICLO DA ESO

GUILLERMO LLORCA FREIRE

“Al igual que un libro de historia, un film histórico no es una ventana abierta al pasado sino una reconstrucción del mismo”¹

A utilización do cine como un recurso didáctico constitúe para min, dende hai moito tempo, un fundamental instrumento metodolóxico² que lle facilita ó alumnado unha mellor comprensión das complexas claves da interpretación histórica. No caso que nos ocupa, dentro da proposta monográfica de *Dez•eme* sobre o franquismo, quixera recomendarla película *Los años bárbaros*, como un exemplo interesante para analizarla ditadura franquista, concretamente, durante a etapa da autarquía.

¿Por que esta película?

Dentro da abondosa filmografía sobre a época franquista —da que Aurora Vázquez ofrece noutro traballo unha ben seleccionada escolma—, a escolla de *Los años bárbaros* estivo motivada por ser unha película, de non moita calidade cinematográfica, pero si amena e divertida para o perfil do alumnado e que



logra engancha-los estudantes dende o inicio da proxección pola súa frescura xuvenil, pola mestura do drama coa comedia e polas súas graciosas situacións. De feito, como sinala o acreditado director de comedias Fernando Colomo: “[...] *Se nos planteó el reto de que la historia había que inventarla [...] contando en clave de humor lo que era la posguerra*”³.

Sinopse argumental

A historia, baseada nun feito real e no argumento da novela *Otros hombres*, de Manuel Lamana, comeza cando dous mozos universitarios, Nicolás Sánchez Albornoz e Manuel Lamana, membros da clandestina Federación Universitaria de Estudiantes (FUE), realizan na cidade universitaria de Madrid, en 1947, unha pintada: “Viva la Universidad Libre”, nos muros da Facultade de Filosofía e Letras.

Xa na ficción, os dous estudantes, Tomás e Jaime, son collidos “coas mans na masa”, ou, mellor dito, coas brochas nos botes de pintura, e trasladados á comisaría. Permanecen detidos durante



oito meses en Carabanchel e despois da intervención persoal de Víctor Marquina, xefe nacional do Sindicato Español Universitario (SEU), diante do Xeneralísimo, que solicita unha sentenza exemplar para os acusados, son condenados a oito anos de cárcere. Son destinados a Cuelgamuros, na serra do Guadarrama, para realizaren, xunta centos de presos políticos, traballos forzados na construción dun xigantesco monumento conmemorativo, o Santuario del Valle de los Caídos, que manda construír Franco en lembranza dos mortos na Guerra Civil española.

Gracias a un disparatado plan elaborado polo francés Michel, especialista en fugas e comprometido na loita antifranquista, os dous presos conseguen fuxir de Cuelgamuros coa axuda de dúas estranxeiras, a canadiana Kathy, quen presume, falsamente, de que o seu pai estivera nas Brigadas Internacionais, e a norteamericana Susan. Fanse pasar por turistas e serán as encargadas de recolle-los fuxitivos no Escorial para levalos ata a fronteira francesa.

Os catro protagonistas, os dous españois e as dúas forasteiras, veranse metidos



**FICHA TÉCNICA DE
LOS AÑOS BÁRBAROS**

España, 1988.

Duración: 120'

Director: Fernando Colomo

Guión: Carlos López, José Ángel Esteban, Fernando Colomo e a colaboración de Nicolás Sánchez Albornoz

Fotografía: Néstor Calvo

Música: Juan Bardem

Montaxe: Miguel Ángel Santamaría.

Intérpretes principais: Jordi Mollá (Tomás), Ernesto Alterio (Jaime), Hedy Burress (Kathy), Allison Smith (Susan), Juan Echanove (Víctor), José M^a. Pou (Roa), Samuel Le Bihan (Michel), Alex Angulo (Máximo), Pepón Nieto (Velasco)

en toda unha aventura iniciática, que os transforma vitalmente nunha especie de "road movie de personajes que adquieren la adultez y se liberan de la miseria moral del asfixiante franquismo"⁴.

NOTAS

¹ *El pasado en imágenes. El desafío del cine a nuestra idea de la historia*, Barcelona, Ariel, 1997.

² Llorca Freire, G. "Cine y didáctica de la historia", *Revista de Bachillerato*, 18, Madrid, IV-VI - 1981.

Llorca Freire, G., T. Leira Álvarez, e A. Romero Masiá, *A historia das civilizacións a través do cine*, (s. l), Proxectos de innovación educativa, Consellería de Educación da Xunta de Galicia, (s. d.).

³ Jiménez de las Heras, J. A. "Regreso a la posguerra", *Dirigido por ...*, 271, IX-1998.

⁴ *Equipo Reseña. Cine para leer*, Gallasta, Ediciones Mensajero, 1999, pág. 150.

Os catro protagonistas veranse metidos en toda unha aventura iniciática, que os transforma vitalmente nunha especie de "road movie de personajes que adquieren la adultez y se liberan de la miseria moral del asfixiante franquismo"

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

- ¿En que ano se sitúa a acción da película?
- Sitúa a película, coas claves que se dan, nunha das etapas do franquismo.
- ¿Que aspectos da vida cotiá daquela época aparecen ó longo do filme?
- Explica o significado das seguintes frases :
“Un tipo igual a Mussolini”, opinión de Susan sobre Víctor Marquina.
“Aquí dejaron su sangre los presos políticos del franquismo. Viva la Libertad”.
“¿Tu has visto Gilda, Máximo? A mi me lo puedes decir”, pregunta de Víctor Marquina ó seu camarada da Falange.



- ¿Que vestimenta identificaba os membros da Falange? ¿Que indumentaria levaban os nazis e os fascistas?
- Define os seguintes termos :
Dictadura
Loita clandestina
Preso político
Compromiso político

- ¿Que che proporcionou a película con respecto ó tema estudado na clase?
- ¿Coñeces algunha outra película ambientada na época de Franco?



- Emite un xuízo crítico sobre cada un dos protagonistas.
- ¿Con que personaxe te identificas máis? ¿Por que?
- ¿Como valóra-la sentencia xudicial pola pintada?
- Compara e valora algunhas das características da ditadura que se reflicten na película coa democracia actual.
- Sitúa nun eixe cronolóxico os acontecementos máis importantes que se producen ó longo da película.
- Busca información sobre:
Falange
Brigadas Internacionais
Santuario del Valle de los Caídos
- Localiza na túa cidade algúns monumentos arquitectónicos ou escultóricos da época de Franco.
- Se coñeces algunha persoa que sufrira represalias polo franquismo, faille unha entrevista coas preguntas elaboradas polo grupo.

O ENSINO DA HISTORIA NO FRANQUISMO (1939-1970)


RAMÓN LÓPEZ FACAL

1. Antecedentes da idea de Historia de España presente nos manuais franquistas

O discurso histórico nacionalista, presente nos libros de texto ata a etapa final do franquismo, conformouse basicamente no século XIX; aínda que debedor de tradicións protonacionais anteriores, a obra de referencia máis importante foi a *Historia General de España* de Modesto Lafuente (1850), que utilizou un concepto de nación histórico-organicista a partir sobre todo de catro elementos: *territorio, historia* —unidade político-lexislativa desde o pasado remoto—, *psicoloxía* ou *carácter* común da poboación española, e *identidade relixiosa* católica. Os tres primeiros son comúns con outros nacionalismos europeos do seu tempo, pero desmárcase deles na escasa atención prestada á lingua *nacional* e no papel decisivo atribuído, pola contra, á Igrexa católica na formación da nacionalidade española.

A dimensión territorial da idea de nación, con vellas raíces pre-nacionais, favoreceu que a exaltación da unidade político-lexislativa se constituíuse no baremo para valora-lo pasado segundo o maior ou menor grao de *centralización* e *unidade* alcanzado polo poder político: os reis visigodos e os Reis Católicos convertéronse así en fitos fundadores da nacionalidade española. O mito do *carácter nacional* foi, sen dúbida, o elemento aceptado de maneira máis unánime tanto por españois coma por estranxeiros, o que facilitou unha

presencia permanente nos libros de Historia e, aínda que existiron matices na valoración dese *carácter*, o tópico con maior presenza foi o formulado por Modesto Lafuente: a súa orixe remontábase ós pobos ibéricos prerromanos, e as proezas —individuais ou colectivas— demostraban ó longo da Historia a súa inmutabilidade: Sagunto e Numancia, Guzmán *el Bueno* e o Cid, os sitios de Zaragoza e Xirona... A identidade católica de España é unha das diferencias máis salientables da interpretación nacionalista da Historia de



España. As orixes deste tópico están, tamén neste caso, na literatura prenacional nada á calor da contenda relixiosa dos séculos XVI e XVII, e utilizada como fonte historiográfica polos escritores do XIX. Pero a súa ascensión coincidiu, ademais, coa intencionalidade dos moderados isabelinos de reconstruíren a súa alianza coa Igrexa católica e os antigos estamentos privilexiados enfrontados inicialmente ó Estado liberal.

A partir da Restauración abriuse unha fenda entre a historiografía liberal progresista, agrupada en torno á ILE —que adoptou o *método histórico* da historiografía positivista francesa—, e o conservadurismo tradicionalista nacional-católico que acentuou un discurso integrista excluínte. O referente intelectual materializouse para o primeiro grupo na obra de Rafael Altamira, preocupándose da introducción de rigor metodolóxico e científico (que incorpora, por exemplo, os daquela recentes coñecementos de prehistoria) e, ó tempo, de promover un nacionalismo integrador e proactivo: a procura da integración nacional fomentouse desde a perspectiva *castellana* (Menéndez Pidal...) ou a reivindicación da proxección nacional na exaltación da cultura hispánica en Latinoamérica. O nacional-catolicismo, pola súa banda, herdara a tradición do integrista católico do século XIX que acadou o cumio nas obras da primeira etapa de Menéndez Pelayo (*Historia de los heterodoxos españoles*, 1880- 1882), e incorporou nos anos vinte do século XX certas contribucións irracionistas formuladas en torno ó 98. O discurso, moi agresivo, tivo ampla difusión nos manuais escolares promovidos por editoriais católicas que, na práctica, monopolizaron o mercado do libro de texto para colexios privados e tiveron ampla penetración no ensino primario público. O discurso era moi arcaico e simplista, orientado exclusivamente á exaltación relixiosa e a acusar de «falsas» e «anti-españolas» outras interpretacións que se apartasen do seu modelo idealizado da Historia.

2. Instrumentalización da Historia de España polo franquismo

As forzas políticas e sociais que confluíron no alzamento contra a República constituían unha amálgama ideolóxica pouco articulada e con escasos elementos

O nacional-catolicismo, pola súa banda, herdara a tradición do integrista católico do século XIX que acadou o cumio nas obras da primeira etapa de Menéndez Pelayo



Entrada de los iberos y de los celtas, en la Península Ibérica

Traían telas, armas, alimentos, etc., y muchas baratijas, como cuentas de vidrio, collares y adornos, que cambiaban por oro, plata y metales, explotando la curiosidad de los celtiberos.

Nos enseñaron muchas cosas: el alfabeto, la numeración, el uso de la moneda, la fabricación del vidrio, la salazón del pescado, la extracción del aceite, etc.

Los Griegos

Los griegos venían de las islas y costas del mar Egeo, sobre todo de una ciudad llamada Focea.

Lo mismo que los fenicios, establecieron colonias en Italia, Francia, y, por último, en el levante español. Tales fueron: Rosas, Ampurias, Sagunto.

Los griegos eran también comerciantes. Pero eran más cultos y artistas que los fenicios. Fueron buenos amigos de los españoles.

Nos enseñaron el cultivo de la vid y la obtención del vino, y, sobre todo, el arte de la escultura.



Fenicio

comúns: rexeitamento da política liberal-democrática —antiparlamentarismo— e integrista católico (con algunhas vacilacións entre os elementos máis próximos ó fascismo). A súa precaria elaboración teórica nos anos previos á Guerra trataron de suplirla coas «contribucións» de Acción Española (na que tivera cabida todo o antirrepublicanismo), sobre todo coas do seu fundador e director, Ramiro de Maeztu, e a utilización da parte máis reaccionaria da obra de Menéndez Pelayo. A falta de orixinalidade da Historia ensinada durante o franquismo non vén dada só pola utilización dos tópicos da historiografía española do século XIX; senón que tampouco se tratou dunha elaboración «específica» para substituí-los manuais da época republicana. Houbo unicamente unha pequena adaptación dos manuais católicos tradicionalistas da etapa anterior, eliminando aqueles textos que recollían a tradición liberal.

A Igrexa viña reclamando tradicionalmente a súa competencia exclusiva no ámbito educativo e nunca renunciara a tal



EDAD ANTIGUA

Lección 3.

PUEBLOS QUE VINIERON A ESPAÑA

9. A España llegaron varios pueblos, que procedían de Europa, de Asia o de África. Unos vinieron para quedarse a vivir y otros para comerciar o para conquistarla.
10. Los pueblos que han venido a España, son: los iberos y los celtas; los fenicios y los griegos; los cartagineses y los romanos; los bárbaros y los moros.
11. Los primeros pueblos históricos de España fueron los iberos y los celtas. Los iberos venían de África y se establecieron en las costas del Mediterráneo. Los celtas venían del centro de Europa y se establecieron en las costas del mar Cantábrico y del océano Atlántico.
12. Los iberos y los celtas se fueron extendiendo por España y se mezclaron. Así se formó el pueblo celtíbero, que ocupó el centro de la Península Ibérica.

5

pretensión, oponéndose por igual á liberdade de ensino liberal como á asunción polo Estado destas competencias. O novo Estado franquista satisfixo en gran medida estas aspiracións. Os contidos da educación quedaron supeditados á supervisión eclesiástica, recoñecéndolle a capacidade legal de censura previa e delegando nos centros relixiosos privados a formación das “minorías dirigentes”. Así, unha orde ministerial de 1937 decretou o peche de 37 institutos de ensino medio «innecesarios a todas luces», quedando reducidos a 113 en toda España en 1939 e só 119 vinte anos despois —1959— mentres que o ensino privado experimentou un espectacular crecemento ó se multiplicar por seis o número de centros entre 1939 e 1959; a matrícula nos centros privados, que en 1931 ascendía ó 28,9 %, alcanzou en 1943 o 70,7 % do total.


A primeira lei de reforma do bacharelato realizada durante o franquismo, impulsada por Pedro Sainz Rodríguez (1938), faise cunha marcada orientación elitista:

“Iniciase la reforma de la parte más importante de la Enseñanza Media —el Bachillerato Universitario— porque el criterio que en ella se aplique ha de ser norma y módulo de toda reforma, y porque la modificación profunda de este grado de Enseñanza es el instrumento más eficaz para, rápidamente, influir en la transformación de la Sociedad y en la formación intelectual y moral de sus futuras clases directoras.

Optaba pola formación “humanística” e “clásica” que reforzaba o elitismo duns estudos afastados de calquera formación práctica (só capacitaban para continuar estudos universitarios) e polo adoutrina-mento ideolóxico “nacional-católico”:

La cultura clásica y humanística se ha reconocido universalmente como base insuperable y fecunda para el desarrollo de las jóvenes inteligencias. (...) Bástenos enunciar entre sus decisivas ventajas: el poder formativo inigualado del estudio metódico de las lenguas clásicas; el desarrollo lógico y conceptual extraordinario que producen su análisis y comprensión en las inteligencias juveniles dotándolas de una potencialidad fecundísima para todos los órdenes del saber; el procurar esta formación, camino seguro para la vuelta a la valorización del Ser auténtico de España, de la España formada en los estudios clásicos y humanísticos de nuestro siglo XVI, que produjo aquella pléyade de políticos y guerreros —todos de formación religiosa, clásica y humanística— de nuestra época imperial, hacia la que retorna la vocación heroica de nuestra juventud; poder formativo político corroborado todavía notablemente con el ejemplo de las grandes Naciones imperiales modernas; y bastaría, finalmente, la consideración de la necesidad de dar en las circunstancias mundiales presentes, su plena valoración a los fundamentos clá-

Una constante
A primeira lei de reforma do bacharelato realizada durante o franquismo, impulsada por Pedro Sainz Rodríguez (1938), faise cunha marcada orientación elitista



Tódolos libros de texto eran moi semellantes nos seus contidos a causa da censura; a penas poden detectarse mínimos matices diferenciais

NOVIEMBRE 2000
58
dez.eme

sicos, greco-latinos, cristiano-romanos de nuestra civilización europea. Consecuentemente, la formación clásica y humanista ha de ser acompañada por un contenido eminentemente católico y patriótico. El Catolicismo es la médula de nuestra Historia de España. [...] La revalorización de lo español, la definitiva extirpación del pesimismo anti-hispánico y extranjerizante, hijo de la apostasía y de la odiosa y mendaz leyenda negra, se ha de conseguir mediante la enseñanza de la Historia Universal (acompañada de la Geografía), principalmente en sus relaciones con la de España. Se trata así de poner de manifiesto la pureza moral de la nación española; la categoría superior, universalista, de nuestro espíritu imperial, de la Hispanidad, según el concepto felicísimo de Ramiro de Maeztu, defensora y misionera de la verdadera civilización, que es la Cristiandad.

[BOE, 23 de novembro de 1938].

Tódolos libros de texto eran moi semellantes nos seus contidos a causa da censura; a penas poden detectarse mínimos matices diferenciais: por unha banda reeditáronse libros escritos por catedrati-

cos de instituto publicados antes da guerra que se adaptaron á nova situación política tras lograr supera-lo expediente das comisións provinciais de depuración; por outro, os manuais de editoriais relixiosas que alcanzaron ampla difusión gracias ó apoio oficial; existiu tamén un intento de crear uns textos oficiais, de orientación “falanzista”, publicados polo Instituto de España en 1939 e destinados ó ensino primario, pero que non contaron co amparo eclesiástico polo que a súa difusión foi limitada; e finalmente, a partir dos anos corenta, apareceron novos manuais redactados por profesores que obtiveran a súa cátedra despois da guerra.

A Falanxe, como tal, carecía dun corpus teórico minimamente coherente; cando a victoria franquista converteu este pequeno partido fascistoide no aparato oficial de propaganda e de mobilización de masas houbo que recorrer ós escritas do pensamento reaccionario dos anos precedentes, fundamentalmente á obra de Ramiro de Maeztu (*Defensa de la Hispanidad*) e o conglomerado agrupado en Acción Española. Foi decisiva a influencia de obras como a de Jorge Vigón que, en 1933, adaptara fragmentos de Menéndez Pelayo para a edición dunha *Historia de España* cunha periodización na que se inspiraron os manuais do Instituto de España. Nestes textos dividiuse a Historia de España en tres grandes apartados: “España Una”, que vén ser un longo proceso que se inicia na noite dos tempos e culmina no reinado dos Reis Católicos; “España Grande”, que abarca desde os Reis Católicos ata Carlos II; e por último, “España libre” que culmina coa derrota da “anti-España” na Guerra Civil. Reflicten unha orientación providencialista¹, sobre todo os acontecementos relixiosos: predicación do apóstolo Santiago, batalla de Covadonga... A simplificación da menxase católica e militarista alcanza o ridículo con afirmacións como “Los cris-

tianos hacían una vida sencilla, dedicados sólo a la guerra que se llama Reconquista, porque su afán era conquistar de nuevo los territorios nacionales que les habían arrebatado los árabes”. (*Primer Grado*, páx. 21). Un dos aspectos máis chocantes é a curiosa identificación dunha común identidade ibérica cos mouros norteafricanos:

Quizás se pueda decir en medio de esa variedad de grupos, el que más dominó y dió base y fondo al pueblo español, es el ibero, o sea, el venido del Norte de África, del cual proceden, sin duda, los moros de Marruecos. Por eso, cuando, más tarde, los moros invadieron España, encontraron un pueblo parecido a ellos en muchas cosas y lograron estar en ella muchos siglos y entenderse, durante ellos, perfectamente, en muchas partes, con los españoles. Por eso ahora los moros «regulares» pelean alegres y contentos, en el gran Movimiento Nacional, al lado de los españoles; se encuentran como en casa y quieren, como niños, a sus jefes y oficiales. Son como hermanos nuestros y las tierras de Marruecos son como una continuación de nuestras tierras de España. Pasar el estrecho de Gibraltar es como atravesar un río dentro de nuestra misma Patria, con españoles en una y otra orilla.

(*Op. cit. Segundo Grado*, páx. 14).

Sen dúbida esta formulación responde ó oportunismo político que precisaba xustificar a presenza de mouros no exército de Franco (a propaganda republicana apelara á simboloxía nacionalista da Reconquista para denuncia-la traizón de Franco); pero, á marxe da mentalidade prepotente e colonialista (“...quieren como niños a sus jefes...”) tal vez puidese corresponder tamén ó desexo de argumenta-la expansión “imperial” en Marrocos. En calquera caso, este é un dos poucos elementos que apartan a pretendida

“visión falanxista” da historia do tradicionalismo católico.

Outra diferenza coas posicións tradicionalistas é a consideración de Ataúlfo como “primer Rey de España” (*ibidem*, páx. 36), fronte á posición de Ramiro de Maeztu, incorporada a posteriores manuais *nacional-católicos* que identifican o momento de fundación da monarquía hispánica coa conversión de Recaredo no III Concilio de Toledo. Unha constante nestas obras é o seu *caudillismo*, é dicir, a xustificación do poder autoritario que se presenta



como un precedente do liderado de Franco; nalgún caso a alusión é explícita, coma cando se trata da figura do Cid:

...grande y hábil política de reconquista, sobre bases parecidas a las que se ha llamado luego “política africana” y que ha dado tan buenos resultados en Marruecos, cuyos moros son fieles y leales amigos nuestros. Desde su estancia en Zaragoza, el Cid no dejó ya nunca de llevar en sus tropas bastantes moros aliados y amigos. El Cid fué el primer capitán de “regulares”. Su modo de tratar a los moros, cono-

Unha constante é o *caudillismo*, é dicir, a xustificación do poder autoritario que se presenta como un precedente do liderado de Franco; nalgún caso a alusión é explícita, coma cando se trata da figura do Cid

ciendo su lengua, respetando sus costumbres, se parece mucho al modo de un Franco o un Varela, que han llegado, hoy día, a ser para los moros verdaderos “santones”, a quienes adoran y por quienes se dejan matar con gusto... (Segundo Grado, páx. 80).

A utilización da Historia como instrumento adoutrinador non se disimula, con constantes alusións ós tempos recentes: “Los comuneros son los abuelos de esos politiquillos prudentes y faltos de sentido poético que más tarde en España habían de sonreírse del grito Imperio lanzado otra vez por la juventud al aire y a la esperanza” (páx. 153). As duras palabras contra os monarcas do século XVIII (Carlos III “... fué un auxiliar funesto de la revolución política”) só son superadas pola consideración que merecen os liberais do século XIX, no que se enzalza o carlismo e chega a denominarse o trienio liberal como “Periodo Rojo”.

Pola súa banda, os libros das editoriais relixiosas (SM, Edelvives, Bruño...) non ofrecen novidades con respecto ás edicións anteriores á guerra, salvo nos capítulos finais dedicados á exaltación franquista e a sataniza-la República. Algúns incluso manteñen unha liña máis “liberal” nas primeiras reedicións posteriores á guerra cá dos novos textos que viron a luz polos mesmos anos. Así, no de SM, editado en 1940, mantense unha opinión relativamente eloxiosa da política borbónica do XVIII (agás a expulsión dos xesuítas, como viña sendo tradicional), e censura a actitude intolerante de Fernando VII. Os manuais de Bruño ou de FTD (posteriormente chamada Edelvives) que continuaron reeditando textos dos anos vinte, eran moito máis integristas.

Algúns catedráticos de instituto que se adaptaron á nova situación política (Bermejo de la Rica, José Ramón Castro, Pérez

Bustamante...) e que tiñan publicado manuais na época republicana, mantiveron, aínda nas primeiras reedicións despois da guerra, posicións próximas á que fora tradición conservadora pero liberal (metodoloxía *positivista*, tratando de facer unha narración desapaixonada do pasado, sobre todo no referido ás épocas máis antigas) se ben predomina un discurso elitista e abertamente antirrepublicano, ben fose por propio convencemento ou ben por razóns obvias de censura. Desde mediados dos anos corenta estes autores incorporaron xa plenamente o discurso oficialista, con afirmacións como: “La generación de



EL ALCÁZAR DE TOLEDO Y EL HEROICO GENERAL MOSCARDÓ
Lecc. 23. — HÉROES Y MÁRTIRES DE ESPAÑA

112. Desde el primer momento de la lucha, la Falange y los Requetés o Tradicionalistas se unieron al Ejército, y en los tres años que duró la guerra fueron muchos los jóvenes que murieron heroicamente en los campos de batalla, por Dios y por España.

113. Muchos miles de españoles, sacerdotes, religiosos y seglares, fueron bárbaramente asesinados en la España roja. José Antonio, preso en la cárcel de Alicante, dio su vida por España, el 20 de noviembre de 1936.

114. Entre todos los hechos heroicos sobresale la defensa del Alcázar de Toledo. El coronel Moscardó prefirió que los rojos mataran a su hijo, antes que rendirse.

115. La guerra terminó el día 1 de abril de 1939 con la victoria de nuestro invicto Caudillo Franco, que hoy dirige a España por caminos de paz y prosperidad.

30

1812 liberalizó el Estado y rompió la ligazón de destino universal” ou “La generación de 1898 se declaró en quiebra y creyó en una España decadente” (Bermejo de la Rica), e sectariamente antiliberais: “al proclamar la soberanía nacional..., ataca la institución monárquica, ...la disciplina... y el sentimiento religioso...” (Pérez Bustamante), en aberta contradicción co que publicaran poucos anos antes.

A obra de referencia para o ensino da Historia durante o franquismo foi, sobre todo, a *Historia de los heterodoxos españoles* de Marcelino Menéndez Pelayo, que viña sendo reiteradamente citada na Histo-

As duras palabras contra os monarcas do século XVIII só son superadas pola consideración que merecen os liberais do século XIX

ria ensinada desde a perspectiva tradicionalista e nacional-católica. Jorge Vigón contribuíu a popularizala cunha antoloxía de fragmentos seleccionados que recibiu o equívoco título de *Historia de España*, publicada por primeira vez en 1933 e que foi seleccionada tralo triunfo franquista na “Obra del maestro”. A selección de textos agrúpase en tres grandes apartados —semellantes ós libros do Instituto de España ós que sen dúbida serviu de inspiración—: “Hacia la unidad de España” que inclúe a Antigüidade e a Idade Media ata os Reis Católicos; “Cuando no se ponía el sol en las tierras de España”, que abrangue os

Historia ensinada durante a época franquista, é unha constante nos manuais escolares ata os anos sesenta, e só o cambio de modelo educativo que implicou a reforma de Villar Palasí veu poñer fin á longa secuela de indocumentados epígonos de Menéndez Pelayo. As súas manifestacións ideolóxicas parecen tanto máis reaccionarias e esquemáticas canto menor era o nivel educativo ó que ían destinadas. Por exemplo, os libros de SM ou os de Luis Vives do ano 1965, non só manteñen unha exaltación do franquismo, senón que seguen conservando pintorescas afirmacións, como que Eurico foi o primeiro rei de España, ou que “con los Reyes Católicos España empezó a ser Una Grande y Libre”, ou a interpretación das guerras carlistas dicindo que “... terminó con el triunfo de los isabelinos o liberales, enemigos de las tradiciones religiosas defendidas por los carlistas o tradicionalistas”. Nos manuais de secundaria preténdese algo máis de rigor, aínda que o que destaca é o seu providencialismo integrista. Nos anos sesenta comezaron a aparecer consideracións máis ponderadas sobre as “Comunidades” ou o século XVIII, aínda que incluso en 1970 seguían publicándose tópicos da historiografía conservadora do século XIX e XX (os españois “luchan por la independencia frente a Roma”...).

O tradicionalismo católico, asumido como paradigma historiográfico para a Historia ensinada durante a época franquista, é unha constante nos manuais escolares ata os anos sesenta

Durante la guerra, gran número de obispos, sacerdotes, religiosos y simples católicos fueron asesinados bárbaramente en las chozas y cárceles rojas. El número de mártires —sólo entre sacerdotes y religiosos fueron asesinados más de 7.000— ha sido mucho mayor que en las demás persecuciones sufridas por la Iglesia española.

Para guardar los restos de todos los muertos en la guerra se ha construido el Monumento de Santa Cruz del Valle de los Caídos.

La posguerra

Al terminar la guerra de Liberación, Franco se encontró con una España en ruinas. Desde entonces ha venido trabajando sin descanso al frente de todos los buenos españoles en el engrandecimiento de la Patria.

Gracias a Franco España pudo ser neutral en la última guerra mundial, aunque las consecuencias de la misma le han impedido, en parte, su pronta recuperación.

Bajo su mandato se ha fomentado la agricultura, creando gran número de pantanos y regadíos; la industria, estableciendo fábricas por toda España; el comercio y la cultura, en tal forma que se ha transformado la fisonomía del pueblo español.

El lema de los españoles de hoy es hacer a España “Una, Grande y Libre”.

RESPONDE

1. ¿Conoce algún hecho del reinado de Alfonso XIII?
2. ¿Por qué se sublevó el general Primo de Rivera?
3. ¿Cuándo se proclamó la segunda República? ¿Qué sucedió durante ella?
4. ¿Por qué vino el Movimiento Nacional? ¿Quién lo dirigió?
5. ¿Batallas más importantes de la guerra de Liberación?
6. Algunos hechos de resistencia heroica.
7. ¿Qué días de la persecución religiosa en la zona roja?
8. ¿Y de la posguerra?



reinados dos Reis Católicos e o século XVI, sen menciona-lo século XVII; “En la pendiente de la revolución”, que abarca os séculos XVIII e XIX. Do seu afervorado ton apoloxético, do integrista católico no que fundamenta o seu nacionalismo, sirva de mostra esta única cita, repetida en numerosos manuais escolares dos anos corenta e cincuenta: “España, evangelizadora de la mitad del orbe; España, martillo de herejes, luz de Trento, espada de Roma, cuna de San Ignacio...; esa es nuestra grandeza y nuestra unidad: no tenemos otra”.

As posicións integristas alcanzaron a totalidade do sistema educativo, pero de maneira especial a formación dos futuros mestres. O temario oficial de oposicións, xunto coa composición duns tribunais integrados por inspectores e profesores de declarada militancia franquista, tiñan por misión seguir preservando a fidelidade ideolóxica dos futuros mestres. Nas “Contestaciones al cuestionario oficial de oposiciones...” de García Hoz e outros (1967) seguen presentes ideas tan arcaicas como a mención a Túbal entre os primeiros poboadores, que Indíbil e Mandonio “se sublevaron para defender la independencia de la

O tradicionalismo católico, asumido como paradigma historiográfico para a

patria”, ou que a masonería foi responsable da difusión do liberalismo.

A partir dos anos cincuenta, xunto cos manuais carentes do menor rigor e orixinalidade, que se limitan a repetir os mesmos tópicos tradicionalistas nacional-católicos dos textos relixiosos dos anos vinte, vai aparecendo unha liña, tamén conservadora e confesional católica pero que pretende ir incorporando maior rigor metodolóxico e formal. Iniciouse en sectores que comezaban a disentir do *monolitismo* do réxime (como algúns monárquicos) nos que, ó lado dunha consideración algo menos desmesurada nos seus eloxios a Franco, pode detectarse certa recuperación da tradición “positivista” anterior á guerra: “Con la expulsión de los judíos se logró la unidad religiosa, pero se ocasionó un grave perjuicio a la economía nacional...” (Santamaría, 1958). En Cataluña, doutra banda, comezaron a publicarse, incluso xa nos anos corenta, algúns manuais que, malia as servidumes da censura, trataron de manter unha liña de compromiso co rigor histórico; os autores foron profesores de instituto, que posteriormente accederon á universidade: Vicens Vives, Sobraqués, Bagué... e contaron co apoio de novas editoriais como Teide ou Seix Barral.

Unha obra que gozou dunha excelente acollida entre o profesorado dos anos sesenta foi o manual *Historia Moderna y Contemporánea de España*, de A. Rumeu de Armas, para o curso preuniversitario. No medio da desolación cultural da España franquista foi un libro innovador en moitos aspectos: incluía documentos, mencionaba aspectos culturais, sociais e económicos, amais dos políticos...; enlazaba coa “tradición liberal truncada” pola guerra, polo que estaba máis próximo ás concepcións de Altamira ca á verborrea arcaizante do franquismo. A mesma preocupación que se pode percibir nas súas



EL GENERALÍSIMO FRANCO, CAUDILLO DE ESPAÑA

108. En medio de este malestar nacional, José Antonio Primo de Rivera fundó en Madrid la Falange Española el día 29 de octubre de 1933, y enseñó el camino que había de seguirse para salvar a España.

109. Uno de los crímenes más vergonzosos de la República fue el asesinato en Madrid del ilustre patriota Don José Calvo Sotelo. Fue ésa la chispa que hizo estallar el glorioso Movimiento Nacional o Guerra de Liberación.

110. Llámase Guerra de Liberación, la que inició el Generalísimo Franco al frente del Ejército y de los buenos patriotas, el 18 de julio de 1936, para librar a España de sus enemigos y hacerla Una, Grande y Libre.

111. Los soldados de Franco fueron conquistando a los rojos las tierras y las ciudades de España, y se hicieron célebres las batallas del Norte, de Brunete, Belchite, Teruel y del Ebro, y la liberación de Cataluña.

29

páxinas sobre a decadencia de España é significativa das súas referencias historiográficas. A finais dos sesenta, houbo algún outro manual que trataba de supera-la atrofiada interpretación da Historia, e, aínda que manteñen moitos dos lugares comúns (“España resistió a los romanos...”; “como los españoles eran católicos, no podía haber unión...” [cos visigodos], etc.), aparece xa a preocupación por aspectos culturais e socioeconómicos, ou, mencionar sempre os “musulmanes españoles” en contraposición cos “cristianos españoles” (Guri, 1969).

3. A modo de conclusión

O triunfo da sublevación franquista implicou a persecución da disidencia, depurando con enorme rigor o profesorado² e os libros de texto, e impondo a versión nacional-católica da Historia complementada, a penas, cunha mínima retórica fascista (“España, unidad de destino en lo universal”, a mitificación do “imperio”...) que, en todo caso, tampouco foron orixinais. Os escasos libros que conseguiron supera-la depuración, sen seren abertamente integristas tiveron que ir adaptando os contidos conforme ós dictados da dobre

A partir dos anos cincuenta, vai aparecendo unha liña, tamén conservadora e confesional católica pero que pretende ir incorporando maior rigor metodolóxico e formal

censura política e relixiosa. O franquismo, considerado unha etapa de exacerbada exaltación nacionalista foi, paradoxalmente, desnacionalizador. Vincular reiteradamente a idea de nación ó catolicismo integrista premoderno contribuíu *de facto* a que entrase en crise cando, a partir dos anos cincuenta, comezaron a albiscarse os primeiros signos de modernización da estrutura socioeconómica do país. O irrefreable ascenso do laicismo propio das sociedades avanzadas, arrastrará ó sumidoiro da Historia un concepto elemental de nación que se confundía co integrista da contrarreforma tridentina. E este fenómeno foi simultáneo coa xeneralización, por primeira vez, da escolarización de toda a poboación ata os 14 anos.

Ademais do fracaso do concepto de nación do nacional-catolicismo franquista por ser incompatible coa modernización, o sectarismo excluínte dun réxime baseado nunha retórica de “vencedor de la anti-España” impedía que, polo menos, o cincuenta por cento da poboación se puidese identificar con el. O nacionalismo franquista e o seu concepto de nación careceron, pois, da virtualidade político-ideolóxica máis potente dos nacionalismos: a cohesión social interclasista nun sistema de

valores e referentes simbólicos compartidos. Pero ese fracaso non implicou que se cuestionasen tódolos elementos tópicos que o constituían: o modelo de devir histórico, entendido como unha sucesión de “idades” (antiga, media, moderna e contemporánea), asentado a partir da Ilustración, segue sendo aceptado de xeito tan unánime coma acrítico. E sobre todo, o concepto histórico-organicista de nación continúa asentado en gran parte dos sectores alfabetizados do país, tanto conservadores como progresistas. É curioso constatar que o mesmo o franquismo cás forzas antifranquistas utilizaron tópicos similares.

A partir dos últimos anos do franquismo abandonáronse os aspectos externos máis grotescos do nacional-catolicismo que o facían incompatible co proceso de modernización social. Pero non foi substituído por unha nova construción teórica racional do que era unha nación. Por tanto, no ensino da Historia en España non se produciu tanto unha superación dos vellos mitos nacionais como unha *ocultación*, tal e como temos exposto noutros lugares³.

NOTAS

- ¹ “He explicado que los romanos habían logrado unir y comunicar entre sí las tierras de España. De este modo, disponía Dios que la obra de Roma en nuestra Patria sirviera para cuando llegara a ella la religión de Cristo, se extendiera con mayor rapidez”. Instituto de España (1939) *Segundo Grado*, pág. 28.
- ² Ordes do 8 de novembro e mais do 7 de decembro de 1936. A orde do 18 de marzo de 1939 incluíu entre as causas de depuración a “pasividad evidente de quienes pudieron haber cooperado al triunfo del Movimiento”. É dicir, non só afectou ó profesorado que tivese manifestado posicións liberais, democráticas ou de esquerdas, senón que se podía expulsar mesmo aqueles que non colaboraran activamente na sublevación.
- ³ Ocupeime do ensino da Historia en España na etapa 1970-1999, en “La nación ocultada”, capítulo 3 da obra coordinada por J. Sisinio Pérez Garzón (2000): *La gestión de la memoria*, Barcelona, Crítica, páxs. 111-160.

A partir dos últimos anos do franquismo abandonáronse os aspectos externos máis grotescos do nacional-catolicismo que o facían incompatible co proceso de modernización social

dez-eme 63 ABRIL 2000



JOSÉ ANTONIO CALVO SOTELO
Lección 22.—EL MOVIMIENTO NACIONAL

104. En los últimos años del reinado de Alfonso XIII, se hizo dueño del poder el ilustre general Don Miguel Primo de Rivera, padre de José Antonio, que acabó con los desórdenes y devolvió la tranquilidad a la nación.
105. La Dictadura del general Primo de Rivera duró desde 1923 a 1930. Los enemigos de España no pararon hasta conseguir que tan gran patriota dejara el poder y abandonara la Patria. Murió en París.
106. Poco después, en 1931, se proclamó la República, y el rey Alfonso XIII, para evitar luchas sangrientas entre los españoles, decidió irse fuera de España.
107. Con la República, otra vez volvió España a estar mal gobernada. La religión era perseguida, los asesinatos y las huelgas eran diarios y nuestra Patria estaba a punto de caer en manos del comunismo.

RAMÓN LÓPEZ FACAL
PROFESOR DE SECUNDARIA



BREVE ANTOLOXÍA DO CINE ESPAÑOL DURANTE O FRANQUISMO

AURORA VÁZQUEZ ANEIROS

Se queremos escribir unha pequena panorámica das películas filmadas durante os case corenta anos de réxime franquista, encontramos algunhas representativas que translocen certas claves da sociedade española dentro destas coordenadas políticas e visualizan en imaxes o franquismo durante este período.

Desde o punto de vista cinematográfico distinguiremos tres períodos atendendo a unha serie de claves históricas que marcaron o devir do cine español:

- Década dos corenta (1939-1951). Autarquía económica. Forte proteccionismo.
- Década dos cincuenta (1951-1963). En 1951 regresan os embaixadores a Madrid trala retirada por parte da ONU das resolucións contrarias a Franco. Aparición dunha nova xeración de cineastas.
- Década dos sesenta (1963-1975). Irrup-

ción do Novo Cine español (1963) ata a morte de Francisco Franco.

Entre 1939 e 1951, a autarquía económica e política impedía calquera manifestación apartada das directrices do Estado. Como sabemos, o propio Franco, en 1941 e co pseudónimo de Jaime de Andrade, asina o seu pensamento e ideoloxía no guión de *Raza*, realizada por un dos directores máis famosos do momento: José Sáenz de Heredia, primo de José Antonio Primo de Rivera. A película, que conta con dúas versións —foi reestreada co título *Espíritu de una raza* cunha sincronización de diálogos e música en 1950—, narra a historia dos catro irmáns Churruga, fillos dun heroico mariño e descendentes do Churruga que pelexou contra os ingleses na batalla de Trafalgar, e céntrase na postura de cada un deles durante a Guerra Civil. Sen nos meter en valores estilísticos e cinematográficos, por baixo das pomposas e ocas frases dos seus diálo-

gos, late o interese na medida que amosa as ideas que rebulían no cerebro do xefe do Estado.

Durante estes anos corenta, o cine español vivirá un momento de reorganización da súa industria ó servizo do réxime franquista. É unha etapa de forte proteccionismo e intervencionismo estatal que se plasmará en distintos ámbitos: a creación dunha Comisión de Censura, a aparición do noticiario semanal NO-DO (1942) de proxección obrigatoria en tódolos cines ou a prohibición de exhibir filmes noutro idioma que non fora o castelán. Ó mesmo tempo, canda unha serie de axudas ó cine traducidas en licencias de dobraxe, cotas de pantalla, créditos sindicais..., aparecerá unha Comisión Clasificadora de filmes nacionais que, segundo a clasificación obtida —de “Interés Nacional” ata a terceira categoría— podían beneficiarse de apoios económicos.

Considerado ata estes últimos anos como un período gris na nosa cinematografía, hoxe, aquel cine de cartón pedra comeza a revalorizarse. Durante esta década realizáronse películas que englobarían distintos xéneros, desde a comedia na liña do cine de ‘teléfonos brancos’ italiano, a peculiar visión do cine histórico, relixioso, *biopics*, melodramas rurais, adaptacións literarias ata o cine ó servizo da folclórica do momento (léase Concha Piquer, Juanita Reina ou Lola Flores).

Aínda que con filmes realmente interesantes como os asinados por Florián Rey, Benito Perojo, Edgar Neville, Serrano de Osma ou Lorenzo Llobet García, non será ata a década seguinte (1951-1963) cando atopemos títulos que, cunha visión crítica ou un documento en imaxes, nos amosan unha radiografía da España do momento. Se ben a estrutura industrial continuaba sendo precaria (recordémo-los cinco puntos de Bardem nas famosas *Conversacio-*

nes de Salamanca: “el cine español es políticamente ineficaz, socialmente falso, intelectualmente ínfimo, estéticamente nulo e industrialmente raquítico”), cara ó interior vaise conformando unha postura antifranquista por parte dunha nova xeración de cineastas que evidenciarán en clave de humor negro ou crítica amarga, as inquietudes, preocupacións e a moral da sociedade española.

Ó lado duns espléndidos Berlanga e Bardem, sen esquecer a Nieves Conde e Fernán Gómez, a consolidación de Ladislao Vajda, Manuel Mur Oti xunto a Julio Coll, Pedro Lazaga e José María Forqué, o cine español vivirá entre películas relixiosas, folclorismo andalucista (cine de bandoleiros), comedia costumista, os cuplés de Sara Montiel e o apoxeo do cine con neno comezando con Pablito Calvo, *Joselito*, e seguindo con Marisol e Rocío Durcal.



Os inicios da década dos setenta decántanse entre o cine oficialista e o que poderíamos chamar disidente, encarnado por Bardem, Berlanga, Fernán Gómez, Ferreri e o Saura de *Los golfos*. Irrompe o Novo Cine Español (Miguel Picazo, Manuel Summers, Mario Camus...) ó unísono coas Novas Ondas europeas e a industria tradicional aposta polas coproduccións de subxéneros (o *spaghetti western*, o *peplum*, o cine de

Ná páxina oposta:
Ana Torrent (en pé)
e Isabel Tellería (coa orella
nas vías), nunha imaxe de
El espíritu de la colmena

Durante estes
anos corenta,
o cine español
vivirá un
momento de
reorganización
da súa industria
ó servizo
do réxime
franquista

Aurora Bautista, nunha foto
fixa de *La tía Tula*

espías ou a comedia, chamada nos setenta 'landismo'). A comezos desta década, a situación económica era agónica. O cine español, ó lado da obra de Erice *El espíritu de la colmena*, Saura ou Manuel Gutiérrez Aragón, ou a terceira vía de Dibildos con títulos como *Vida conyugal sana* (R. Bodegas, 1973), *Tocata y fuga de Lolita* (A. Drove, 1974), *Furtivos* (J. L. Borau, 1975), vivía entre subproductos: o subterror hispano, o *gaspacho western* ou o cine sexy—celtibérico ó socairo do destape hispano—. Un bo número de filmes que, lonxe da súa calidade cinematográfica e temática, serven para realizar unha análise sociolóxica moi interesante do tardofranquismo.

Morto Franco en 1975, a transición cinematográfica correrá paralela á nosa transición política e ó longo das décadas dos oitenta e noventa realizarase unha volta atrás cara ós anos de posguerra e aquela vida vista e vivida en branco e negro.

Década dos cincuenta

Durante esta década pódense enumerar películas moi significativas que constitúen un documento ben interesante da España franquista. Tal é o caso de *Esa pareja feliz* (Bardem, Berlanga, 1951), testemuño das dificultades dunha parella noviña que por un día se converte en branco de premios e agasallos gracias a un programa de radio-patrocinado por unha marca de xabón. O filme deixa ó descuberto moitas constantes desta España de comezos dos cincuenta: as precarias condicións da vida deste matrimonio, o imperio da radio, o cine de sesión continua, o ensino por correspondencia..., cun final que culmina con esta máxima: o rexeitamento dos premios porque a verdadeira felicidade reside neles mesmos. Á par podemos citar *Cómicos* (Bardem, 1954), excelente documento sobre o mundo teatral español de posguerra, e *Historias de la radio* (1955) de Sáenz de Heredia, tres traxicómicas historias

sobre o mundo radiofónico dos cincuenta escrita en clave de humor cun sempre magnífico Pepe Isbert e un moi noviño Paco Rabal. En 1956, Ladislao Vajda filma con Pablito Calvo unha das mellores películas deste neno prodixio, cun claro influxo neorrealista: *Mi tío Jacinto*, e Berlanga conta en *Los jueves milagro* a historia das frustracións de toda unha vila que debe recorrer á fantasía para fuxir da súa miseria cotiá. Pola súa parte, Nieves Conde con *El inquilino* (1957) e a comedia de Fernán Gómez, *La vida por delante*, fotografan en imaxes o sempre abafante problema da escaseza de vivendas...

Antoloxía

É difícil elixir aqueles filmes que, pola súa singularidade, amosan un pequeno fresco daquela España franquista que hoxe lembramos nesta antoloxía. Citaremos para unha reflexión máis exhaustiva, quizais, pola súa tenrura, sinceridade ou por seren cómplices daquela España singular, aquelas que nos resultan máis significativas. Somos conscientes dalgunhas ausencias pero, en todo caso, todas elas, as que imos citar e as que están no pensamento do lector, permanecen pola súa calidade cinematográfica escritas en letras de ouro na historia do cine español.



SURCOS

(José A. Nieves Conde, 1951)

Producción: Atenea Films. **Nacionalidade:** española. **Dirección:** José Antonio Nieves

Ó longo das décadas dos oitenta e noventa realizárase unha volta atrás cara ós anos de posguerra e aquela vida vista e vivida en branco e negro

Conde. **Argumento:** Eugenio Montes, Natividad Zaro. **Adaptación, diálogos e guión:** Gonzalo Torrente Ballester. **Guión (técnico):** José Antonio Nieves Conde. **Fotografía:** Sebastián Perea. **Música:** Jesús García Leoz. **Rodaxe:** barrios de Lavapiés, Atocha, Legazpi, Embajadores e Estación do Norte (Madrid). **Duración:** 90 minutos. **Intérpretes:** Luis Peña (*El Mellao*), María Asquerino (Pili), Francisco Arenzana (Pepe), Marisa de Leza (Tonia), Ricardo Lucía (Manolo), José Prada (Manuel Pérez, o pai), Félix Dafauce (don Roque, *El Chamberlain*), María Francés (a nai).

Sinopse: *Surcos* relata as peripecias dunha familia campesiña de Salamanca que chega a Madrid onde espera mellora-las súas condicións de vida. Unha vez alí, vivirán realugados na casa duns parentes mentres buscan un medio de gaña-la vida... Despois de moitas humillacións e desgracias, e diante da sepultura do fillo maior, o pai decide regresar á vila de onde partiron.

A censura guillotinou algúns planos e prohibiu rotundamente o final. Por outro lado, o apoio para a concesión de Interese Xeral e só de 1ª categoría a *Alba de América* (Juan de Orduña, 1951), da todopoderosa CIFESA, levou á dimisión do entón director xeral de Cinematografía, José María García Escudero, que propiciaba unha liña aperturista. Cun guión asinado polo ferrolán Gonzalo Torrente Ballester, Nieves Conde introduce unha protesta renovadora no cine español deste momento.

Os grandes temas que trata este filme son, ademais da inmigración e o enfrontamento campo-cidade, o paro, os negocios criminais, a prostitución encuberta, a miseria, o amoreamento nas vivendas, o desarraigo e a desintegración familiar... Uns temas impensables, daquela, na nosa cinematografía.



BIENVENIDO MR. MARSHALL

(Luis G. Berlanga, 1952)

Producción: Uninci. **Director:** Luis G. Berlanga. **Nacionalidade:** Española. **Guión:** Juan Antonio Bardem, Luis G. Berlanga, Miguel Mihura. **Fotografía:** Manuel Berenguer. **Música:** Jesús García Leoz. **Decorados:** Francisco Canet. **Montaxe:** Pepita Orduña. **Rodaxe:** Guadalix de la Sierra (Madrid). **Duración:** 76 min. **Intérpretes:** José Isbert (alcalde), Manuel Morán (Manolo), Lolita Sevilla (Carmen Vargas), Alberto Romea (don Luis), Elvira Quintillá (mestra), Luis Pérez de León (párroco), Félix Fernández (médico), Fernando Aguirre (secretario), Joaquín Roa (pregoeiro), Nicolás D. Perchicot (boticario), Emilio Santiago, José Franco, Rafael Alonso, José María Rodríguez, Ángel Álvarez, Elisa Méndez, José Vivó, Manuel Alexandre.

Sinopse: Construída como unha fábula coral, o filme relata os preparativos do imaxinario pobo de Villar del Río para recibilos embaixadores do Plan Marshall dos que esperaban recibir axudas para mellora-la súa situación económica. Convencidos de que o 'toque andaluz' lles gustará ós americanos, enfeitán as súas rúas e indumentarias mentres cada un dos paisanos soña co regalo que lles vai pedir ós americanos. Berlanga constrúe neste filme unha divertida reflexión e unha visión ácida da miseria, a ignorancia e o abuso de poder. Lonxe de conseguí-los seus obxectivos, os personaxes —que resisten o paso

Surcos relata as peripecias dunha familia campesiña de Salamanca que chega a Madrid onde espera mellora-las súas condicións de vida. Unha vez alí, vivirán realugados na casa duns parentes mentres buscan un medio de gaña-la vida

do tempo sen perderen esa frescura inicial— verán pasa-los coches dos embaixadores tan veloces coma o sono que tanto acariñaron.

CALLE MAYOR

(Juan A. Bardem, 1956)

Producción: Suevia Films-Cesáreo González, Play Art, Ibérica Films. **Productor:** Manuel José Goyanes. **Director:** Juan Antonio Bardem. **Nacionalidade:** Coproducción hispano-francesa. **Guión:** Juan Antonio Bardem. **Baseado en:** *La señorita de Trévez*, autor adaptado Carlos Arniches. **Fotografía:** Michel Kelber. **Música:** Isidro B. Maiztegui, Joseph Kosma. **Decorados:** Enrique Alarcón. **Montaxe:** Margarita Ochoa. **Duración:** 99 min. **Intérpretes:** Betsy Blair, José Suárez, Ives Massard, Luis Peña, Dora Doll, Alfonso Godá, Manuel Alexandre, Matilde Muñoz Sampederro, José Calvo, René Blanchard, Lila Kedrova.

Sinopse: Nunha pequena cidade de provincias, nos anos cincuenta, un grupo de amigos, para combateren o aburrimiento, deciden facer unha aposta: elixir un deles, Juan, para que convenza a Isabel, a solteirona oficial da vila, de que quere casar con ela. Ilusionada e feliz pola proposta do seu falso admirador; Juan decátase de que a broma está indo demasiado lonxe...

Bardem realiza un filme social e indirectamente político no que se demostra cómo a educación e os costumes poden esnaquiza-las ilusións dunha persoa. Filma un emocionante relato cunha Betsy Blair retratada como heroína tenra, emotiva, viva, cun magnífico plano final baixo a chuvia que denuncia a retrógrada, reaccionaria e asfixiante sociedade das cidades pequenas, lóxica consecuencia da escala de valores da sociedade franquista.



EL PISITO

(Marco Ferreri, 1958)

Producción: Documento Films. **Director:** Marco Ferreri, Isidoro M. Ferry. **Nacionalidade:** española. **Guión:** Rafael Azcona, Marco Ferreri. **Baseado en:** *El pisito*, autor adaptado Rafael Azcona. **Fotografía:** Francisco Sempere. **Música:** Federico Contreras. **Decorados:** Antonio Cortés, José Paredes. **Montaxe:** José Antonio Rojo. **Duración:** 87 min. **Intérpretes:** Mari Carrillo (Petrita), José Luis López Vázquez (Rodolfo), Concha López Silva (Martina), Celia Conde, José Cordero (Dimas), Ángel Álvarez (Sáenz), María Luisa Ponte (Rosa), Andrés Moro, Chus Lampreave, Tony Leblanc.

Sinopse: Rodolfo, despois de doce anos de relacións coa súa noiva Petrita, ten que pospoñe-la voda ó non atopar un piso axeitado ós seus escasos ingresos económicos. A única solución posible é convivir cunha anciá para que esta lle traspase, cando morra, o contrato de alugueiro. Pero a octoxenaria goza dunha espléndida saúde e o tempo vai pasando...

Inspirada nunha historia real ocorrida en Barcelona, *El pisito*, con este punto de partida claramente esperpéntico e evidentes trazos de humor negro, supuxo non só unha dura crítica ó problema da vivenda en España, senón tamén á sociedade franquista, descrita a través de personaxes mesquiños e egoístas, vítimas de esquemas

NOVIEMBRE 2000 68 dez-eme

Bardem realiza un filme social e indirectamente político no que se demostra cómo a educación e os costumes poden esnaquiza-las ilusións dunha persoa

convencionais que os empurran á insolidariedade e a rapina e os condena á infelicidade e a soidade.

Ó lado desta magnífica película, que leva o selo característico do guionista Rafael Azcona e o arrastre neorrealista italiano, Marco Ferreri pechará a súa triloxía española con *Los chicos* (1959) e *El cochecito* (1960), onde incide outra volta na visión amarga duns personaxes habitantes dunha España negra.



PLÁCIDO

(Luis G. Berlanga, 1961)

Producción: Jet Films. **Productor:** Alfredo Matas. **Director:** Luis G. Berlanga. **Nacionalidade:** española. **Guión:** Rafael Azcona, Luis G. Berlanga, José Luis Colina, José Luis Font. **Fotografía:** Francisco Sempere. **Música:** Miguel Asíns Arbó. **Decorados:** Andrés Vallvé. **Montaxe:** José Antonio Rojo. **Duración:** 85 min. **Intérpretes:** Cassen (Plácido), José Luis López Vázquez (Quintanilla), Elvira Quintillá (Emilia), Manuel Alexandre (Julián), Mari Carmen Yepes (Margarita), Amelia de la Torre (señora de Galán), José María Caffarel, José Orjas, Antonio Ferrandis, Amparo Soler Leal, Julia Caba Alba, Laura Granados, Xan das Bolas, Félix Dafauce, Félix Fernández, Agustín González, Julia Delgado Caro, José Franco, Luis Ciges, Fernando M. Delgado.

Sinopse: A celebración dunha campaña de caridade polo nadal, baixo o lema “Siente un pobre a su mesa”, revoluciona os habitantes dunha pequena localidade de provincias que se afanan en invitar unha serie de indixentes á súa cea de Noiteboa. Un concurso radiofónico participa na idea que se vai definindo arredor dun pobre home chamado Plácido, angustiado por paga-la letra do seu motocarro, que é a súa indispensable ferramenta de traballo.

Primeira colaboración de Rafael Azcona con Berlanga, decisivo na súa traxectoria posterior, *Plácido* supón un desafiado retrato da España *predesarrollista* atrapada no provincianismo e a mesquindade a través dunha hipócrita campaña de nadal de axuda ós pobres. A ostentación e a falsa caridade danse cita nunha película inzada de multitude de personaxes de toda condición social que se aglutinan coma se dun baile de máscaras se tratase e deixan ó descuberto actitudes perfectamente recoñecibles da España do momento.

Década dos sesenta



LA TÍA TULA

(Miguel Picazo, 1963)

Producción: Eco Films, Surco Films. **Director:** Miguel Picazo. **Nacionalidade:** española. **Guión:** José Miguel Hernán, Luis Sánchez Enciso, Manuel López Yubero, Miguel Picazo. **Baseada en:** La

A celebración dunha campaña de caridade polo nadal, baixo o lema “Siente un pobre a su mesa”, revoluciona os habitantes dunha pequena localidade de provincias

tía Tula, autor adaptado Miguel de Unamuno. **Fotografía:** Juan Julio Baena. **Música:** Antonio Pérez Olea. **Decorados:** Luis Argüello. **Duración:** 118 min. **Intérpretes:** Aurora Bautista (Tula), Carlos Estrada (Ramiro), Mary Loli Cobo (Tulita), Carlos Sánchez Jimenez (Ramirín), Enriqueta Carballeira (Juanita), Irene Gutiérrez Caba (Herminia), Lali Soldevila (Amalita), Montserrat Julio (Paquita), José María Prada (Padre Álvarez), Manuel Granada (tío Pedro).

Sinopse: Á morte da súa irmá Rosa, Tula leva para a casa o seu cuñado Ramiro e mailos dous sobriños, Tulita e Ramirín. A vida en común de ambos tórnanse difícil e tensa ante o desexo de Ramiro pola súa cuñada. Sen embargo, Tula rexeita as súas intencións e négase a casar con el para non quebranta-la memoria da súa irmá.

Baseada na novela de Unamuno, Miguel Picazo realiza a súa primeira longametraxe adaptando un autor pouco grato ó réxime franquista pero que evidenciaba ese valor de cambio e o aperturismo que caracterizou o Novo Cine Español. Sen dúbida, *La tía Tula* supuxo unha das mostras máis eloxiadas por crítica e público dos filmes que constituíron o NCE. Nela mostra unha interesantísima recreación da vida de provincias española e unha análise implacable da muller solteira, dominada por frustracións sexuais, relixiosas e ideolóxicas e a concepción pecaminosa do sexo que lle empece ser dona de si mesma e dos seus desexos.

Lonxe dos excesos de *Pequeñeces*, *Locura de amor* ou *Agustina de Aragón*, Aurora Bautista interpreta esta personaxe —sen esquecer de todo a súa desmesura interpretativa— dándolle unha sinceridade a este ‘tulismo’ visible en moitas mulleres españolas da época.



EL VERDUGO

(Luis G. Berlanga, 1963)

Producción: Zebra Films. **Director:** Luis G. Berlanga. **Nacionalidade:** Coproducción hispano-italiana. **Guión:** Rafael Azcona, Luis G. Berlanga, Ennio Flaiano. **Fotografía:** Tonino Delli Colli. **Música:** Miguel Asíns Arbó. **Decorados:** José Antonio de la Guerra. **Montaxe:** Alfonso Santacana. **Rodaxe:** Madrid e Palma de Mallorca. **Título italiano:** Il boia. **Duración:** 87 min. **Intérpretes:** Nino Manfredi (José Luis), José Isbert (Amadeo), Emma Penella (Carmen), José Luis López Vázquez (Antonio), Ángel Álvarez (Álvarez), María Luisa Ponte (Estefanía), Julia Caba Alba, Lola Gaos, Chus Lampreave (visitantes das obras), Guido Alberti (director do cárcere), María Isbert, José Sazatornil *Saza*, Félix Fernández, Alfredo Landa, Xan das Bolas, José Luis Coll, Valentín Tornos.

A súa presentación no Festival de Venecia de 1963 provocou un escándalo maiúsculo entre determinadas personalidades diplomáticas españolas, o que orixinou que a película estivese a piques de non se poder ver en España e, finalmente, que sufrira importantes cortes. Sen dúbida era un manifestación contra a pena de morte e supoñía —cara ó exterior— unha crítica entre irónica e mordaz da España *desarrollista* de comezos dos anos sesenta.

Sinopse: cunha linguaxe directa e corrosiva, Berlanga ofréceno-la traxedia dun home, José Luis, un coitado empregado de pompas fúnebres que emprende relacións amorosas coa filla dun verdugo. Sorprendidos polo pai na intimidade, vese na obriga de

A presentación de *El verdugo* no Festival de Venecia de 1963 provocou un escándalo maiúsculo entre determinadas personalidades diplomáticas españolas, o que orixinou que a película estivese a piques de non se poder ver en España

casar e, para conseguir un piso, debe ocupa-lo posto de verdugo que o sogro deixa vacante ó se xubilar. José Luis rebélase ó longo de toda a película contra as circunstancias; sen embargo, perde toda a súa capacidade de decisión propia e, finalmente, claudica. A súa felicidade estriba en non cambiar nada do establecido, as súas protestas só serven para que as persoas que o rodean adopten unha actitude paternalista e para provoca-lo sorriso amargo no espectador.

El verdugo retrata cun humor negro, irónico e esperpéntico a España *desarrollista* dos sesenta. É o Madrid do seiscientos, a vespa e o sidecar, as merendas dos domingos no campo e, como non, o auxe turístico e o twist. Pola contra, o filme mostra, ademais, os economatos, os limpabotas nas rúas, as casas modestas e, sobre todo, a ilusión por mellora-las condicións de vida nas que se moven os personaxes.

Nesta España dos funcionarios franquistas, os trámites oficiais, a burocracia, as recomendacións..., a sentenza sería "deixa-la conta así". Ser verdugo é un oficio desprezado pero Isbert pregúntase... "Se existe pena de morte, alguén ten que executala ¿non é?".



LA CAZA

(Carlos Saura, 1965)

Producción: Elías Querejeta P. C. **Productor:** Elías Querejeta. **Director:** Carlos Saura. **Guión:** Angelino Fons, Carlos Saura. **Fotografía:** Luis Cuadrado. **Música:** Luis de Pablo. **Decorados:** Carlos Ochoa. **Montaxe:** Pablo G. del Amo. **Duración:** 88 min. **Intérpretes:** Ismael

Merlo (José), Alfredo Mayo (Paco), José María Prada (Luis), Emilio Gutiérrez Caba (Enrique), Fernando Sánchez Polack (Juan), Violeta García (Carmen).

Sinopse: Catro amigos reúnen-se un caloroso día de verán para organizaren unha xornada de caza. Tres deles son coñecidos de vello e o cuarto é un mozo novel nestas lides. As condicións ambientais, as experiencias comúns compartidas durante a Guerra Civil, o illamento e as tensións acumuladas desencadean unha espiral de violencia que rematará en traxedia.

Oso de Prata no Festival de Berlín de 1966, foi a primeira película na que colaboraron Saura e o produtor Elías Querejeta. O filme, unha sorte de metáfora da realidade social española traumatizada pola Guerra Civil, presenta o enfrontamento entre uns amigos marcados por esa contenda; o relato tinguése dunha violencia que estoupará, ó cabo, en toda a súa magnitude. Unha cacería onde a influencia do medio atmosférico, a aridez e o sol abrasador exercen sobre eles unha forza dramática que pon ó descuberto a corrupción material e moral dos vencedores da Guerra Civil.

Saura definiu este filme como "un documental sobre unha situación límite" onde, en clave de ruptura, narra unha serie de temas que por primeira vez eran tratados no cine español: a ollada cara a atrás a través duns personaxes protagonistas dun momento histórico.

CANCIONES PARA DESPUÉS DE UNA GUERRA

(Basilio M. Patino, 1971)

Producción: Turner Films. **Productor:** José Luis García Sánchez. **Director:** Basilio Martín Patino. **Guión:** Basilio Martín Patino. **Fotografía:** José Luis Alcaine, en branco e negro e cor. **Música:** Manuel Parada. **Duración:** 90 min.

El verdugo retrata cun humor negro, irónico e esperpéntico a España *desarrollista* dos sesenta. É o Madrid do seiscientos, a vespa e o sidecar, as merendas dos domingos no campo e, como non, o auxe turístico e o twist

Este documental realizado en 1971 —non foi estreado ata pouco despois da morte de Franco en 1976— representa hoxe un interesante fresco documental da España de posguerra. A poder de recompilar e montar unha importante serie de fragmentos extraídos preferentemente do NO-DO —producidos entre 1939 e 1951— e unha banda sonora onde se mesturan os comentarios dun locutor con ese estilo declamatorio tan característico, anuncios publicitarios e slogans políticos, vai desfilando en imaxes a España franquista desde a fin da Guerra Civil ata os anos cincuenta.

Canciones para después de una guerra constitúe hoxe un álbum vivo cheo de sarcasmo, tenrura e tristeza coas fotos animadas da victoria militar franquista, a División Azul, o Auxilio Social, a radio, o estraperlo, a lotería, o racionamento, as películas de CIFESA... acompañadas das cancións de éxito dos ídolos populares do momento: Imperio Argentina, Concha Piquer, Celia Gámez, Antonio Machín, Jorge Sepúlveda, Lola Flores, Pepe Blanco.



EL ESPÍRITU DE LA COLMENA

(Víctor Erice, 1973)

Producción: Elías Querejeta P. C. **Productor:** Elías Querejeta. **Director:** Víctor Erice. **Nacionalidade:** española. **Guión:** Víctor Erice, Ángel Fernández Santos. **Fotografía:** Luis Cuadrado. **Música:** Luis de Pablo. **Decorados:** Adolfo Cofiño. **Montaxe:** Pablo G. del Amo. **Rodaxe:** Hoyuelos (Segovia) e Parla (Madrid). **Duración:** 103 min. **Intérpretes:** Fer-

nando Fernán Gómez (Fernando), Ana Torrent (Ana), Teresa Gimpera (Teresa), Isabel Tellería (Isabel), Ketty de la Cámara (Milagros, a criada), Lali Soldevila (dona Lucía, a mestra), Estanis González (garda civil), José Villasante (Frankenstein), Juan Margallo (fuxitivo), Miguel Picazo (o doutor), Manuel de Agustina (empresario do cine), Miguel Aguado (proxeccionista).

Sinopse: nunha vila da meseta castelá, durante os primeiros anos da posguerra, a monotonía vese interrompida coa chegada dunha furgoneta que transporta un proxector cinematográfico para emitila película *El doctor Frankenstein*. Dúas irmás, Isabel e Ana, ven fascinadas o filme e desde entón comezan a relacionalas imaxes coa súa vida cotiá e a súa familia.

Primeira longametraxe de Víctor Erice, hoxe é considerada como unha das obras mestras do noso cine. A orixe do proxecto era facer unha nova versión sobre o *Frankenstein* de Mary Shelley, utilizándoo como alegoría política do país; sen embargo, foi a película de James Whale e, en especial, a secuencia na que aparece o monstro coa nena no lago, a que cambiou a idea orixinal para se centrar no significado do mito na vida das dúas irmás, en especial na de Ana, na súa aprendizaxe vital e o camiño cara ó coñecemento. Narrada en longos planos fixos, con escaso diálogo e unha espléndida música de sobriedade espartana, Erice constrúe un mundo real e máxico onde a tristeza e a frustración cotiá son superadas pola imaxinación. A película constitúe unha fascinante crónica da posguerra española, a través dos personaxes que forman parte desa gran “colmea” na que vivimos.

Gañadora da Cuncha de Ouro do Festival de Cine de San Sebastián, converteuse nun filme case de culto. Supuxo, tamén, o debut de Ana Torrent, que daquela tiña seis anos; a súa mirada inocente e sempre sorprendida cativou os espectadores de todo o mundo.

Canciones para después de una guerra constitúe hoxe un álbum vivo cheo de sarcasmo, tenrura e tristeza coas fotos animadas da victoria militar franquista, a División Azul, o Auxilio Social, a radio, o estraperlo, a lotería...

LA PRIMA ANGÉLICA

(Carlos Saura, 1973)

Productor: Elías Querejeta. **Director:** Carlos Saura. **Nacionalidade:** española. **Guión:** Rafael Azcona, Carlos Saura. **Fotografía:** Luis Cuadrado, Teo Escamilla. **Decorados:** Elisa Ruiz, Francisco Nieva. **Montaxe:** Pablo G. del Amo. **Duración:** 105 min. **Intérpretes:** José Luis López Vázquez (Luis), Lina Canalejas (Angélica), Lola Cardona (tía Pilar), Encarna Paso (nai de Luis), Pedro Sempson, Julieta Serrano (monxa), José Luis Heredia, Luis Peña, Marisa Porcel, Fernando M. Delgado (Anselmo).

Sinopse: un editor, solteiro e de certa idade, que vive en Barcelona, regresa á súa Segovia natal para trasladar los restos mortais da súa nai ó panteón familiar. O reencontro cos lugares e a xente da súa infancia fanlle revivir as súas lembranzas do pasado, sobre todo o comezo da Guerra Civil e a relación infantil cunha prima da súa idade, Angélica, que agora ten do seu matrimonio unha filla co mesmo nome.

La prima Angélica é unha película que fala do pasado —os anos da Guerra Civil— pero sen esquecerlo punto de vista do presente. A estratexia dramática artículase no protagonista (José Luis López Vázquez) que interpreta como actor adulto os dous momentos da súa vida —infancia e madurez—. O regreso á casa familiar tráelle á acordanza vellas pantasma do pasado e as directrices do réxime franquista, isto é, unha severa educación relixiosa, a represión sexual e o enxalzamento dos símbolos do fascismo.

Prohibido o seu guión en dúas ocasións, concorreu ó Festival de Cannes (1974) beneficiándose da política aperturista de Pío Cabanillas, e alí obtivo o Premio do Xurado. Sen embargo, a súa estrea en España veu precedida de discrepancias políticas e algúns atentados, o máis coñecido a bomba que destruíu o cine Balmes

de Barcelona en resposta á escena na que o personaxe do falanxista, interpretado por Fernando Delgado, aparece enxesado co brazo dereito en alto.

FURTIVOS

(José Luis Borau, 1975)

Productora: El Imán Cine y Televisión. **Director:** José Luis Borau. **Nacionalidade:** española. **Guión:** José Luis Borau, Manuel Gutiérrez Aragón. **Fotografía:** Luis Cuadrado. **Música:** Vainica Doble. **Decorados:** Elisa Ruiz. **Montaxe:** Ana Romero. **Duración:** 99 min. **Intérpretes:** Lola Gaos (Martina), Ovidi Montllor (Ángel), Alicia Sánchez (Milagros), Ismael Merlo (o párroco), José Luis Borau (o gobernador), Felipe Solano (Cuqui), José Luis Heredia, Erasmo Pascual, José Riesgo, Beni Deus, Antonio Gamero, Simón Arriaga, Francisco Ortuño, Eulalia Boya, Fernando Villena, Gilberto Moreno.

O colofón a esta galería de filmes pecharíaa a sempre interesante e polémica obra de Borau: *Furtivos*, estreada o ano da morte do xeneralísimo. Igual que vimos en *La caza* de Saura, *Furtivos* é un filme marcado por unha violencia que deixa entrever cómo España, lonxe da paz voceada polas autoridades do momento, agochaba nas súas entrañas as máis atroces monstruosidades tinguidas de violencia e perversión. Unha película dura na que os seus personaxes, como o seu propio título, son furtivos..., seres atormentados, fráxiles, crueis, patéticos e vingativos.

Conscientes dalgunhas ausencias, sirva esta breve antoloxía para valorar aquel cine e aqueles directores que souberon —burlando algunhas veces unha arbitraria censura— superar co seu talento e unha visión clara, os escasos medios económicos do noso cine e, sobre todo, dar un testemuño vivo daquela sociedade que forma hoxe parte da nosa historia.

La prima Angélica é unha película que fala do pasado —os anos da Guerra Civil— pero sen esquecerlo punto de vista do presente



A DEPURACIÓN DO PERSOAL DE CORREOS DE LUGO

O FONDO LUIS MACÍA SALGADO *PAPIS*

ARQUIVO HISTÓRICO DO SINDICATO NACIONAL DE CC.OO. DE GALICIA
(FUNDACIÓN 10 DE MARZO)

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

Dende hai xa varios anos, o Arquivo Histórico do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia custodia un fondo pequeno pero de moito interese: o de “Correos de Lugo”. Trátase de varias caixas de material recuperadas dunha expurgación, intencionada ou non, efectuada trala morte de Franco. Foi Luis Macía Salgado *Papis*, traballador de Correos, membro do Partido Comunista e das Comisións Obreiras da Cidade das Murallas, quen, coñecedor da importancia destes papeis, evitou a súa desaparición. A prematura morte de *Papis* impediulle depositalos expedientes na Fundación 10 de Marzo, polo que foi o seu irmán Luciano o que nos achegou esta documentación¹.

O fondo que aquí presentamos está formado por dúas series: a primeira delas recolle o proceso de depuración dos funcionarios de correos da provincia de Lugo durante os anos da Guerra Civil. O segundo contén parte da documentación da censura postal efectuada polo persoal militar de Lugo no mesmo período, e inclúe relacións de censores, normas de censura, notificación de confiscacións financeiras, etc. Entre tódolos expedientes que ofrecen estas caixas escollemos un exemplo de depuración dun carteiro rural.


Pero, ¿por que esa saña represiva mesmo contra os carteiros? Evidente-

mente, o proceso depurador de correos hai que encadrarlo dentro do que foron as supostas responsabilidades políticas esixidas polas autoridades sublevadas ós partidarios da Fronte Popular². Tratábase dunha “magna labor de limpeza política e ideolóxica (...) que además deixaba el puesto libre a los vencedores ávidos de botín” e que privaba de medios de vida os desafectos, os que neutralizaba socialmente e condenaba á marxinação³.

Os traballadores de carteiría foron vistos como posibles canles de influencia política xa nos anos da República. Así, en xuño de 1935, o ministro de Gobernación, Manuel Portela Valladares, enviaba a tódolos concellos unha batería de trece preguntas para coñecer a situación política do país⁴. As cuestións abranguían temas como a distribución dos votos, as agrupacións sociais existentes, as perspectivas de alianzas políticas, a relación nominal de concelleiros ou a incidencia política de persoas como curas, mestres e, precisamente, carteiros. A memoria da enquisa, realizada polo Goberno Civil da Coruña, concluía que “raro es el caso también en que se acredite, por sí, para un cartero rural, unha influencia personal y directa; ello no quiere decir que en un instante dado no sirvan intereses determinados”⁵. Sen embargo, esta conclusión non foi escoitada polas autoridades do novo réxime, quizais para borrar toda pegada da II República. Deste xeito, o celo represor do franquismo abateuse sobre os carteiros: “Se hace saber a todos los alcaldes que deberán enviar las propuestas de destituciones de carteros y peatones (...) acompañando informe pertinente al caso y por escrito de la Guardia Civil del puesto correspondiente respecto a la persona que se proponga para sustituir a los destituidos”⁶.

Os documentos que aquí reproducimos son de extraordinaria utilidade para

coñecer unha faceta da represión franquista. Recollen dende a denuncia dun veciño contra un carteiro, ofrecéndose o denunciante a ocupa-lo posto vacante, ata os informes da Garda Civil, do cura da parroquia e, finalmente, a resolución do proceso. •



NOTAS

- ¹ A doazón de Luis Macía Salgado está instalada en seis caixas, numeradas da 144 á 149. Existe un inventario realizado por Ana Esteban, bolseira da Fundación 10 de Marzo, durante o ano 1998.
- ² María Xesús Souto Blanco realiza un exhaustivo estudio sobre as depuracións no maxisterio, a corporación local e a Deputación provincial no seu traballo *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)* (A Coruña, Edicións do Castro, 1998), reseñado por Julio Prada Rodríguez, no número 1 de *Dez•eme* (abril de 2000).
- ³ Francisco Moreno, “La represión en la posguerra”, Santos Juliá (coord.), *Víctimas de la Guerra Civil*, Madrid, Temas de Hoy, 1999, páx. 361.
- ⁴ *Informe sobre tendencias políticas en los Ayuntamientos de la provincia (1935)*, Arquivo Histórico do Reino de Galicia. Inventario Goberno Civil da Coruña. Administración Local G-4369.
- ⁵ *Ibidem*.
- ⁶ Circular número 176 do Gobernador Civil de Lugo, *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, 193, 20 de agosto de 1936.

**VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN
ARIAS**

PROFESOR DE SECUNDARIA
vsantidrián@teleline.es

ANTECEDENTES

Antes del Glorioso Movimiento era de ideas avanzadas y simpatizante del frente popular, votando en las últimas elecciones a favor de los ministros de izquierdas, posteriormente se dice de rumor público hacia comentarios en su escrito número 1.060 de fecha 23 de Junio, encontrando de nuestra Causa, siendo buena su conducta privada.

Interesa informes políticos-sociales, relativos a José Vázquez Pérez, a rtero petadn ce- sante de Fornelas (Puebla del Brollón)

Núm. 6533

ANTECEDENTES

DELEGACIÓN DE ORDEN PÚBLICO

DE LA PROVINCIA

LUGO

Negociado 1º

Núm. 6.533

IVIVA ESPAÑA!
ARRIBA ESPAÑA!

Antes del Glorioso Movimiento era de ideas avanzadas y simpatizante del frente popular, votando en las últimas elecciones a favor de los ministros de izquierdas, posteriormente se dice de rumor público hacia comentarios en su escrito número 1.060 de fecha 23 de Junio, encontrando de nuestra Causa, siendo buena su conducta privada.

Interesa informes políticos-sociales, relativos a José Vázquez Pérez, a rtero petadn ce- sante de Fornelas (Puebla del Brollón)

que en esta Dependencia figura el citado con los antecedentes que al respaldo se indican.

Dios guarde a V. muchos años.

Lugo, 13 de Diciembre de 1938.

Tercer Año Triunfal.

El DELEGADO DE ORDEN PÚBLICO,

Juan Alvarez

Sr. Administrador Principal de Correos

Lugo



SAGRADO CORAZÓN



DE

JESÚS,

EN VOS COMPTO

Manuel González Díaz

Párroco

Santa Marina de Folgoos

(Quiroga)

23 de Agosto de 1936.

Excmo. Sr. D. Ramón Bermúdez de Castro y Plá.

Mi muy respetable y querido amigo: Como se va a proceder a la destitución de carteros rurales, y deseando orientarle en todo lo que pueda - pídóneseme a la hoz en mies ajena - he de decirle que el que en la actualidad desempeña la Cartería del Barrio de la Estación de Brollón, es persona indeseable por su ideal y por su conducta: En el pasado Octubre, fué destituido por incumplimiento del deber. Reincorporado el día 18 del pasado Marzo, en virtud de sus méritos para con el Frente Popular, siguió en el mismo relajamiento: Del 14 al 24 del re-



ferido mes no recogió la correspondencia del Expres; del 25 al 27, y del 28 al 1 de Abril, tampoco. Creo que de otros abusos ya tiene conocimiento la Inspección provincial.

El que en en Marzo la desempeñaba, D. Manuel Franco Alonso, persona de providad y honradez, fué destituido por no haber querido prestarse a amañes electorales en la cuestión de remisión de sobres electorales, ni haberse resignado a entregar el sello de la Cartería, a pesar de las amenazas de todo género, que por fin no tuvieron más efecto que la destitución.

Su reposición sería bien vista de todas las personas de orden de este Municipio y con disgusto de los revoltosos. Y éste sería un favor más que le debe; si alioqueas bati

Su frimísimo en Jesucristo,

q. e. s. m.,
Manuel González Díaz



¡ VIVA ESPAÑA !

El que suscribe, Encargado del puesto de la Guardia Civil de esta localidad; en cumplimiento de lo dispuesto por circular del Excmo. Sr. Gobernador Civil de la provincia, inserta en el B.O. de 20 del presente mes; en vista de la propuesta que formula la Alcaldía de este Municipio para la plaza de Cartero de la Estación, a nombre de D. Manuel Franco López y de D. José Casanova Pérez, tiene el honor de informar que ambos son de buena conducta y adictos por completo al movimiento patriótico militar.

Puebla del Brollón 29 de Agosto de 1936

El Encargado de cargo
Manuel Franco López
[Firma]

Sr. Capitan Jefe de Transmisiones de la provincia

Lugo

ALCALDIA DE PUEBLA DEL BROLLÓN (LUGO)

Núm. 597

Con la urgencia que interesa en su oficio núm. 130 de 25 del actual, cumplimentando la Circular del Sr. Gobernador Civil de la provincia inserta en el B.O. fecha 20 del corriente, esta Alcaldía se sirve proponer para Cartero de la Estación a D. Manuel Franco López, que ya desempeñó el destino, o a D. José Casanova Pérez, que pertenece a Falange, ambos idóneos y de condiciones para el caso.

Puebla del Brollón 27 de Agosto 1.936.

El Alcalde,

Jose Borada



Sr. Capitan Jefe de Transmision Comandancia Militar de

en oficio 150 se pide el informe

Jose Sarquez Administracion Principal de Correos de Lugo Estafeta de

En el plazo de 48 horas a contar del recibo de la presente comunicacion debera devolverla consignando claramente las respuestas a las preguntas que se le formulan. Dios guarde a V. muchos años. Lugo, 23 de Abril de 1938 II Año Triunfal.

El ADMOR. PRAL. A. SANABRIA

Nombre del servicio Carteros de Hornelas

¿Pertenece V. al Sindicato de Carteros rurales y Peatones? no

¿En que fecha fue alta en dicho Sindicato? ninguna

¿En que fecha fue baja en dicho Sindicato? ninguna

¿Que cargos directivos o de delegado en actos de dicha organizacion ha ejercido? ninguno

Mayo de 1938 de Abril de 1938 II Año Triunfal.

(Sello de la Carteria) El Jose Sarquez (FIRMA)


Hornelas Dios guarde a V. muchos años

FOTOGRAFÍA FAMILIAR DURANTE A ÉPOCA FRANQUISTA

EDUARDO FRA MOLINERO

A fotografía familiar é un xénero diferente da fotografía de reportaxe ou da fotografía de profesionais con intención artística. Durante moito tempo a fotografía familiar foi en certo modo desprezada por, aparentemente, non conter “aspecto documental” ou categoría artística. Aínda hoxe se escoitan comentarios críticos que cualifican as do álbum familiar como fotografías con “valor antropológico”, coma se esta palabra indicase unha categoría rebaxada, como se esta palabra indicase unha categoría rebaxada, ou coma se calquera outra produción cultural non fose ‘antropológica’. Pero duns anos para acá a visión sobre o tema ten cambiado algo e a fotografía familiar estase a valorar como unha manifestación cultural de grande autenticidade e un documento social extraordinario polos moitos matices que agocha.

Precisamente a ausencia de pretensión artística fai da fotografía familiar un fenómeno cultural directo e espontáneo, sen filtros alleos, agás a personalidade do fotógrafo; non pretende realizar unha reportaxe de situacións “exóticas” nin extraordinarias —a súa normalidade é o importante e o indicativo—. É esta razón de ser algo cotián o que a fai documento auténtico, sen miradas con prexuízos nin falsidades intelectuais.



Dito isto coa pretensión de situalo tema, vou salientar nestas notas algúns aspectos da fotografía familiar durante o longo período do franquismo.

Non hai estilo franquista na fotografía familiar

Non se pode falar dun “estilo franquista” dentro da fotografía familiar ou popular, aínda que esta se producira baixo a presión da cultura da dictadura. As sociedades teñen moita capacidade de resistencia e os proxectos políticos das clases dominantes non conseguen de todo a desestructuración cultural desas sociedades. No caso do franquismo podemos observar moitas desas resistencias culturais; e isto



por varias razóns: unha, porque a fotografía familiar quedou no ámbito do privado e nesa parcela dificilmente entraban as consignas ideolóxicas do sistema.

Mesmo así, a forte personalidade da dictadura deixou a súa pegada na evolución dalgunhas fotografías familiares en tanto que estas responden ás modas imperantes promovidas polos fotógrafos profesionais.

A emigración hai que rexistrala no "saldo" da dictadura

Un dos fenómenos sociais máis importantes que tivo lugar durante o franquismo foi sen dúbida a transformación e a ruptura cultural da sociedade. O franquismo pre-

tendía conserva-lo país dun xeito unitario e dentro dunhas ideas tradicionais, mesmo predicando oficialmente as virtudes da sociedade de carácter rural, das pequenas vilas e mais dos valores da familia patriarcal extensa. Esta última, dalgún xeito, non tivo máis remedio que reactivarse para a supervivencia nos momentos de crise e escaseza da posguerra. Pero a España de Franco sufriu un fortísimo cambio social e cultural. Durante os anos cincuenta e sesenta podemos dicir que unha cultura milenaria, a rural, entrou en descomposición por obra e gracia do proceso migratorio ás cidades e mais ó estranxeiro (nos anos cincuenta emigraron en Galicia, principalmente a América, máis de douscentos mil galegos). Non foi só unha fase de busca de traballo, senón tamén de procura dun cambio cultural radical. No proceso migratorio tense salientado o feito económico e o da separación e ruptura dramática coa familia "propia"; pero pouco se ten estudiado o desexo de moitos emigrantes de fuxiren e de liberárense dunha sociedade que non só os condenaba á pobreza senón que culturalmente era abafante, estreita e rigorosa cos seus individuos. A emigración foi, por riba de moitas cousas, unha fuxida ilusionada cara a unha sociedade nova, sentida como "moderna", aberta e con futuro.

A fotografía familiar é testemuño desa ruptura: a imaxe tentaba ilusoriamente manter xuntos os individuos do grupo familiar a pesar da distancia. Pero os individuos sempre se nos presentan con eses aires de modernidade e de integración na nova sociedade. Quérese representa-los emigrantes cun aspecto novo: as modas no vestir, o culto polas máquinas (a vespa, os automóviles), os edificios que dean feitío urbano para afastalos de vez do estilo rústico e tradicional.

Os fotógrafos "artistas" e mailos profesionais das reportaxes daquela época

A forte personalidade da dictadura deixou a súa pegada na evolución dalgunhas fotografías familiares en tanto que estas responden ás modas imperantes promovidas polos fotógrafos profesionais

buscaban afanosamente o enxebrismo, o rexionalismo, o costumismo e o pictorialismo. Tiñan a sospeita de que quedaba pouco tempo para recoller imaxes etnográficas que habían ter éxito por exóticas. Tamén había nestas reportaxes con pretensión etnográfica pseudo-científica moito de complexo de superioridade da sociedade urbana que precisamente buscaba o enxebrismo dos aldeáns para mante-las distancias e a propia compra-cencia. Estes fotógrafos tirábanlles fotografías ós labregos para que saísen nelas con “pinta de labregos”, evitando nas tomas calquera construción moderna non típica, e tendo moito coidado en escapar da imaxe dalgunha máquina, algún cable ou os vestidos de tipo urbano. Pero os protagonistas desas fotografías non desexaban de ningún modo ser “típicos”, “enxebres” ou etnográficos. Querían fotografarse como individuos modernos de pleno dereito e aparecer con xestos novos e decididos, e, por suposto, identifica-las súas persoas cos obxectos, enxeños e máquinas da modernidade. Aínda así, quedánnos algunhas fotografías familiares a medio camiño entre a tradición e a modernidade, pero con claros síntomas do triunfo pleno do que eles consideraban a vida moderna e a derrota da vida rural.



Cando se fala da perda das tradicións “etnográficas” sempre é desde posicións urbanas e nostálxicas, con moito idealismo romántico polo medio. Ningún dos que lamentan esas perdas estaría disposto a vivir sequera un día o tipo de cultura en proceso de “destrucción”. Moitos protagonistas da perda e a desfeita cultural, desde a emigración e a vida urbana teñen tamén a tendencia a idealizar dun xeito ritual aspectos da cultura do pasado. Ese romanticismo bate de fronte co pragmatismo da realidade da identificación coa nova vida moderna. A fotografía familiar reflicte en moitos casos eses dous mundos confrontados.

Falando en termos políticos, as transformacións culturais durante o franquismo foron, a pesar do propio réxime, unha liquidación ideolóxica do que este representaba. As xentes das capas sociais baixas, ó andaren na emigración, deixaron de lado moitos dos presupostos culturais do tradicionalismo oficial.

A guerra foi unha baixa no nivel de vida

Un aspecto digno de ser salientado é o tamaño das fotografías nos primeiros anos



Falando en termos políticos, as transformacións culturais durante o franquismo foron, a pesar do propio réxime, unha liquidación ideolóxica do que este representaba

do franquismo. A guerra, a caída do nivel económico e mailo bloqueo internacional fixeron difícil o traballo técnico dos fotógrafos. Rareaba o material de todo tipo e necesariamente as fotografías tiveron que reducir gastos: o tamaño cativo e ás veces a falta de calidade técnica foron o resultado máis inmediato e visible.

Os grandes temas da fotografía familiar son invariables

En canto ós temas da fotografía familiar, estes non variaron. Temos defendido nalgún outro traballo que a fotografía familiar foi un sistema de proxección das ilusións colectivas e persoais así como das necesidades rituais do propio grupo familiar. Polo tanto, a fotografía familiar seguiu teimando nalgúns xestos significativos e aínda máis naqueles momentos esenciais e rituais nos que a familia marcaba os seus límites e se afirmaba diante da sociedade.

A fotografía familiar significou e significa hoxe en día unha marca de lindes e límites da personalidade desexada da familia e do individuo dentro dos grupos culturais ós que pertence.

Despois da guerra nótase quizais máis preferencia polo principio de orde na colocación dos membros da familia: hai, se cadra, máis rixidez nas posturas, máis solemnidade e formalidades rituais, e as persoas (sexa a familia ou outros grupos) tenden a formar estruturas xeométricas máis pechadas e simétricas. Nas fotografías dos grupos xuvenís a partir dos anos sesenta nótase, pola contra, máis liberdade de xestos, e represéntanse situacións rompedoras que imitan, en moitos casos, fotografías de revistas e xornais e mesmo de portadas dos discos dos grupos musicais. A ruptura dos xestos coincidiu tamén cunha popularización das cámaras fotográficas. O fotógrafo profesional e a foto-



grafía de estudio non eran xa imprescindibles e polo tanto a liberdade de posturas e xestos foise impondo. Aínda así, certos momentos rituais da familia, acontecementos importantes dos individuos dentro do seo familiar, seguiron sendo fotografadas 'profesionalmente' con escenas rixidas e solemnes.

Socialización dos individuos na escola

Unha das novidades que trouxo o franquismo foi a **fotografía escolar**. Antes da guerra practicábase a fotografía do grupo escolar co mestre ou mestra, normalmente no exterior do edificio e buscando case sempre un encadramento naturalista ou a decoración da propia fachada da escola se esta lles parecía dalgún mérito. Despois da guerra desenvolveuse a moda das fotografías persoais do escolante diante da mesa do profesor, coma se fose unha importante mesa de despacho, e rodeado de símbolos sociais significativos. Estas fotografías escolares teñen un valor especial. Aquí si que se deu unha certa consigna do réxime para "ritualizar" o paso dos nenos pola escola. Adoptouse a moda (coido que francesa) de significa-los

Despois da guerra desenvolveuse a moda das fotografías persoais do escolante diante da mesa do profesor, coma se fose unha importante mesa de despacho, e rodeado de símbolos sociais significativos

As fotografías co mapa de España, cos retratos de José Antonio Primo de Rivera e Franco, os nenos co uniforme do Movimiento Nacional, fóronlle deixando o sitio a outros símbolos máis aceptados colectivamente que significasen calidade, éxito e importancia social sen ningunha discusión nin implicación política



nenos e nenas como cidadáns e cidadás de feito e de dereito dunha patria e dunha sociedade. Os símbolos que rodean os cativos non ofrecen dúbida ningunha en canto ás súas intencións: aparecen presentados en sociedade coma se fosen homes e mulleres adultos “en activo”, nunha mesa de despacho e co mapa de España de fondo. O neno cos libros abertos, coa bóla do mundo, por veces con símbolos relixiosos, e, segundo foi pasando o tempo, co teléfono e ata coa televisión. Hoxe en día este tipo de fotografías, de existiren, andarían representando os cativos co móbil, co ordenador e outros chintófanos electrónicos. Pero este ritual desapareceu, seguramente substituído por outros.

Os fotógrafos profesionais eran encargados de prepara-la escena e de aí que se construíse esa cerimonia tan xeneralizada por toda España. Recolleron a idea “oficial” de identifica-los nenos e nenas cos símbolos básicos da sociedade, co que dalgún xeito se quería demostra-la total socialización e integración dos máis novos dentro do sistema, e o triunfo moral deste.

A escola foi con moito un lugar de socialización intensa dos nenos, onde se interiorizaron, en moitos casos á forza e a paos, os valores culturais que se consideraban base e fundamento da sociedade.



A constancia na propaganda ideolóxica tivo os seus altos e baixos. A Falange, encargada da politización da xuventude, foise deixando ir entre o fracaso, o cansazo e mailo desprestixio social. As fotografías co mapa de España, cos retratos de José Antonio Primo de Rivera e Franco, os nenos co uniforme do Movimiento Nacional, fóronlle deixando o sitio a outros símbolos máis aceptados colectivamente que significasen calidade, éxito e importancia social sen ningunha discusión nin implicación política. Por exemplo, os mapas: o mapa de España foi substituído por outros: o de Europa ou de América. En parte —haino que dicir todo— pola simple razón de que o de España, a forza de tanto usalo, andaba máis gastado e estragado por cousa dos punteiros. (Sería interesante precisar qué partes de España estaban máis usadas nestas leccións de xeografía “patriótica”; ¿estaría nas escolas galegas máis gastada a parte de Galicia?).

Quédanos pois a constancia dos retratos escolares con significación nacionalista, pero que transcendeu axiña a súa intención primeira para significa-la identificación do neno coa sociedade a través dos seus símbolos. É o que no terreo da antropoloxía se chama ritual de iniciación ou aceptación no grupo social.

Fotografías de relixión

Amáis do nacionalismo, o réxime de Franco identificouse co catolicismo, e quixo representar esa volta ós valores relixiosos nas manifestacións litúrxicas exteriores da Igrexa. Polo tanto, as fotografías dos ‘momentos relixiosos’ tamén cobraron especial relevancia. Emporiso, lonxe de reflectiren intensidade relixiosa, son imaxes de ritualización e representacións colectivas. Se a Igrexa volveu esperanzada a unha situación de privilexio exclusivo, a sociedade usou as liturxias católicas e transformounas axiña en actos rituais que significaban máis unha afirmación da propia colectividade ca outras cousas. Exemplos evidentes deste uso son a cerimonia da primeira comunión ou a da voda. A reportaxe fotográfica deses actos converteuse nun acto incluso central dentro de todo o rito. Algúns cregos que buscaban autenticidade relixiosa, rigor litúrxico e seriedade virtuosa, viron en seguida cómo perdían tamén esa batalla dos significados simbólicos. Os cregos tiraban polas súas teoloxías e o *populus* ía cara ó seu, en dereitura á súa afirmación individual e colectiva.



O valor guerreiro

O servicio militar, a ‘mili’, era outro dos momentos de socialización dos individuos, neste caso dos homes. Por unha banda era un ‘servicio’ ó Estado, á patria, que teimaba na simboloxía patriótica e nacionalista, pero na vida cotiá dos cuarteis a ‘mili’ era un servicio ó mando dos militares profesionais.

Ir ó servicio militar era, en moitos casos, saír da casa, da aldea. Toda a familia despedía o ‘quinto’ con bos consellos e cunha carteira cheíña de cartos, dentro do que cabía, para gastos de ‘home’. Os quintos das aldeas e vilas pequenas —daquela, a metade de España conformábase aínda aldeas e pequenas vilas de provincias— adoitaban facer unhas celebracións-despedidas moi sonoras e ás veces brutais, verdadeiramente rituais de “paso” con moitos significados. Consérvanse as fotografías destas especiais celebracións.

Quedan os retratos de uniforme: o “soldado” mistificado, enxalzado e idealizado con moita dignidade, esa dignidade persoal que rareaba dentro do cuartel. Retratos-recordo para a familia, e para a noiva, porque tamén a mili significaba unha fronteira no estado dos homes: acostumábase formalizalas relacións amorosas precisamente neste período de “ausencia” e cambio porque a mili significaba

As fotografías dos ‘momentos relixiosos’ tamén cobraron especial relevancia. Emporiso, lonxe de reflectiren intensidade relixiosa, son imaxes de ritualización e representacións colectivas

tamén o “paso” ó grupo social dos adultos, con tódalas consecuencias.

Emigración, escola, igrexa, servizo militar... eran situación vitais que explican moito da personalidade do réxime político que naceu como vencedor dunha guerra civil. Pero esta guerra, con se-la chave explicativa de case todo, está practicamente ausente no álbum familiar. Por suposto que as familias máis identificadas co triunfo da guerra quixeron representarse con símbolos políticos e triunfais. Pero son fotografías moi escasas. O común das fotografías familiares describe a época dun xeito íntimo, dando importancia máis ás súas limitacións ca ó carácter documental. Pero sen pretendérenlo, son fotografías documentais directas, que ofrecen sempre a imaxe que os individuos queren dar de si mesmos.

Fóra destes catro grandes temas, presento unhas fotografías que nos achegan admirablemente o ton da época:

Uns rapaces de excursión coas súas bicicletas, na praia de Valdoviño. A cuadrilla de rapaces, os grupos de amigos téñense cualificado antropoloxicamente como o “grupo dos iguais”. Ninguén descoñece que estas cuadrillas e bandas foron de sempre un dos sistemas máis importantes de socialización.

Os humildes equipos de fútbol, en moitas ocasións promovidos por cregos novos que traían algunhas ideas de renovación, serviron en moitos casos de reestruturación social e mais de identidade da colectividade parroquial. O equipo leva o nome da parroquia e representa todo o grupo social. Isto sempre tivo unha grande importancia na identidade colectiva.

Outra fotografía amosa un taller de costura. Moitas mulleres deron cun bo oficio na costura, que non só representou unha saída digna, tamén unha división radical do traba-



llo por xéneros. Hai fotografías “traballando” (moi escasas) e outras “celebrando” a festividade da patroa, santa Lucía.

O carné de identidade

A fotografía por excelencia da época do franquismo foi sen dúbida a do carné de identidade. Neste tipo de retrato a normativa oficial esixía unha postura e un encadramento rigoroso específico. Pero poucas veces as ‘fotografías de carné’ (como eran coñecidas) están presentes dentro do álbum familiar. Estas fotos presentaban oficialmente a identidade dos individuos, pero homes e mulleres prefiren fixala noutro tipo de imaxes, as de seu, aquelas que libremente escollen para seren representados socialmente. As fotografías do carné eran as oficiais ás que o goberno obrigaba. É ben curioso ese divorcio sutil de identidades. •

Os humildes equipos de fútbol, en moitas ocasións promovidos por cregos novos que traían algunhas ideas de renovación, serviron en moitos casos de reestruturación social e mais de identidade da colectividade parroquial

EDUARDO FRA MOLINERO
PROFESOR DE
SECUNDARIA



DAS MEMORIAS DE MANUEL BRAVO, *MARIÑO*

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

Non resulta doado atopar unha biografía tan intensa coma a de *Mariño*. Manuel Bravo Silves, coñecido como *Mariño*, é unha desas persoas que case nunca citan os historiadores pero que están detrás de moitos grandes procesos.

Naceu Manuel na provincia de Ourense, en 1909, nunha familia de orixe campesiña. Tivo que emigrar para traballar nas minas asturianas, onde comezou a súa militancia política, primeiro nas filas anarquistas e, despois, nas do Partido Comunista. Eran os anos da República cando Manuel traballaba de canteiro en Asturias, en Ávila, en Huesca.

Foi en Huesca onde o sorprendeu a sublevación militar do 18 de xullo de 1936. Tras formar parte das milicias que se mobilizaron para salva-la República, Manuel ingresou no Exército Popular no que acadou o grao de tenente. Estivo en tódalas grandes batallas da Guerra Civil: en Madrid, en Málaga, en Belchite ou na batalla do Ebro. Ferido durante o conflito, foi dos últimos combatentes repu-

blicanos en cruza-la fronteira polo Pireneo, camiño do desterro. Un desterro que no seu caso, coma no doutros centos de miles, durou case corenta anos. Un desterro que lle quitou mesmo a súa propia identidade porque Manuel, durante eses corenta anos franceses, sempre viviu clandestino.

Ó saír de España, Manuel estivo internado en varios campos de concentración. Dun deles foi deportado pero, afortunadamente, puido fuxir do tren que o transportaba á Alemaña nazi. Foi un dos guerrilleiros que participou na chamada “invasión” do Val de Arán.

Dende os anos corenta foi membro do aparato do Partido Comunista en Francia. Entre as súas responsabilidades estaba a de manufacturar maletas, bolsos e bandexas, por exemplo, ou a de construí-los dobres fondos dos automóbiles nos que se trasladaba a propaganda dende Francia ó interior. Domingo Malagón, outro deses militantes “grises” ós que todos debemos moitas das liberdades das que hoxe goza-

Xa nos anos sesenta, **Mariño** participou na creación do Partido Comunista de Galicia e foi membro do seu primeiro Comité Central



mos, refírese a *Mariño* como “un verdadeiro manitas, muy imaginativo y perfeccionista”¹. Outras memorias de vencidos refírense tamén ó labor de *Mariño* nos tempos do nazismo cando “ayudado por otros camaradas de Toulouse, recibía la propaganda en Vaucluse y la distribuía a las organizaciones del Partido, a las unidades de guerrilleros y a las estafetas encargadas de introducirla en España. Trabajo duro y lleno de riesgos, que tenía que salvar los rigurosos controles de las SS y de la Gestapo”².

Xa nos anos sesenta, *Mariño* participou na creación do Partido Comunista de Galicia e foi membro do seu primeiro Comité Central. Regresou definitivamente ó país nos anos noventa. Recibiu o Premio 10 de Marzo outorgado polo Sindicato Nacional de Comisiones Obreiras de Galicia en 1998.

Os apuntamentos que agora presentamos son o avance do primeiro capítulo das súas memorias, elaboradas a partir de máis de vinte e cinco horas de conversas gravadas e moitas máis sen recoller. Fixemos unha necesaria adaptación da lingua oral á escrita para evitar repeticións, frases inconexas e calquera outro trazo da frescura dunha conversa. Sen embargo, intentamos mante-la viveza da oralidade, o que



xustifica a mestura de galego e castelán, as linguas nas que, xunto o francés, se expresa *Mariño*.

Esperamos ver-las memorias do noso protagonista publicadas en datas próximas. Quizais así consigamos gravar nas páxinas da memoria o nome de todos aqueles, mulleres e homes anónimos, que viviron unha vida marcada pola historia. Deixemos agora falar a Manuel Bravo Silvares, *Mariño*.

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS
PROFESOR DE SECUNDARIA
vsantidrian@teleline.es

Manuel Bravo Silvares, Mariño

Nacín en Froufe no ano 1909, no seno dunha familia traballadora. Non fun á escola nada máis que quince días porque non puiden ir máis: meu pai, que se chamaba Jesús Bravo Trigo, morreu cuns corenta anos, non o recordo exactamente. E tiveron que ir traballar. O meu pai era un home republicano, era un traballador, un carpintero, pero non tiña unha militancia sindical ou política. No meu pobo non había sindicatos. Mi madre morreu cando cumpría noventa e nove anos, le faltaban días para los cien años. Vine de Francia al entierro.

Mi padre, en el pueblo y donde le conocían, era una persona bien querida. Tenía facilidad para curar a los animales, porque los conocía. En las ferias ayudaba a quienes tenían vacas enfermas. En una ocasión, a un amigo, al señor Manuel de Sorribas, se le puso enfermo un buey. Allá fuimos. Lo primero que se hace para saber si un buey o una vaca está enferma es tocarle los cuernos: si están fríos, mal asunto. Mi padre preparó un ungüento con unas hierbas con vinagre, con aceite, no recuerdo. Mi padre hizo un corte en la piel del animal donde colocó aquellas hierbas. Al poco tiempo, el buey empezó a moverse y se salvó.

Morreu o meu pai deixando a miña nai, María Josefa Silvares Penedo, con cinco rapaciños. Morreu cando eramos novos e, claro, houbo que saír gaña-la vida. E eu tamén saín para gaña-la vida. Era moi noviño, apenas se tiña catorce anos, cando viaxeí a Asturias para traballar nunha mina en Duro Felguera, nun pozo que tiña 500 metros de profundidade. Ía cun primo meu que se chamaba Jesús Bravo, *Suso*. Ese



Era moi
noviño,
apenas se tiña
catorce anos,
cando viaxeí a
Asturias para
traballar nunha
mina en Duro
Felguera

mozo, era un home xa, máis vello ca min, morreu aquí no Carballeño. Axudoume moito porque eu tiven medo cando baixei alí. Estuve moi poucos días, botei tres meses na mina. Eu levaba un botijo para reparti-la auga polos tajos. Nunha ocasión caí e rompeuse e un tío que quería beber porque tiña sede, case me pega cun pico. Aqueles homes eran moi nobles, o asturiano é moi noble, o mineiro asturiano é moi noble pero non anda con bromas. Entón o vixía díxolle: “Como lle zoupes a ese rapaz pégoche un tiro”. O outro reaccionou e co tempo se fixo un gran amigo meu pero eu lle collín medo á mina. E, claro, saín dalí porque esa vida non ía comigo. Desde o momento que vin baixar a aquel home con aquelas manos que parecían tenazas e aquel corpo lle collín medo á mina e saín dalí. O meu primo dixo que non me quería ver alí abaixo, morto de medo e sufrindo.

Así que marchei dalí e fun traballar un ano a Mieres, de canteiro e, como diría eu, de albañil. Alí pasaría dous anos e pico. Vivía en casa de un viejo que se llamaba Martínez, Martínez *el Carrilano*, y su mujer, Carmiña. Trabajé con él en un depósito muy grande, en una traída de agua que baja de Sama a Mieres, pasando por un pueblo que se llama La Rebollada. Martínez y su mujer me habían cogido como si fuera de la familia, no tenían hijos porque el que habían tenido se les había matado en la mina cuando tenía, más o menos, mi edad. Así que me acogieron casi como si fuera hijo suyo.

La proclamación de la República, el 14 de abril del 31, me pilla en Asturias, en casa de Martínez donde hubo una fiesta enorme. Aquello no era más que alegría. Martínez tenía la seguridad de que el fascismo no podía llegar nunca a España. Decía que el pueblo español no admitiría nunca un régimen como el italiano, como el de Mussolini. Eso fue lo que más me ha quedado grabado de aquel hombre, que era ya maduro. Y fíjate las vueltas que da la vida. A Martínez lo mataron en el 34, durante la Revolución de Octubre. Su mujer, Carmina, se quedó sola porque no tenía más familia, pero era una mujer decidida. Con Carmina mantuve relación desde Francia. Se murió hace, pues mira, debe de hacer veinticinco años, era ya una viejina, estaba muy gastada. La primera vez que volví a España, después de la muerte de Franco, fui a Asturias para verla pero había muerto ya.

En el año 31, mientras estaba en casa de Martínez, me avisó mi mujer de que iba a dar a luz. Vine para Galicia, donde me quedé durante un mes. Mi hija Jesusa nació el 2 de octubre de 1931. Fue en ese mes cuando se produjo una manifestación para que el ayuntamiento de Irixo, controlado por Doña Manuela, pasara a manos republicanas. Dirigidos por el abogado



Don Manuel das Campiñas habíamos ido doce para pedirle por las buenas a Doña Manuela que entregara el ayuntamiento. Aquella señora dijo que o salíamos de su casa o que si no, llamaba a la Guardia Civil. Entonces decidimos organizar una manifestación. Recuerdo que la organizó un hombre manco, un auténtico hombre de acción. Como me conocía y sabía que yo no era muy amigo de la iglesia, contó conmigo para aquella manifestación. No éramos muchos pero para pueblos como Nogueiroa, Freufe, Parada, éramos muchos, hombres y mujeres. Fuimos hasta un puente, donde estaban los fascistas, todos borrachos y armados por la Guardia Civil. Y empezaron a disparar. Yo tenía una Smichdt que brillaba de lejos y algún otro también estaba armado. Pero las mujeres nos pidieron que no respondiéramos y reculamos.

Cuando mi mujer se repuso un poco, me volví a marchar a Ávila y de allí, otra vez, volví a Asturias por seis o siete meses. Siempre trabajaba de cantero o

La proclamación de la República, el 14 de abril del 31, me pilla en Asturias, en casa de Martínez donde hubo una fiesta enorme. Aquello no era más que alegría



albañil, junto a mi padrino. Y como cantero que era, solía regresar a casa a pasar el invierno.

En aquel momento yo era anarquista porque cuando estuve en la mina en Duro Felguera, que era un nido de la CNT con 3000 hombres, mi primo *Suso*, que tenía alguna responsabilidad en las Juventudes Libertarias, me metió allí. Pero Martínez *el Carrilano* me hizo ir a la casa del Partido, a la casa de los sindicatos, me llevó a la Casa del Pueblo. Me enseñó los libros, porque él leía todo lo que le caía en las manos. En aquella época no salía el *Mundo Obrero*, no había *Mundo Obrero* en Asturias. He visto muchas veces por allí *El Liberal* pero nunca el *ABC*. ¿*El Sol*? *El Sol*, sí, lo tenía. Él estaba suscrito a dos, *El Liberal* y el *El Sol*. Y luego leía muchos, muchos libros. Leía bien el francés, leía bien el italiano, el español, por supuesto, y le daba un poquitín al alemán porque había trabajado en muchos países. Además, en casa con el viejo se discutía mucho, y me hablaba de la historia del

Partido. Había leído a Trotsky, él había leído ¡bueno meu fillo! tiña unha biblioteca bárbara, no sé que habrá sido de ella. Así que Martínez *El Carrilano* fue el que me hizo entrar en el Partido y cuando me incorporé al Partido, cuando cogí el carné se quedó más contento que nada. Pero tamén hai que ter en conta que eu sempre tiven unha certa inquietude política porque sempre fun inquieto en todo e para todo. Ademais, sempre tiven curiosidade por ver e coñecer, sempre me gustou coñecer todo o que me rodeaba. A min gústame todo, as prantas, a xente que fala e a que non fala, os homes bos e os malos, os amigos e os inimigos. ¡Tamén me gusta coñecer os inimigos! Ás veces cómpre ter inimigos para ter amigos. E claro, con esa curiosidade non é difícil acabar tendo inquietudes políticas.

Recordo que o 14 de abril de 1933 fíxose unha manifestación dende Turón a Mieres. Era una manifestación que tenía que acabar con un mitin de unidad en el que intervendrían anarquistas, socialistas y comunistas. Parecía que aquello movía o mundo. La manifestación venía desde Turón con niños, jóvenes y viejos. Diante viñan os rapaciños, os cativos, coas súas bandeiriñas. A continuación estábamos nosotros, los de las juventudes, muchos de los cuales íbamos preparados para la lucha. Nos llamaban la Guardia Roja. Cuando llegamos a Mieres estaba la Guardia Civil esperándonos a caballo. Y como sabíamos que los críos, bueno, lo sabían los que organizaban la manifestación porque yo era uno de ellos; yo era un hombre de acción como lo he sido siempre; pues bien, apartaron a los críos: ¡Los animales aquellos a caballo podían hacerle daño a los críos! Entonces, el teniente de la Guardia Civil gritó: “¡Guardias a mi mando!”, a lo que contestó uno de los que dirigía la manifestación: “¡Guardias Rojos a la mía!”. Era el grito de Ceferino Álvarez, un asturiano hijo de

Entonces, el
teniente de la
Guardia Civil
gritó: “¡Guardias
a mi mando!”, a
lo que contestó
uno de los
que dirigía la
manifestación:
“¡Guardias Rojos
a la mía!”

gallegos que después de la Guerra Civil sería comisario de todos los españoles que fueron a la Unión Soviética, que fueron muchos. Éramos tantos y con tanta fuerza que los civiles tuvieron que recular. ¡La Guardia Civil a caballo tuvo que recular. Por lo tanto, la manifestación pasó por donde tenía que pasar y nos dirigimos a la Casa del Pueblo. En aquel momento, el edificio estaba en construcción, lo estábamos haciendo los obreros. Yo trabajé en él también. Allí fueron llegando los de la Felguera, de Sama, de todos aquellos pueblos llegaron, xente boa. Había mucha gente. Y, claro, se hizo el mitin. Nosotros, los Guardias Rojos, estábamos abajo, de guardia; otros estaban detrás de los balcones,

de unidad, por eso, en aquella época, aquello fue bueno. Entonces, habló Acevedo, el de la barba que le llamo yo. ¡Era pequeño...! Hubo que ponerle unos ladrillos para que se subiera y aún así casi no se le veía. Aquello fue histórico. Una vez que estaba subido a aquellos ladrillos, Acevedo se puso a mirar a la gente, algo que solía hacer aquel hombre y, a continuación dijo: "Camaradas. Han hablado aquí los camaradas, los compañeros. Sobre todo el responsable de la CNT ha hablado mucho pero yo no he comprendido nada". ¡Me cago en la Virgen! Un viejo como aquel diciendo que no había comprendido nada. Yo no conocía personalmente a Acevedo pero por lo que estaba oyendo allí debía

Aquel era un mitin de unidad, no un mitin de la CNT, ni del Partido Comunista ni del Socialista. Era un mitin de unidad de todo el pueblo asturiano



donde estaban los oradores, pero esos eran ya viejos, no eran como nosotros que éramos más jóvenes. El primero que habló fue un anarquista que se llamaba, me parece, Ovidio. Estuvo hablando no sé cuánto tiempo pero aquella plaza ¡aquello no se movía! Habló un anarquista, y habló no sé cuánto tiempo. Y luego, hablan dos hermanos gallegos, se llaman los hermanos Trincado, socialistas de UGT. Uno era el responsable de artes blancas, de organización de artes blancas, y otro de la minería en Mieres. Uno murió en la guerra y el otro anda por ahí, no sé. Hablaron ellos, habló el anarquista, y hablaron sobre todo

ser un tío bastante fino. Después explicó la política del Partido, la política de unidad porque aquel era un mitin de unidad, no un mitin de la CNT, ni del Partido Comunista ni del Socialista. Era un mitin de unidad de todo el pueblo asturiano. Como acabo de contar, yo no era entonces todavía un militante comunista con carné pero sí de corazón. Pues fue el día de aquella manifestación cuando cogí el carné del Partido. Bueno, no era un carné como los de ahora. Era un papel firmado por el secretario de organización, que creo se llamaba Julio Taoces. Así fue como me incorporé a la lucha.

Bueno, desde esa época en la que empecé a trabajar con Martínez mi vida se desarrolló siendo un cantero. Trabajé con mi padrino, Antolín Silvares Penedo, hermano de mi madre. Cuando murió mi padre y siendo cinco de familia, nos ayudó mucho. Fue casi como nuestro padre. Cuando nombro a mi tío se me atascan las palabras. A nosotros nunca nos negó nada y si en alguna ocasión nos faltó algo era porque también les faltaba a sus hijos. Nunca, nunca nos negó nada, lo que fuera: dinero, comida... Bueno, comida teníamos nosotros más que él porque mi padre tenía muchas vacas. Cando morreu o meu pai se lle deron dúas vacas ó meu tío e, claro, iso queda gravado. Era un hombre



muy inteligente y muy buena persona que ayudó a muchos vecinos a encontrar trabajo. Así que mi padrino me cogió y me llevó con él a trabajar. Era el encargado, en la construcción de una carretera que atravesaba una línea de ferrocarril en una dehesa de Navalperal del Pinar, en la provincia de Ávila. Había empezado a trabajar como cantero y, estando en el pantano de Caín, conoció a Arrese cuyo hijo fue ministro de Franco, con el que estuvo mucho tiempo. Como dije antes, estuve en Ávila trabajando en la carretera. Éramos unos ochenta trabajadores, muchos de ellos gallegos. Uno de los compañeros, un

barrenero murió en la obra, por lo que estuvimos una semana en huelga. Al final conseguimos que constara que el fallecido estaba asegurado, para que a la familia le quedara algo de dinero. De los compañeros recuerdo a uno, creo recordar que se llamaba Mariano. Sí, se llamaba Mariano. Trabajaba también de cantero aunque no era gallego. En algún momento le quise explicar que yo tenía un amigo en Asturias, un amigo que era comunista, Martínez. Pero Mariano, que ya era un hombre, siempre me consideró como un niño y no me hizo mucho caso. Ahora bien, creo que aquel hombre tenía que ser un comunista aunque nunca me lo dijo porque me consideró siempre como un crío, lo cual no



me gustó mucho. Con él fui en alguna ocasión a Madrid, a una fiesta y también a un mitin de José Díaz.

Recuerdo que, trabajando en Navalperal, haciendo un ángulo para el puente, se me acercó Arrese y me dijo que le dejara el puntero y la maceta. Tenía una maceta redonda a la que hacía cantar. Arrese me quería enseñar a hacer un ángulo y le respondí que a las afueras del pueblo había una quincallería donde vendían herramientas, que fuera allí y las comprara si quería enseñarme. Entre los que estaban allí trabajando, algunos de los

Cando morreu o
meu pai se lle
deron dúas
vacas ó meu tío
e, claro, iso
queda gravado

cuales eran canteros de los buenos, aquella actitud mía cayó como una bomba porque había sido capaz de hablarle en ese tono. Aquel mismo día, nadie habló durante la comida. Comíamos en casa de una familia cuyos dueños habían trabajado en ferrocarriles. Cuando llegó mi padrino dijo “¡Qué! ¿Hay entierro hoy o qué coño pasa aquí? Otro de los hermanos de mi madre, Juan, con quien nunca tuve mucha relación, le contó a mi padrino lo que le había dicho a Arrese, a lo que le contestó: “¿Y qué? Has hecho bien, Manuel. Así aprenderán todos estos”. Todo el mundo se echó a reír.

Fue en Ávila donde me pilló la revolución del 34, de la que tuvimos noticias. Recuerdo que Carmina, la mujer de Martínez *el Carrilano* me mandó alguna carta contándome lo que había pasado. Aquello fue tremendo.

Y así pasé dos años y luego fui trabajar a Huesca. En Huesca fue donde me cogió el Movimiento. En los almacenes de San Juan, en Barbastro, trabajaba un compañero que era un gallego con quien había simpatizado un poco en Barbastro, que estaba a unos cuantos kilómetros de Ainsa. Así que fui a comprar allí unas cosas y le hablé y me habló él también. Resultó ser un camarada un poco más viejo que yo por lo que le dije que yo también era militante pero que allí no había vida de partido y tal. Ese rapaz no me dio su nombre nunca. Y yo tampoco se lo di a él. Si no recuerdo mal... pero es que me voy a equivocar, se llamaba Ramón, pero claro ese era el nombre que daba él como el que le di yo cuando me pareció. Pues bien, me preguntó que dónde estaba yo y cuando le dije “estoy allá en Ainsa, de arriba”, respondió: “Coño, pues a Ainsa voy yo todos los sábados por la tarde y me quedo el domingo por la mañana”, porque allí había un tío que le enseñaba a manejar un truco y tal y porque, qué

coño, aquello era muy hermoso. Estaba soltero y tenía alguna responsabilidad en eso de los almacenes de San Juan. Debía ser un representante o algo parecido porque tenía su cochecito. “Si quieres — continuó diciendo— el sábado a las tres estoy en Ainsa, en el bar ¿sabes?”. “Conozco un poco”, le respondí. Y



siguió: “Pues allí, cuando entras, subiendo a la mano izquierda, la carretera que sube, verás que en aquel bar estoy yo a tal hora, y te enseñaré algo. ¿Quieres venir conmigo?”. “¿Y por qué no voy a ir contigo yo”, dijo. “Te voy a presentar a un tío que enseña algo que... algo que tenemos que aprender”.

Al principio no me quería decir dónde me llevaba porque creía que yo tenía miedo a ir por allí. Estábamos en un bosque, allí dormíamos en una especie de barraca. Durante aquella temporada fui bastantes días, sábados y domingos. Y así

Aquel era un
millón de unidad.
Fue en Ávila
donde me pilló
la revolución
del 34, de la
que tuvimos
noticias.
Aquello fue
tremendo

fue como aprendí a leer y a escribir de verdad, bueno, y alguna que otra cosa más. Recuerdo que me decían: “Mira, rapaz —me decía— mira, si quieres, no pongas la mano así ni así, tu no mires... más que, de hacer tu letra, porque hay quien pone el dedo así...”, ¡me decía él! yo no sé porque eso, la mano de una manera, la otra... y yo

forma de aprender algo por ti solo, ¿cómo te llamas? No te pregunto donde estás — me dijo— pero tu nombre me gusta conocerlo”.

Me interesaba ir con aquellos hombres, además, porque se sabía que algo podía pasar, porque se veía venir la guerra. Recuerdo que en aquellos días José Díaz hizo una conferencia en Madrid, una conferencia que fue histórica, en la que dijo que el fascismo estaba a las puertas de Madrid y un socialista, Prieto, le contestó que los comunistas veían el fascismo hasta en el plato de la comida. Así que como lo que aprendía en aquel bosque me interesaba iba cada sábado, a la misma hora. Aprendí el camino y empecé a ir solo aunque allí nos juntábamos cuatro o cinco. Los que eran de más cerca se iban todos los días a la noche y el resto nos quedábamos a dormir allí, en la paja. Llegamos a estar once, todos camaradas.

Aunque yo por entonces no leía mucho, recuerdo todo el problema de referéndum para el Estatuto de Autonomía de Galicia, allá por el mes de junio de 1936. En aquellos momentos yo empezaba a leer un poco gracias a las lecciones que nos daban. En alguno de los libros y periódicos que leíamos seguimos el problema del Estatuto. Recuerdo, sí, recuerdo que hubo un cierto momento en que se presentaron los estatutos para Cataluña, las Vascongadas y Galicia. Pero como nosotros en Galicia, desgraciadamente, hemos tenido unos políticos más rastreros que políticos, no han tenido el valor de catalanes y vascos, no han tenido el valor de decir: “Aquí se aprueba el Estatuto”. Porque si Cataluña tiene un territorio y una economía, como el País Vasco, para ser una nacionalidad, también Galicia la tiene. Me acuerdo de un periódico, no recuerdo cuál, que explicaba las riquezas de Cataluña, las riquezas del País Vasco y las riquezas de Galicia. No



dije: “Me cago en la hostia pues tienes razón, hay que hacerlo, como mejor me venga bien a la mano”. Recuerdo otros detalles que me daba él, y que me daba otro que había allí y que tampoco debía de ser de los peores en educación. Yo no le escondí que no había ido nunca a la escuela. Yo no sé cómo se llamaban porque tampoco ellos me preguntaron mi nombre. El que llevaba aquello me lo preguntó porque me dijo que le gustaba saberlo porque en quince días había ido allí dos veces. “Estoy seguro —dijo— que en tu casa estuviste manchando tinta”. ¡Y era verdad!. “Tú has buscado la

Nosotros
en Galicia,
hemos tenido
unos políticos
más rastreros
que políticos

Galicia disponía de las cuatro características principales para ser una nacionalidad pero que a los dirigentes no les interesaba



me acuerdo de qué periódico era pero sí que decía: “Galicia tiene carne, pescado, madera, unos límites geográficos...”. Decía que Galicia disponía de las cuatro características principales para ser una nacionalidad pero que a los dirigentes no les interesaba. Quizás eso esté relacionado con el espíritu caciquil que existe en el país y que ha marcado al pueblo gallego y que ha impedido que aprovechemos nuestras riquezas. Esa riqueza que produce el gallego y que la trae de aquí y de allá, de donde puede, va a parar a Madrid, a Barcelona o a Bilbao.

Pero incluso, seguramente, dentro de las propias fuerzas democráticas, había esa falta de confianza hacia los gallegos. Una anécdota de la Guerra Civil pone de manifiesto esa falta de confianza. En una ocasión, la brigada que dirigía Eduardo García, el comandante más joven que ha dirigido una brigada en la guerra de España, estaba descansando antes de tomar una posición y uno, que era madrileño, se encaró con los gallegos que estábamos allí: “Las mujeres gallegas son pequeñas y gorditas y se van a Madrid a criar los becerros de los burgueses. ¡El

gallego es así!”. No es difícil de imaginar cómo me puse con él. Le insistí en que retirara sus palabras: “Mi madre no es una vaca, ni va a darle la leche a los hijos de los señoritos a Madrid”. Y lo hizo, delante de toda la compañía tuvo que retirar aquellas palabras. Recuerdo que un teniente me dio la razón porque “aquí —dijo— peleamos todos por la misma causa, y aquí no hay ni gallegos ni madrileños”. En otra ocasión, un catalán se metió con los gallegos porque se decía que algunos se habían entregado fácilmente a Franco. Le respondí que si no había oído hablar de los batallones gallegos, que si no sabía lo que habían hecho los batallones gallegos. Aquel hombre me pidió perdón. •

NOTAS

¹ Mariano Asenjo e Victoria Ramos (1999), *Malagón. Autobiografía de un falsificador*, Barcelona, El Viejo Topo.

² Sixto Agudo Blanco (1985), *En la “Resistencia” francesa*, Zaragoza, Ámbar.



AVELLEMENTAMENTO DEMOGRÁFICO E CONSECUENCIAS SOCIOECONÓMICAS

Xoaquín Fernández Leiceaga (Dir.)

XERAIS



O avellentamento demográfico paira sobre boa parte das sociedades occidentais pero ten un dos seus expoñentes máis agudos en Galicia. Este libro reúne traballos de autores de formación e procedencia diversa que contribúen a explicar non só a xénese da cuestión senón tamén o que nos deparará o provir e sobre todo as consecuencias nalgúns ámbitos escollidos: o mercado de traballo, cunha especial referencia ó agrario; os gastos públicos de carácter social, cunha atención particular ao subsistema sanitario; e a dinámica territorial.

TRÁNSITOS: A VISIÓN DO ARTISTA ANTES E DESPOIS DA GUERRA CIVIL


CARLOS GONZÁLEZ / MAITA RODRÍGUEZ

A Guerra Civil española actúa como unha fenda implacable: a historia, a sociedade e a cultura quedan partidas en dúas metades irreconciliables, o que se proxecta en moitos artistas que transforman a súa obra dunha maneira radical antes e despois do conflito. Pero tamén existen continuidades, xa que non se liquidan as vangardas. A súa evolución desde principios da década dos vinte, cunha recuperación de elementos da tradición a través de novas miradas, desemboca nas vangardas artísticas dos trinta ou tamén naqueles movementos que propugnan un compromiso político coa arte. Tal será a cultura artística que agroma na República, pero tamén en parte a que segue existindo trala guerra, aínda que ás veces se intentase modelar á medida do franquismo. De tódolos xeitos, cada artista, na súa peculiaridade individual, foi sensible ós avatares dun tempo tan turbulento coma comprometedor.

A finais dos anos vinte xorde unha figuración lírica que se funde co surrealismo español da República e a través da *Escuela de Vallecas* busca unha linguaxe visual aberta á influencia internacional, inspirada en raíces ancestrais, paisaxes agrarias e naturais metamorfoseadas en xeoloxías fascinantes con resonancias antropológicas e prehistóricas, á que incorpora ó tempo unha tradición do suburbial e do proletario propia da época anterior. Dentro desta corrente sobresa a personalidade de Maruja Mallo.

Na época da República tratouse de achegar ó pobo as novas formas de arte mediante propostas como as Misiões Pedagóxicas ou o teatro ambulante da Barraca, renunciando a unha modernización acelerada en prol dunha renovación máis efectiva desde os propios alicerces da infraestrutura cultural. Pero pola súa vez a intervención nas grandes exposicións da arte contemporánea ou o proxecto do Museo de Arte Moderna indican ese mesmo entusiasmo reformista que mobilizou a parte máis dinámica do país. Así pois, desde unha reflexión retrospectiva, a Segunda República comportou un cobizoso esforzo transformador da cultura artística, aínda que o radicalismo da vangarda formal aguilloara para que fose sempre alén. Esta arte de vangarda da República xa está plenamente conformada a finais dos anos vinte, pero será nos anos republicanos cando desenvolva a súa capacidade organizativa e de información.

Tanto a guerra coma o exilio supuxeron para a maior parte dos artistas unha ruptura traumática nas súas traxectorias persoais, plásticas e profesionais. Dicir que a guerra mailo exilio serviron para difundir as vangardas é dar unha visión demasiado optimista, porque esa experiencia provocou unha ruptura coa renovación dos trinta e un desarraigamento co contexto vangardista da época.



Escollemos para ilustrar este *tránsito* unha artista, Maruja Mallo, na que apreciámo-la transformación individual en relación coas circunstancias socioculturais, a tradición, os lugares e o tempo, así como coa dinámica propia da evolución persoal dun artista. Eliximos obras datadas entre finais dos anos vinte e finais dos corenta —os cincuenta pertencen a outro ciclo das vangardas posbélicas—, porque

é entre eses anos cando se poden ver profundas alteracións dos artistas no aspecto que estamos describindo.

Maruja Mallo, de orixe galega, estudia na Escola de San Fernando en Madrid e nos anos trinta trasládase a París cunha bolsa do M. de Instrucción Pública e Belas Artes, onde coñece o grupo dos surrealistas que influirán na súa obra. Tamén se integra no

Maruja Mallo,
de orixe galega,
estudia na
Escola de
San Fernando
en Madrid
e nos anos trinta
trasládase a
París

En 1928 fai unha
exposición en
Madrid nos
salóns da
*Revista de
Occidente*
con escenas da
rúa e do mundo
popular



grupo da Residencia de Estudiantes e participa na *Revista de Occidente*.

En 1928 fai unha exposición en Madrid nos salóns da *Revista de Occidente* con escenas da rúa e do mundo popular, habitadas por unha multiplicidade de seres e obxectos que enchen de cor os seus cadros. En 1932 realiza a súa segunda exposición en París, na *Galerie Pierre*, coa serie de *Cloacas e Campanarios*, inspirados nos arrabaldes e as aforas de Madrid, onde descobre os cascallos e os vertedoiros que se funden coa terra ata constituí-la

paisaxe, unha natureza feita de *detritos* pero non por iso menos fermosa, “ó tempo a presenza do home aparece nas pegadas, nos esqueletos e nos mortos” como diría ela mesma. Segundo Jean Cassou, “o seu universo só retén ruínas da vida, todo o que é cascas, cunchas, osamentas, lixo. Pero este universo descarnado é pintado cunha delicadeza deliciosa, orixinal; todo está en brancos, negros e grises, deses grises inimitables que chegan a ser humorísticos”. Podémolo comprobar en *Figura*, de 1932, onde a textura, o pigmento, a materia e a luz crean formas espectrais que con-



figuran un mundo telúrico e alucinante de seres fantasmagóricos, unha natureza allea e misteriosa en cores moi austeras —ocres, negros, brancos e grises— cheas de harmonía e delicadeza ó seu pesar, que ela interpreta como a visión e maila crítica a un mundo que se derruba.

Despois de pasar por unha etapa máis racional, baseada no rigor xeométrico, influenciada en parte pola súa estadía en París e seica polas inqedanzas intelectuais e o compromiso educativo e social da República, o estoupido da Guerra

Civil sorpréndea en Vigo, onde principiara a serie *A Relixión do traballo*, que levará ó exilio na Arxentina.

América e a súa luz esclarecen a súa inspiración, transportándoa a unha liña de traballo moito máis interior e intimista, onde había de acadar imaxes dificilmente clasificables. Deste momento son as series *Cabezas de muller* e *Naturezas vivas*, como a que vemos na lámina, cadros de corte surrealista, onde mestura buguinas, caracóis, flores, medusas, estrelas mariñas, cunchas... que recordan a súa terra, o mar e ó mesmo tempo o violento océano de América. Aquí expresa a súa capacidade fabuladora plena de lirismo, de lembranzas —cunchas de vieira, cosco— integrada coa visión do novo mundo na orquídea, creando un verdadeiro poema gráfico, non só coa representación figurativa senón coa harmonía da cor, a través dun cromatismo suave, que aluden á lembranza galega da *morriña*.

Xa que logo, a guerra irrompeu como un tremendo cataclismo na traxectoria da arte e dos artistas. Á parte da súa incidencia directa na obra creada neses anos —sen a guerra non existiría *Guernica* e tantas outras creacións de alcance universal—, interesa salientar aquí cómo a confrontación cernou procesos creativos bruscamente, esparexeu polo mundo boa parte dos artistas e intelectuais ou impuxo os estreitos límites do exilio interior a aqueles que quixeron e puideron quedar. Nada puido seguir sendo igual. Pero a arte, enerxía que non cesa, converteu as novas circunstancias en ocasión creativa, en estímulo para expresar, en nome de tantos privados de voz, as dores, soños, afáns, desexos, nostalxias, protestas, lirismos que sentimos e vivimos os seres humanos. Cadaquén recompuxo a súa linguaxe plástica e a súa poética á luz dos novos contactos e experiencias, para continua-lo discurso interrompido e pedir, na forma silenciosa pero elocuente das imaxes, a paz e a palabra. •

A guerra
irrompeu coma
un tremendo
cataclismo
na traxectoria
da arte e dos
artistas

CARLOS GONZÁLEZ
MAITA RODRÍGUEZ

PROFESORES DE
SECUNDARIA



UN CONCEPTO NACIONAL-CATOLICISMO

XOSÉ CHAO REGO

Velaquí dúas palabras relativamente recentes: en rigor, catolicismo haino dende que se dá a Reforma protestante e o conseguinte cisma de Occidente, no século XVI; e o nacionalismo é un fenómeno aínda máis novo, dependente da transformación dos Estados absolutos en Estados-nación, maiormente dende a Revolución Francesa. No fondo, algo ten que ver isto co cesaropapismo, esa operación de principios do século IV co emperador Constantino, e continúan outros creando o concepto político de cristiandade, berce do nacional-catolicismo.

Cando, fronte ó Estado absoluto, nacen os novos Estados-nación, o sistema galicano francés e o xosefismo austríaco vinculado ó emperador Xosé II, levan a cabo a creación de Igrexas nacionais. A

falta de unidades políticas superiores, diversas rexións en Italia optaron polo nacionalismo, que intentaron no Sínodo de Pistoia (1786), mais non foi do gusto de Roma. Tamén os países “iugoslavos” que hoxe padecen semellante problema, xa levaban a cabo a balcanización da Igrexa.

O CASO HISPANO

Unha certa conciencia mesiánica invade o catolicismo hispano, acaso por envexa de teocracias como a dos francos con Clodoveo e Carlomagno. Dío o “Catecismo patriótico español”, do dominico frei Ignacio Menéndez Reigada, texto oficial nas escolas dende 1939:

... El pueblo español nació como persona moral en el tercer Concilio de Toledo, pues allí se fundió España en su unidad geográfica, política, moral y religiosa...

O frade facía referencia á conversión, por consello do seu pai Leovixildo, do rei visigodo Recaredo, que no século VI (ano 589) pasa do arianismo á fe católica. Engade

... en España no hay división de poderes...; el Estado Español ha adoptado la forma de Estado totalitario cristiano, porque eso es lo que conviene a la estructura y tradición de la nación española.

Estamos no catolicismo nacional, non aínda no nacional-catolicismo. Os reis españois e portugueses rexen os padroados rexios con relación ó Novo Mundo mesmo por riba do Papa, coma se dunha teocracia ou goberno divino se tratase. Tal traducción cavilou Franco co imperioso antollo dun título paralelo ó de “rei católico” e autodenominouse “Xeneralísimo Cristianísimo da Santa Cruzada”. Non bendiciu o Vaticano tal megalomanía,

pero dende 1946 as moedas portaban a efixie do Xeneral, similar á dos reis absolutos con pretensión de orixe divina: “Caudillo de España por la Gracia de Dios”.

Protección celestial non lle faltaba, a teor das múltiples e continuadas bendicións eclesiásticas e o brazo incorrupto de Santa Teresa, en posesión dunhas monxas andaluzas, era cedido en préstamo ó Vencedor. Amais da presenza da Virxe do Pilar, “defensora de la tropa aragonesa”, aí temos outro mito: o da Raza e da Hispanidade, sobre o que o militar ferrolán escribe relato novelado co pseudónimo de Andrade. “Por el Imperio hacia Dios”, berrabamos en Compostela decenas de miles de rapaces para gaña-lo xubileo do Ano Santo de 1948 e da-las gracias polo triunfo da Cruzada, que como tal fora definida a guerra polos bispos españois

O DISCORDATO

Tanto Roma coma Madrid querían un concordato para conseguí-los respectivos intereses. O Estado recibe a lexitimación eclesiástica a cambio de privilexios notables. Chegouse a falar dun Estado de capelanías, e nada se facía sen bendición previa. O capricho por rexe-lo ministerio de Educación constituía o desquite contra a Institución Libre de Enseñanza. Disque con bágoas asinou o Papa Pío XII un concordato que custou un prezo moi elevado: o dereito de presentación de candidatos a bispos que Franco obtivo. O elixido tiña que peregrinar a El Pardo para xurar:

Ante Dios y los Santos Evangelios, juro y prometo como corresponde a un obispo, fidelidad al Estado Español.

Juro y prometo respetar y hacer que

mi Clero respete al Jefe de Estado Español y al gobierno establecido según las leyes españolas.

Juro y prometo, además, no tomar parte en ningún acuerdo ni asistir a ninguna reunión que pueda perjudicar al Estado Español y al orden público y haré observar a mi Clero igual conducta. Preocupándome del bien e interés del Estado español procuraré evitar todo mal que pueda amenazarle.

Un dos grandes motivos de discordia foi, a partir da década dos vinte, a insubmisión dunha pequena parte do clero que era inmune pois gozaba do privilexio de foro: non seren xulgados pola autoridade civil. O sarcasmo: abrir un “cárcere concordatario” en Zamora no que só había cregos presos.

Coa chegada da democracia, o clero segue cobrando do Estado. Tamén a Igrexa esixe unha disciplina escolar, a Relixión, que, en realidade, constitúe unha catequese baixo mandato e programa episcopal, e nada ten que ver co estudio do fenómeno relixioso no ámbito escolar dende unha óptica laica.

O Catolicismo romano manifesta nostalxia dos tempos pasados. Séntese máis a gusto coa dereita do que coa esquerda e as diversas eleccións sempre van acompañadas dun retintín de resonancia nacional-católica. Cando polos anos setenta se celebrou a Asemblea Conxunta de Bispos e Cregos, dispúxose pedir perdón á sociedade española pola declaración da guerra civil como “Cruzada”. Non houbo quórum. O papa actual, auténtico plusmarquista, vai canonizando moreas de persoas ás que é moi discutible que se lles poida apoñe-la condición de mártires, vítimas, mais tamén actores non poucos de tanta belixerancia. •

Coa chegada da democracia, o clero segue cobrando do Estado. Tamén a Igrexa esixe unha disciplina escolar, a Relixión, que, en realidade, constitúe unha catequese

XOSÉ CHAO REGO

LICENCIADO EN FILOSOFÍA



EDIÇÃO DO CASTRO

DO GRUPO SARGADELOS



SADA-CORUÑA

Tfno. 620200 e 620937

Fax 623804

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria
- Pra estudar a nosa realidades presente
- Pra espallar as nosas formas culturais

1963-2000

700 autores que prepararon máis de 1.000 títulos de: documentos, ensaio, historia e creación literaria, arte e arquitectura, cadernos do Seminario de Sargadelos, publicacións do Seminario de Estudos Galegos, así como as revistas Gallaecia, Larouco, Minius, Luzes de Galiza e Unión Libre.

Case cuarenta anos de traballo pola nosa historia, nosa lingua, nosa cultura, nosa identidade, loitando por recuperar a memoria histórica de Galiza, e hoxe apoiando sobre todo a investigación e o coñecemento científico das nosas bases económicas.

AS PROTAGONISTAS ESQUECIDAS DA GUERRA CIVIL

CARME ALVARIÑO ALEJANDRO

Mary Nash,
*Rojas. Las mujeres republicanas
en la guerra civil*
Madrid, Taurus, 1999,
358 páxs.

Los chicos y chicas de posguerra, fuera cal fuera la ideología de sus padres, habían vivido una infancia de imágenes más movidas y heterogéneas, donde junto a la abuela con devocionario y mantilla de toda la vida, aparecían otra clase de mujeres, desde la miliciana hasta la "vamp", pasando por la investigadora que sale con una beca al extranjero y la que da mítines.

(Carmen Martín Gaité: *Usos amorosos de la postguerra*)

O curto período transcurrido entre a proclamación da II República e o remate da Guerra Civil significou para as mulleres uns anos de cambios e esperanza, unha intensa paréntese onde un novo tipo de muller gañaba espacio. As mulleres republicanas que asumiron ese novo papel son algunhas das protagonistas do libro de Mary Nash. Baixo o termo "Rojas" incluíáanse a todas as mulleres republicanas, demócratas e antifascistas, non só aquelas que adoptaron unha clara actitude revolucionaria ou de esquerdas.



Como indica a autora no prefacio á edición española "Rojas pretende destacar e explicar unha dimensión fundamental, pero pouco coñecida, da Guerra Civil: o universo feminino da loita antifascista a partir da experiencia colectiva e o protagonismo das mulleres republicanas". Tras un capítulo introductorio no que se presenta unha ampla panorámica da dinámica social feminina na España contemporánea, o libro céntrase na actuación dos milleiros de mulleres que, malia as restriccións de xénero existentes, foron capaces de incidir no proceso de cambio social durante a guerra. O número e variedade de fontes utilizadas así como as notas que acompañan a cada capítulo son indicativas da extensa investigación levada a cabo e poden ser

un bo referente para todas aquelas persoas interesadas no tema.

A dinámica da guerra e, nela, do colectivo das mulleres non se pode entender sen comprende-la situación anterior, de aí a necesidade dun capítulo dedicado ás mulleres na historia da España contemporánea. Mais a autora non se limita a falar só do período máis inmediato, a II República, senón que, e desde unha perspectiva de xénero, fai unha análise da historia das mulleres na España contemporánea desde a construción do Estado liberal. A ausencia de estudos non androcéntricos sobre o período fai deste capítulo un dos máis interesantes. A súa lectura axúdanos a explica-lo carácter e a debilidade do movemento feminista no noso país, así como a cativa atención que os partidos e sindicatos prestaron á problemática das mulleres no ámbito legal, económico, político e educativo. A situación política da España de fins do XIX resultaba pouco propicia para o avance do feminismo liberal político do estilo inglés ou dos Estados Unidos, países nos que o auxe da democracia liberal e a busca dunha coherencia entre igualdade e non discriminación favoreceron un modelo e desenvolvemento do feminismo non extrapolable a outras situacións como as que se estaban a dar nal-

gúns países mediterráneos. A estrutura oligárquica resultaba sumamente desfavorable para o avance dun feminismo liberal político baseado no sufraxio e nos dereitos individuais, de aí que o feminismo español do século XIX e principios do XX, moi feble, se caracterizase máis polas aspiracións sociais ca polas políticas, e mesmo xa dentro deste século que o movemento de mulleres tivese un carácter máis sociocultural que sufraxista. No que respecta ó traballo remunerado, o discurso contrario estaba moi interiorizado por se-la dependencia económica da muller vital para salvagardar unha xerarquía de xénero na familia. Discurso non só identificable cos sectores máis conservadores, na maioría dos sindicatos víase o traballo das mulleres como ameaza ás condicións de vida e ós salarios; sinala a autora cómo chegan a convocar unha folga de catro meses nalgunhas fábricas de pasta de Barcelona en 1915 para expulsar delas as mulleres que ocupaban postos de traballo masculinos. Non está de máis lembrar que, contra o que se podería supoñer, durante este período (1905-1921) houbo máis obreiras en folga ca obreiros: segundo os datos oficiais, o 87% das obreiras participaron nas folgas fronte ó 78 % dos obreiros.

Nos seguintes capítulos, Mary Nash analiza o que significou a Guerra Civil para as mulleres. A fotografía de Moliné, *As heroínas. Crónica* (23-08-1936), que aparece na portada, adianta dalgún xeito os contidos dos meses. ¿Ata que punto estas imaxes son representativas do universo

das mulleres republicanas durante a guerra? A autora defende a idea de que as representacións simbólicas, se ben non teñen que ser un espello da realidade, si hai que telas en conta para contrastar coas vivencias, coa realidade social, e entender deste xeito a súa experiencia como mulleres e os procesos de cambio. Partindo do imaxinario colectivo que aparece na cartelística da época (neste caso trátase dunha miliciana e dunha enfermeira que rompen unhas cadeas) e da retórica revoluciona-



ria utilizada, Mary Nash analiza a actuación das mulleres republicanas, organizadas ou non, nos tres anos que durou a guerra, mobilización que se ben en xeral non se cuestionaba o modelo patriarcal vixente, si contribuía a facer ocos, abrir brecha nel. Sen nega-la importancia do discurso ideolóxico e político como indicadores de cambio, centra o seu interese en descifra-las vivencias colectivas das mulleres e a incidencia destes discursos na súa experiencia vital.

A Guerra Civil actuou como catalizador na mobilización femi-

nina e deu lugar a un reaxuste de actitudes cara ás mulleres e a súa función social. Mais a nai combativa e a heroína da retagarda estaban máis próximas ó xeito tradicional de presenta-las mulleres ca figura da miliciana que irrompeu nos primeiros meses da guerra; “os homes á fronte e as mulleres á retagarda” era a consigna predominante; mesmo a figura da miliciana estaba máis dirixida a un auditorio masculino, e eran os fillos e non as fillas a principal preocupación e a finalidade primordial dentro da simbolización da maternidade dedicada ó esforzo bélico.

As dúas concepcións que enfrontaron os defensores da República durante a guerra, especialmente a marxistas e anarquistas, quedan reflectidas na división existente entre a Asociación de Mujeres Antifascistas (AMA) e Mujeres Libertarias. A pertenza a unha ou outra organización dependía máis da tendencia política que de factores de xénero, proba de que a conciencia deste non estaba aínda consolidada. No capítulo dedicado ás organizacións femininas durante a guerra, Mary Nash amósase especialmente crítica coa falta de autonomía destas, especialmente no caso da AMA, e coa instrumentalización política que dela fixo o PCE. Para os comunistas era a guerra antifascista a que lle daba sentido á organización das mulleres, de aí a falla dun proxecto no que a emancipación das mulleres ocupara un lugar prioritario. Todo parece indicar que a súa organización xuvenil, a Unión de Muchachas, moi pouco estudiada ata agora, era máis autónoma. Mary

Nash, na liña de estudos anteriores, subliña a maior sensibilidade do anarquismo coa problemática das mulleres: xa no II Congreso da Federación Rexional Española, celebrada en Zaragoza en 1872, falábase da muller como un ser libre e intelixente, e polo tanto responsable dos seus actos, o mesmo có home, admitindo a dobre escravitude a que están sometidas elas. Temas como a sexualidade abórdanse máis abertamente, como o amosan as medidas tomadas polos anarquistas no Goberno de Largo Caballero con Federica Montseny. Mulleres anarquistas, apostaron por crear unha organización autónoma, independente da CNT, FAI e das Xuventudes anarquistas para o que tiveron que enfrontarse cos seus compañeiros e mesmo compañeiras —como Federica Montseny— para os que a revolución levaría parella a liberalización das mulleres. Na liña do anarcofeminismo, Mujeres Libres considera que o traballo remunerado é un dereito das mulleres, “as mulleres deben ser economicamente libres. Só a liberdade económica fai que tódalas demais liberdades sexan posibles, tanto para os individuos como para os países”. Para elas a guerra era tamén o momento da revolución social, e canda ela da emancipación das mulleres. Persoas como Sucesos Portabales ou Lola Iturbe, se ben non aceptaban o termo feminista, tiñan segundo a autora enfoques moi semellantes ós actuais; non se limitaban a esixir dereitos sociais e políticos, senón tamén a independencia psicolóxica, a autonomía persoal, a autoestima. Non é casual que Mary Nash escollera un texto de

Sucesos Portabales como cita de cabeceira deste libro.

A contribución das mulleres na loita antifascista contra Franco está moi pouco recoñecida por parte da historiografía. Se ben na fronte houbo moi poucas e só nos inicios, a actividade feminina nos labores asistenciais foi un aspecto decisivo na resistencia da poboación civil na guerra. As mulleres non só constituían unha man de obra barata, senón que a miúdo foi gratuíta e polo tanto vital para unha economía de guerra, o



mesmo que o seu sobreesforzo para facer fronte ás necesidades cotiás naqueles momentos. Pero, como sinala a autora, isto non significou unha redefinición das relacións de xénero; aínda que ampliou as opcións das mulleres e significou un reaxuste das normas de conducta de xénero, ó permitir-lles ás mulleres entrar en espazos antes vetados, a imprecisión das fronteiras entre os ámbitos públicos e privados parece que fixo pouco por cambia-los papeis básicos de xénero. “As mulleres soben de categoría, de amas de casa a provedoras da comunidade sen soldo”.

Rojas é un libro que resulta atractivo xa a primeira vista; non só polo aval da súa autora, senón tamén polo acerto na elección da portada e do título e pola súa cuidada edición. Os mapas sobre o desenvolvemento da guerra, o glosario e a cronoloxía da Guerra Civil, cun marcado carácter didáctico, permiten unha lectura comprensiva sen necesidade de ter demasiados coñecementos sobre ese período da historia de España (de feito a primeira edición do libro en 1995 estaba destinada a un público non español). O abundante material gráfico, composto por 21 fotografías e 15 carteis, procede do Arquivo Nacional de Salamanca e, especialmente, do Arquivo histórico da cidade de Barcelona e do Centre d'Estudis Històrics Internacionals-Centre d'Estudis Històrics Contemporànics da Universidade de Barcelona, e, se ben pode servir como complemento á letra escrita, é de seu un valioso documento sobre a presenza das mulleres na Guerra Civil española.

Rojas forma parte da nova corrente historiográfica que nas últimas décadas pretende desenvolver unha visión integradora da experiencia colectiva feminina desde a Historia das Mulleres, cuestionando a visión historiográfica que prioriza de forma case exclusiva o ámbito público. A recuperación da memoria colectiva dun período como a Guerra Civil non pode ignora-las mulleres como colectivo social, de aí a necesidade de obras como a que nos ocupa.

CARME ALVARIÑO ALEJANDRO

PROFESORA DE SECUNDARIA

A XESTIÓN DA MEMORIA

A HISTORIA Ó SERVIZO DO PODER

HELADIO FERNÁNDEZ MANSO

**Juan Sisinio Pérez Garzón,
Ramón López Facal, Eduardo
Manzano e Aurora Rivière,
*La gestión de la memoria.
La historia de España
al servicio del poder,*
Barcelona, Crítica, 2000.**



A prestixiosa editorial Crítica publica, cunha coidada e atractiva presentación, un novo exemplar da súa recente colección Contrastes. O libro adécuase perfectamente ó título do libro, posto que as diferencias, reais ou inventadas, creadas polos historiadores ó servicio do poder no Estado español son o centro da análise. A través dos traballos de catro historiadores, coordinados por Pérez Garzón, imos descubriendo os mecanismos de creación dunha memoria histórica nacionalista posta ó servicio do poder político liberal controlado pola burguesía no s. XIX, que se mantén con reforzado vigor na actual España das autonomías. O Estado autonómico, como os autores demostran, non só non rachou coa mitificación nacionalista do pasado da historiografía española, e catalana, senón que adaptou os ditos mitos ás distintas Comunidades.

A virtualidade do obxecto de estudio antóllasenos evidente, a pesar da abundante bibliografía recente sobre o nacionalismo. A actualidade política española xira arredor do “problema nacional vasco”, e desde hai algúns anos os medios de comunicación fanse eco a cotío do debate verbo da historia que se ensina na escola. Debate que, máis alá dos aspectos didácticos e pedagóxicos, ten unha raíz nacionalista. Nacionalistas españois e ‘autonómicos’ loitan por controla-la imaxe do pasado que se lles ensina ós futuros cidadáns. Loitan para que o pasado xustifique o futuro político que eles proxectan para os seus respectivos referentes nacionais. Poñer en evidencia a instrumentalización interesada da historia e propor unha visión do pasado

que axude a loitar por un mundo máis xusto, por riba das fronteiras políticas, é a pretensión deste libro.

Eduardo Manzano analiza a construción do pasado nacional, tomando como exemplo o tratamento da conquista árabe pola historiografía nacionalista española. A historia serve para xustificalo presente e, mesmo, o proxecto de futuro. Para a historiografía nacionalista ese futuro é o Estado-Nación, así que a selección dos acontecementos pasados faise en función da inevitabilidade do Estado-Nación. O presente, e as aspiracións futuras, condicionan o pasado.

O autor considera que a Idade Media é unha etapa clave para a construción do pasado nacional, desde o Romanticismo. No caso do nacionalismo español, a Idade Media non só non ten en conta os “outros” (os musulmáns que pasaron 400 anos en tres cuartas partes da Península), senón que tamén se agocha a diversidade de reinos cristiáns, nomeadamente o Reino de Portugal.

A presenza musulmana na Península é tratada de xeito distinto segundo as correntes histo-

riográficas nacionalistas. Para a historiografía tradicional, aínda vixente na actualidade, os musulmáns non forman parte da nación española. Esta configurouse coa Reconquista e expulsión dos non cristiáns. A nación española vinculouse inexorablemente ó cristianismo. A corrente historiográfica liberal, encabezada por Américo Castro, integra musulmáns e xudeus no discurso nacional, pero españolizándoos.

Como acertadamente indica Manzano, aínda que o pasado sempre se interpreta en función do presente, o problema é que hoxe non existen proxectos de sociedade distintos ós do Estado-Nación. A narración histórica nacionalista mobiliza a sociedade pero non a transforma, servindo tanto para fomenta-la rebelión, como para impo-la orde. Simplifícase o pasado en mitos seleccionados, o que empece a súa comprensión.

Pérez Garzón dedica o seu traballo a analiza-la creación da “Historia de España” desde o s. XIX ata épocas recentes. Como pon de manifesto, a historia nace a par da idea de nación do liberalismo decimonónico, buscando a formación de patriotas e a creación dunha identidade interclassista ó servicio da clase social dominante, a burguesía. A ruptura do pasado que supuxo a revolución liberal fíxose en nome dese mesmo pasado.

O autor fai un percorrido pola historiografía nacionalista española do s. XIX e principios do XX, que tomou como referente a

Idade Media. Só os republicanos federais e os carlistas cuestionaron o modelo de Estado centralizado que foron creando os liberais, de calquera signo, ó longo do século. Na xustificación dese Estado, a Historia, como disciplina académica e saber público, desempeñou un importante papel na asunción pola poboación da idea de nación proxectada polos liberais. O Estado, a través da creación do sistema educativo e de símbolos nacionais, controlou a imaxe do pasado que se transmitía ós cidadáns. Imaxe nacional que se identificou coa monarquía e o catolicismo, elementos *esenciais* do pobo español que foi tomado como suxeito histórico.

A dotar de vida a nación tamén contribuíron os cualificados —de xeito impreciso— como intelectuais demócratas das xeracións do 98 e do 14. Coa creación do Centro de Estudios Históricos en 1910, pretendéron producir unha historia nacional que explicase *a dor* que sentían por España. Uns castelanizaron a nación española fronte ós nacionalismos periféricos (Menéndez Pidal) e outros mantiveron vixente unha visión integradora do Estado seguindo as teses federalistas (Bosch Gimpera). Uns e outros, sen embargo, viron o pobo como un ser vivo que evoluciona desde tempos pasados cunha personalidade que “se conserva sempre”. Conformaron unha historia esencialista —aínda presente hoxe, aínda que negue ser nacionalismo— pluralista e libre, non ó servicio dun poder político dictatorial, como ocorreu coa historiografía nacional-católica durante a

dictadura franquista.

López Facal, co expresivo título do seu artigo, xa nos sitúa no obxecto da súa análise: “A Nación Ocultada”. Mediante a concienciada análise dos libros de texto publicados desde a aprobación da Lei xeral de educación (LXE) en 1970, demóstranos cómo o concepto de nación histórico-organicista do s. XIX segue vixente non libros de texto, mesmo nos autonómicos, aínda que sen os tópicos máis estridentes da historiografía tradicional.

A identificación do nacionalismo español coa dictadura franquista fixo que a poboación española se ‘desnacionalizara’ durante a transición, e que os nacionalismos periféricos fosen percibidos acriticamente como demócratas e progresistas. A reacción recente do nacionalismo español fronte ós *excesos* autonómicos só fomenta a interpretación organicista do pasado e non a súa superación.

Os mitos nacionalistas ocultáronse, pero seguiron estando presentes na historia ensinada nos libros de texto. Superouse o integrista católico franquista coas achegas de Vicens Vives, a escola de Annales e a historiografía marxista, pero a nación seguiu sendo como unha realidade viva e eterna, anterior ós movementos nacionalistas.

A análise dos libros de texto, coa nova e atinada referencia ás historias das literaturas (española e galega), de imprescindible lectura para todos aqueles que nos dedicamos ó ensino e pretendemos rachar cos tópicos herdados, segue unha orde cronolóxica

desde a LXE ata a LOXSE, sacando á luz os mitos nacionalistas presentes neles e/ou a ausencia do problema nacional español, obviando a súa importancia pasada e presente. Mitos nacionalistas que, como de forma clarividente se revela no traballo, non só se transmiten a través do texto, senón que as imaxes e nomeadamente os mapas territoriais anacrónicos tamén teñen un importante papel na conformación dun imaxinario nacionalista.

A aprobación da LOXSE non implicou un cambio no tratamento do nacionalismo nos libros de texto. Os referentes nacionalistas españois desaparecen nas historias autonómicas, pero substitúe por outros igual de *falsos*. Mesmo se transmite un concepto de nación, como se sinala para os libros da editorial A Nosa Terra, similar ó dos libros escolares da Historia de España máis tradicional, anteriores a LXE. A forza e virtualidade académica dos tópicos nacionalistas incluso se manifestan no material escolar elaborado a partir dunha patente hostilidade cara ós nacionalismos por parte do grupo Cronos. A nación séguese concibindo como algo natural, eterno, da que derivan os nacionalismos.

HELADIO FERNÁNDEZ MANSO
PROFESOR DE SECUNDARIA



rocofdez@teleline.es

Aurora Riviére completa a revisión dos nacionalismos co seu traballo sobre as sínteses históricas das Comunidades Autónomas, cun evocador título: “Envellecemento do pasado e dramatización do presente”. Non só se fai referencia, como adoita ser frecuente, á historiografía das Comunidades Autónomas históricas, senón que tamén se parte do estudo doutras comunidades (Murcia, Canarias, Extremadura, Navarra, etc.). A conclusión máis evidente é que, malia a diversidade de Comunidades, a *re-creación* no pasado de identidades recentes faise dunha maneira similar en todos os casos. Aplícanse idénticos argumentos ós que no século pasado utilizaron as historiografías nacionalistas.

As Comunidades Autónomas crearon unha serie de mitos biográficos, recorrendo a identidades remotas para dotalas do prestixio do antigo, para xustifica-la identi-

dade creada recentemente. A orixe remóntase a tempos prehistóricos, sobrevive ó longo do tempo pola resistencia do pobo ás agresións exteriores e mantén as diferencias (a cultura autóctona). A identidade presente ó longo do tempo renace na Idade Contemporánea e por iso se recoñece politicamente na Constitución de 1978.

O territorio é o que marca as diferencias cos “outros”, sinaladas pola fronteira inmutable. O pobo ten un territorio definido que é o catalizador das queixas históricas, da “dramatización do pasado”. O victimismo asociado á suposta agresión territorial serve de elemento unificador da comunidade e como xustificador das reivindicacións económicas e políticas.

En definitiva, a lectura deste libro pon en cuestión o uso, a “xestión”, que se fai da historia desde a perspectiva nacionalista. A capacidade dos mitos nacionalistas como creadores de cohesión social plásmase de xeito nidio. É labor de tódolos vinculados á Historia e o seu ensino, como di López Facal: “sacar á luz as representacións sociais que se aceptan como algo evidente, explicitalas e confrontalas con explicacións racionais”. Esta publicación contribúe a tal tarefa, permitíndonos mostrar non só as representacións sociais do ‘outro’, senón as ‘nosas’, para superalas na procura dun coñecemento histórico que contribúa a transformalo mundo cara a unha maior xustiza social. *

DA MÁIS SOMBRÍA HISTORIA DE ESPAÑA

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO

Glicerio Sánchez Recio (ed.),
El primer franquismo
(1936-1959), monográfico da
revista *Ayer*, núm. 33, 1999,
218 páxinas.

Por motivos obvios e non tan obvios, o franquismo é unha etapa fundamental e decisiva da recente historia de España. De aí que teña centrado o labor investigador e analítico de non poucos historiadores, especialistas en temas políticos, economistas ou sociólogos desde hai ben tempo, en especial desde o momento en que aquel amosaba síntomas de descomposición. Aínda a risco de simplificar, pódese dicir que nun primeiro momento predominaron os intentos de interpretación global da *natureza* do réxime franquista —en íntima conexión coas perspectivas de cambio da oposición democrática—, para pasarse moi logo a unha fase na que apareceron varios e importantes estudos monográficos sobre as máis distintas parcelas concretas da realidade histórica da época franquista (política económica, persoal político, partido único, Igrexa...). Despois de minugar o interese investigador sobre esta época pero non tanto sobre a figura do dictador, nos anos noventa reverdeceu outra volta o franquismo como obxecto de investigación, coa aparición de

novos historiadores nos que predomina a utilización sistemática de novas fontes documentais e o afondamento en novas cuestións ou en determinados aspectos dos que se posuía un coñecemento en exceso superficial. Consecuencia desta recente fornada foi a proliferación e publicación nos últi-

mos tempos de estudos históricos sobre o franquismo, boa parte deles de dimensión local, provincial ou rexional, en tanto que ámbitos que permiten un uso máis intensivo das fontes e a concreción ou verificación de determinadas hipóteses de alcance xeral.

GLICERIO SÁNCHEZ RECIO, ed.

EL PRIMER FRANQUISMO (1936-1959)

abarca la fase en que se impuso por la fuerza, se configuró el régimen, se establecieron los nexos entre el Estado, el partido único y la sociedad y se crearon los instrumentos para asegurar su existencia.

AYER

33*1999

Este número monográfico da revista *Ayer*, editada pola Asociación de Historia Contemporánea en colaboración coa librería especializada madrileña Marcial Pons, é unha boa mostra desa nova pléiade de autores e temas. Dada a súa dilatada duración no tempo, o réxime franquista é susceptible de dividirse en varias etapas que presentan características propias, se ben non se pode esquecer que posúe uns trazos permanentes e inmutables inherentes á súa condición de dictadura. Tal vez sexa o que agora se dá en denominar primeiro franquismo (1936-1959) onde se focalice o groso das novas contribucións, das que os distintos traballos incluídos neste volume dan cumprida conta.

O interese deste primeiro franquismo radica, sobre todo, en que é nel cando se impón, se implanta e se consolida un réxime político que, mantendo o fundamental, é capaz de adaptarse a novas condicións internas e internacionais e perdurar ó longo do tempo. Como subliña o historiador da Universidade de



Alacant que coordina o presente volume e hoxe en día destacado impulsor de novos estudos sobre o franquismo, a época comprendida entre os anos 1936 e 1959 manifesta unha clara homoxeneidade: a política, onde primaba a imposición e consolidación do réxime; a social, que perseguía o aniquilamento dos inimigos políticos, o control dos disidentes e o encadramento dos demais; a económica, que aspiraba a unha nación española autosuficiente e autárquica; e a cultural, que procuraba a homoxeneidade ideolóxica e relixiosa. De seguido, cunha intención máis descritiva ca crítica, darase sumaria noticia dos principais contidos dos estudos incluídos neste volume monográfico, de lectura obrigada para todo aquel que desexe profundar nunha época tan sombría coma difícil e poñerse ó día sobre os rumbos actuais da súa investigación.

O primeiro traballo, da autoría de Glicerio Sánchez Recio, trata as "Líneas de investigación y debate historiográfico". Nel establécese unha visión global dos principais ámbitos que cómpre considerar á hora da avaliación do primeiro franquismo, discute algúns dos conceptos que se teñen utilizado para cualificalo (fascismo, dictadura...) e fai fincapé nos mecanismos fundamentais para a consolidación e mantemento do novo réxime: a represión nas súas diferentes facetas, o exército e a Igrexa, ademais de facer referencia á diversidade da coalición reaccionaria que está na súa base e a capacidade do franquismo para



obter apoios sociais dentro do país e para adaptarse ás novas condicións internacionais. Os demais estudos da revista incidirán e pescudarán monograficamente en boa parte das cuestións citadas neste ben articulado estudo enmarcador.

O profesor da Autónoma de Barcelona, Joan M. Thomàs i Andreu, ocúpase de "La configuración del franquismo. El partido y las instituciones" e expón a edificación do aparato gobernal e administrativo do Novo Estado franquista desde os inicios mesmos da Guerra Civil, aparato que ten o seu núcleo orixinario na administración militar. Como especialista na cuestión, o autor centra a súa atención no papel desempeñado polo partido único FET y de las JONS no proceso de incompleta institucionalización do réxime, dentro da pugna, aberta ou soterrada, entre os distintos sectores da coalición reaccionaria franquista para acadar unha posición de preeminencia no seo das novas institucións e organismos, e dá conta dos dis-

tintos proxectos de institucionalización elaborados polos falanxistas e a súa materialización ou non en función da vontade de Franco e da súa posición arbitral e equilibradora entre as diferentes familias do réxime. Finalízase o traballo cun chamamento ó estudo concreto das institucións políticas franquistas en xeral e do primeiro franquismo en particular, pois se ben existen importantes estudos sobre determinadas institucións, en cambio, pouco se sabe do Goberno e Consello de Ministros, das Cortes Españolas ou dos Consellos do Reino e do Estado.

O traballo de María Encarna Nicolás Marín presenta o prometedo título “Los poderes locales y la consolidación de la dictadura franquista”, pois, neste asunto, sen dúbida é necesario sintetiza-las achegas dos diversos estudos locais que dan conta da configuración dos apoios sociais e políticos, da evolución dos seus pactos e negociacións internas e da súa ligazón nos poderes locais. Sen embargo, no seu texto a historiadora da Universidade de Murcia a penas entra nas cuestións máis pertinentes ó respecto (familias políticas concurrentes, enfrontamentos/pactos entre elas, continuidade ou renovación das elites locais, natureza e intereses sociais destas, funcións e funcionamento real das institucións locais...), limitándose a propoñer algunhas hipóteses, polo demais suxestivas, sobre os comportamentos políticos dos habitantes en directa conexión co control da vida cotiá e sobre o

poder da Igrexa no espacio público e privado, ademais dunha breve exposición de caso para exemplifica-lo descontento de determinados poderes locais económicos fronte as burocracias centrais.

Este último aspecto entronca, en certa medida, co tratado con máis profundidade polo historiador da Universidade de Alacant, Roque Moreno Fonseret, no seu estudo “El régimen y la sociedad. Grupos de presión y concreción de intereses”. A súa



principal achega radica en formula-la necesidade de superar certas visións deterministas e esquemáticas de corte funcionalista ou marxista que dan por previamente establecido algo que hai que demostrar: cál foi o papel real desempeñado pola burguesía ou, mellor dito aínda, pola clase empresarial no mantemento e funcionamento do réxime franquista. E para iso, unha das mellores vías de coñecemento é analiza-la formación e modo de actuar dos grupos de interese, cómo se van tecendo os

intereses concretos das diferentes fraccións empresariais e cómo se dirixen especificamente en conexión co aparato burocrático sindical franquista e coa política económica do réxime. Este é, ó modesto entender deste recensionista, un dos traballos máis interesantes de todo o volume, pois non só pon de manifesto cómo se foi configurando a íntima conexión entre homes de negocios e elites políticas franquistas, senón que abre novas perspectivas para o estudo concreto das dinámicas, intere-

ses e accións diso tan abstractamente denominado “a burguesía”.

A historiadora da Universidade de Lleida, Conxita Mir Curcó, ofrece o texto “Violencia política, coacción legal y oposición interior”. Nel salienta todo o relativo á análise da represión, pois é unha das bases estruturais do control social e do dominio político exercido pola dictadura franquista, e presenta, en cambio, un interese moito menor no referente á oposición interior.



Non podía ser doutra maneira, xa que a autora é unha recoñecida investigadora da represión e en tal ámbito temático téñense publicado ultimamente traballos dabondo interesantes, mentres que os avances no estudo da oposición interior durante o primeiro franquismo son moito máis escasos. Destaca neste excelente artigo a precisión conceptual despregada e a contemplación da represión e a violencia franquista desde un punto de vista multidimensional, que ofrece unha disección das súas diversas modalidades e axentes executores e un balance dos estudos existentes, ademais de facer especial fincapé na necesidade de profundar nos efectos non contables da represión, algo sen dúbida moi fundamental para poder apreciar en toda a súa profundidade a eficacia represiva franquista e as súas consecuencias.

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO

PROFESOR DE SECUNDARIA
E PROFESOR ASOCIADO
DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Pola súa parte, o historiador da universidade alacantina Francisco Sevillano Calero, en “Cultura, propaganda y opinión en el primer franquismo”, aborda os alcances e límites da socialización política da poboación, en clave tradicionalista e confesional, a través da acción cultural e propagandística, coercitiva e persuasiva, de institucións e medios de comunicación. Subliña o autor diferencias existentes entre os distintos grupos sociais no relativo á información política e destaca a eficacia do éxito propagandístico centrado na figura do Caudillo, mitificado e idealizado por amplos sectores da



poboación. Trátase dun tema fundamental que esixe futuras e demoradas investigacións para determina-los procedementos e as experiencias vitais mediante as cales uns sectores sociais manifestarían unha clara adhesión ó réxime e outros, en cambio, tomarían o camiño da desafección e da asunción de valores democráticos.



Os dous últimos traballos incluídos na obra tratan dous temas que non por clásicos na investigación sobre o franquismo deixan de necesitar certas matizacións ou novos alicerces. Así, o historiador da Complutense madrileña, José Sánchez Jiménez, ocúpase de “La jerarquía eclesiástica y el Estado franquista: Las prestaciones mútuas”, e os profesores da UNED Florentino Portero Rodríguez e Rosa Pardo abordan “Las relaciones exteriores como factor condicionante del franquismo”. O primeiro trata brevemente as posicións da xerarquía católica durante o primeiro franquismo, facendo un repaso da lexitimación relixiosa da Guerra Civil e do réxime e as súas pretensións de recristianización da sociedade. O segundo artigo é unha excelente exposición dos problemas nas relacións internacionais do réxime nuns momentos especialmente difíciles para a súa supervivencia na comunidade mundial e cómo condicionaron a súa política interior. •

DE FRANCO E O FRANQUISMO NOS LIBROS

HELADIO FERNÁNDEZ MANSO / VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

Vintecinco anos despois da morte do dictador, non é de estrañar que Franco e o franquismo sexan xa “prehistoria” para o alumnado de Secundaria. Certo é que o paso do tempo converte todo capítulo da historia nun episodio distante, pero tamén é verdade que a forma como se produciu a Transición española non axudou a mante-la memoria da historia recente. Como escribe Paloma Aguilar Fernández, as orixes da democracia actual, a Transición, están construídas sobre o esquecemento dos períodos inmediatos para evita-lo choque das múltiples memorias contradictorias que daquela existían¹. Evidentemente, o silencio e o esquecemento aparecen en todo estudio do pasado, pero semella que a “memoria histórica de lo que fue la resistencia frente a la tiranía y la barbarie” resulta máis feble ca outras memorias, “tal vez porque la continuada intervención social en la construcción de la democracia no es un asunto lúdico, sino una tarea que, como todo trabajo, cansa, por lo general, a los más. [...] La ofuscación de la memoria de los más facilita el revisionismo historiográfico de las minorías nostálgicas cuando éste coincide con el interés de los que mandan en el presente”².

Parécenos natural, así pois, que Franco e o franquismo resulten tempos remotos para os nosos alumnos. Pero ó que non nos

resignamos é a que dende determinadas instancias do poder se transmita unha imaxe do dictador como un gobernante máis na historia. Nesta liña hai quen se atreve a dicir, por exemplo, que os ferroláns “deben sentirse orgullosos de vivir en la ciudad natal de un hombre [Franco] que ha gobernado España durante cuarenta años, lo haya hecho mejor o peor”³. Negámonos a que, como escribe Vázquez Montalbán, Franco se converta nas enciclopedias audiovisuais do futuro nunha breve entrada que transforme o dictador nun simple “militar e político español que gobernó con autoridad no exenta de dureza, pero bajo su mando se sentaron las bases del desarrollismo neocapitalista que hizo de España una mediana potencia industrial en el último cuarto del siglo XX”⁴.

Pois ben, para combater esas tendencias, presentamos aquí unha escolma das publicacións aparecidas nos últimos meses. Farémolo comezando con dous libros sobre a figura do dictador. O primeiro deles, *La incompetencia militar de Franco*, escribinno Carlos Blanco Escolá, coronel de Cabalería e profesor na Academia Militar de Zaragoza⁵. Esta obra deixa claras as súas conclusións desde o mesmo título: Franco era un militar incompetente. Para demostralo, faise un minucioso —e ás veces pesado—

percorrido pola súa biografía. O autor insiste en presentá-lo futuro dictador como un personaxe carente de preparación militar que debeu os seus ascensos e éxitos á sorte, ás boas relacións cos círculos de poder, ó “pelotillo” e, sobre todo, á propaganda dos panexiristas de Franco, que reescribiron arreo a súa biografía terxiversando a realidade.




Para Blanco Escolá, Franco foi un bo político, que vendeu como éxitos os seus fracasos. Non se lle recoñece ningún mérito militar nin persoal a Franco, mesmo se alude con frecuencia ás súas posibles eivas psicolóxicas. Franco só é listo —astuto e frío— cando actúa no seu beneficio persoal, en todo o demais é un mediocre. Para probar esa mediocridade recórrese a unha extensa relación bibliográfica, que seme-

Illa non deixar nada no tinteiro. As citas dos libros usados reproducense con teimosía, dedicándose o autor a amosa-lo seu acordo ou desacordo, transmitindo a sensación de que os testemuños se escollesen en función dunha tese asumida de antemán. O exceso de citas, en extensión e en cantidade, fai que a lectura sexa difícil e fatigosa. Tamén se fan demasiadas referencias ó contexto histórico que, cremos, sobra en boa parte, posto que iso é máis propio dun manual de Historia contemporánea de España e non dun libro centrado na vida militar de Franco. Como di Tusell, “el autor no hace más que acumular citas”, para ratificar algo xa coñecido⁶.

A principal contribución para o debate historiográfico é, contrariamente ás conclusións doutros historiadores como Preston, que a Guerra Civil non foi unha guerra de aniquilamento planificada por Franco. Se o conflito durou tanto tempo foi pola incapacidade do Xeneralísimo, que non soubo aproveitar-la súa evidente superioridade sobre as forzas da República. Os argumentos e probas que se reflicten no libro poden convencernos, pero para ser tan incapaz e criticado saíulle pintada, porque lle permitiu somete-los españois, mesmo os do seu bando, ó seu poder persoal⁷.

El lavado de cerebro de Francisco Franco. Conspiración y Guerra Civil é a obra póstuma de Herbert Southworth⁸. Aínda que se trata dunha publicación moi específica, non nos resistimos a incluíla nesta relación, dada a personalidade do seu autor, recen-




temente falecido. Coma toda a obra de Southworth, *El lavado de cerebro* é un libro acugulado de erudición. Trátase dunha publicación que ben podería ser dúas, xa que consta de dúas partes relacionadas que constitúen por si mesmas textos perfectamente coherentes. A primeira delas, “Los documentos secretos del complot comunista”, descobre e desmonta todas aquelas liñas historiográficas que inventaron a conxura comunista sobre a que se xustificou a sublevación do 18 de xullo de 1936.

A segunda parte, “El lavado de cerebro de Francisco Franco”, rastrea as orixes do anticomunismo do xeneral, un dos demos familiares do dictador. A formación do seu pensamento neste terreo estivo marcada pola información recibida a través das publicacións da chamada Entente Internacional contra a Terceira Internacional, organización creada nos anos vinte para facer fronte ó bolxevismo. Southworth non dubida en falar de “subdesarrollo intelectual” para se referir á for-


mación do dictador. Calquera outro comentario sobra.

Parécenos de utilidade o libro *El franquismo. Visiones y balances* porque, respondendo ó seu subtítulo, presenta un panorama das investigacións sobre algúns aspectos daquela época⁹. O interese desta publicación tamén radica no feito de que recolle os relatorios presentados nunhas xornadas sobre a actualización historiográfica do profesorado de Ensino Secundario. Os autores son especialistas no tema e volveremos atopalos nalgunha das publicacións que presentamos nestas páxinas (Carme Molinero, Francisco Moreno, etc.).



Os contidos desta obra están divididos en tres grandes bloques. O primeiro deles trata a cuestión da natureza do franquismo. Inclúe unha serie de reflexións sobre o carácter do réxime, amais dun traballo verbo da política exterior do franquismo. O segundo bloque de contidos analiza as relacións entre o poder e a sociedade. Nel atopamos traballos acerca da violencia e a represión, a clandestinidade e


o exilio así como unha reflexión sobre a educación e a cultura. En terceiro lugar, o libro ofrece unha visión da economía e da sociedade. Péchase esta obra con dous traballos sobre o estudio do franquismo nas aulas de secundaria: a programación dunha unidade chamada “España durante el franquismo”, e unha experiencia do uso das fontes orais.



Tamén está pensada para o ensino a revista *Aula. Historia Social*¹⁰. O seu número 3 está dedicado ó franquismo e ós primeiros anos da Transición. Conta con cinco traballos, acompañados dunha selección de textos. O primeiro, de Pérez Picazo, é un percorrido polas principais características das distintas etapas, recollendo unha escolma de parágrafos do libro da mesma autora: *Historia de España del siglo XX* (Crítica, 1996).

Muñoz Puelles resume os aspectos culturais máis importantes da época e ilustraos cuns poucos pero significativos textos. Muñoz Haedo é o encargado de facer unha proposta didáctica en

vinte horas para 2º de bacharelato, que se cingue a unha periodización e estrutura clásicas. Acompañase da suxestión de documentos que se poderían usar e de actividades complementarias. Por último, Pan-Montojo e Sanz Rozalén reflexionan en dous artigos sobre as dificultades do ensino do franquismo, que ambos atribúen á proximidade cronolóxica e, sobre todo, á Transición pactada, que implicou o esquecemento da Guerra Civil e do franquismo. A recuperación da memoria colectiva é para os autores, e tamén para nós, unha necesidade.



O manual universitario coordinado por Jesús A. Martínez, *Historia de España del siglo XX (1939-1996)*, completa os anteriores volumes dedicados á Historia de España, con dous grandes bloques: franquismo e Transición democrática 11. A nosa historia recente é analizada por distintos historiadores de recoñecido prestixio: Ángel Bahamonde, Jesús A. Martínez, Carme Molinero e Pere Ysàs asinan a parte dedicada ó

franquismo, e Julio Aróstegui e Luis Enrique Otero a da Transición. A histórica política é a que estrutura o libro, aínda que non se esquece o tratamento dos aspectos sociais, políticos e culturais.

A dictadura franquista divídese en tres etapas: 1939-1951; 1951-1959 e 1959-1975, seguindo unha esquematización excesiva que fai que os distintos subapartados de cada capítulo sexan ás veces moi breves, repetíndose acontecementos e consideracións.

Un dos acertos do libro é tratar coma un período con entidade propia os anos cincuenta e valora-la importancia dos cambios políticos e económicos desa década. Outro acerto —por desgracia aínda non frecuente— é a presenza das mulleres, integradas na análise global e non como un apéndice decorativo.

A pesar dalgunhas erratas e da excesiva fragmentación á que xa nos referimos, a lectura deste manual é doada e permite un achegamento rigoroso e obxectivo ó que foi o franquismo, unha dictadura baseada primeiro no medo a revivi-la Guerra Civil e, despois, no desenvolvemento económico dos anos sesenta, que tivo como xermolo o fascismo; fascismo que volvería ás rúas nos anos setenta para tratar de impedir que os cambios sociais “desataran” o nó das Leis Fundamentais.

Dous autores deste libro, Carme Molinero e Pere Ysàs, tamén o son dun pequeno volume


(170 páxinas), *Catalunya durant el franquisme*, no que o réxime político do xeneral constitúe a cerna da obra¹². Non por iso esquecen outros elementos como o estancamento económico na década dos corenta, a agudización das desigualdades sociais na posguerra, os cambios socioeconómicos dos sesenta e dos setenta e as loitas pola democracia e a autonomía da oposición antifranquista.



Os autores ofrécenlle ó lector unha escolma de documentos, relacionados con cada un dos doce capítulos do libro, que responde a cuestións como a presenza catalana nas institucións franquistas, a folga xeral de marzo de 1951, a inmigración en Cataluña. Este aspecto, como a propia estrutura da obra, fai dela un libro de grande utilidade para introducirlos lectores no período estudado.


O libro remata cunha ampla e actualizada bibliografía sobre o tema. A verdade é que resulta envexable o nivel da historiografía

catalana sobre o franquismo, tanto en cantidade coma en calidade, algo que explica que obras de síntese como esta poidan estar nas librerías. ¿Para cando en Galicia?




Son varias as publicacións aparecidas en torno ós primeiros anos da ditadura, o primeiro franquismo. Unha delas, *Un tiempo de silencio. La Guerra Civil y la cultura de la represión en la España de Franco, 1936-1945*, un libro do historiador británico Michael Richards, xira sobre o terror¹³. Cando nos enfrentamos á lectura desta obra, témo-la impresión de estar ante un estudo sobre a represión que vai alén da consideración deste fenómeno como algo exclusivamente relacionado cos pelotóns de fusilamento e as cadeas, pois tamén liga coas penalidades sufridas polos vencidos, “en el contexto, psicológicamente incuantificable, de la aniquilación de esperanzas y logros pasados”, como escribe Paul Preston no seu prólogo; porque a obra de Richards ten un enfoque múltiple

(a memoria, a guerra, a violencia, o catolicismo e a economía), que trata de pór de manifesto “la interacción existente entre los aspectos ideológicos, sociales y económicos de la toma del poder por el franquismo” (páx. XVI). O resultado foi a creación dunha memoria colectiva que buscaba “extirpar el sentido de la historia que poseían los que estaban llamados a ser los vencidos” (páx. XVI). É dicir, dende o noso punto de vista, a represión tiña un carácter globalizador. En definitiva, unha obra moi recomendable.



Tamén se refire ós primeiros anos do franquismo a obra do xornalista Jesús Palacios: *La España totalitaria. Las raíces del franquismo: 1934-1946*¹⁴. Trátase dunha investigación baseada no emprego da correspondencia e dos documentos dos arquivos de Franco, moitos deles inéditos e case todos de difícil acceso. Da pluma do autor saíu tamén a obra *Los papeles secretos de Franco* (Temas de Hoy, 1996), que estudiaba as relacións



entre Franco, os seus gobernos e a familia real na segunda metade do período franquista.

Escrito con axilidade, *La España totalitaria* é un libro que trata numerosos temas como a revolución asturiana de outubro de 1934, a Guerra Civil, as relacións do militar co seu círculo de poder, as pretensións imperiais do franquismo, etc. Quizais o máis destacable deste volume, insistimos unha vez máis, é o feito de que ofrece unha enorme cantidade de documentos inéditos, o que permite ó lector realiza-la súa propia análise histórica, segundo escribe Stanley G. Payne, prologuista da obra.

No momento de pecha-lo número 2 de *Dez•eme* aínda non están publicados dous libros dos que deu noticia o suplemento *Babelia* de *El País* (2 de setembro de 2000). Trátase, por unha banda, dun estudio editado por Santos Juliá, *Violencia política en la España del s. XX*, da editorial Taurus. O segundo volume chámase

Franquismo. El juicio de la historia (Temas de Hoy), e está dirixido polo profesor José Luis García Delgado. Daremos conta deles nos próximos números.

NOTAS

- ¹ Paloma Aguilar Fernández (1996), *Memoria y olvido de la Guerra Civil española*, Madrid, Alianza.
- ² Francisco Fernández Buey, "Democracia y memoria histórica", Josefina Cuesta Bustillo (ed.) (1998), *Memoria e Historia*, Madrid, Marcial Pons, *Ayer* 32, páx. 196.
- ³ "Dobarro [concelleira do Partido Popular] propone un referéndum popular para que los ferrolanos decidan sobre el futuro de la estatua de Franco", *El Correo Gallego*, 29 de setembro de 2000.
- ⁴ Manuel Vázquez Montalbán (1992), *Autobiografía del general Franco*, Barcelona, Planeta.
- ⁵ Carlos Blanco Escolá (2000), *La incompetencia militar de Franco*, Madrid, Alianza Editorial.
- ⁶ *El País. Babelia*, 13 de maio de 2000.
- ⁷ Para incompetencias do dictador, permíttanos os lectores recordar un bonito documento sobre o pensamento económico de Francisco Franco Bahamonde: "Fundamentos y directrices de un Plan

de saneamiento de nuestra economía, armónico con nuestra reconstrucción nacional", Javier Tusell (1985), "La autarquía cuartelera. Las ideas económicas de Franco a partir de un documento inédito", *Historia* 16, 115, novembro, 41-49.

- ⁸ Herbert Southworth (2000), *El lavado de cerebro de Francisco Franco. Conspiración y Guerra Civil*, Barcelona, Crítica.
- ⁹ Roque Moreno Fonseret e Francisco Sevillano Calero (eds.) (1999), *El franquismo. Visiones y balances*, Alacante, Universidad de Alicante.
- ¹⁰ *Aula. Historia Social*, 3, primavera de 1999.
- ¹¹ Jesús A. Martínez (coord.) (1999), *Historia de España del siglo XX (1939-1996)*, Madrid, Cátedra.
- ¹² Carme Molinero e Pere Ysàs (1999), *Catalunya durant el franquisme*, Barcelona, Empúries.
- ¹³ Michael Richards (1999), *Un tiempo de silencio. La Guerra Civil y la cultura de la represión en la España de Franco, 1936-1945*, Barcelona, Crítica.
- ¹⁴ Jesús Palacios (1999), *La España totalitaria. Las raíces del franquismo: 1934-1946*, Barcelona, Planeta.

HELADIO FERNÁNDEZ MANSO

PROFESOR DE SECUNDARIA

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

PROFESOR DE SECUNDARIA

vsantidrian@teleline.es

FEDICARIA: UN LUGAR DE ENCONTRO DO PROFESORADO CRÍTICO

RAMÓN LÓPEZ FACAL



Nos primeiros días de xullo de 2000 desenvolveuse en Zaragoza o VIII Seminario Fedicaria que, nesta ocasión, levaba por título «El significado de la innovación educativa en el marco de una didáctica crítica». Fedicaria é unha iniciativa educativa que me atrevo a cualificar de extraordinaria, non só en España senón, polo que coñezo, en Europa. Trátase dunha federación de grupos de profesores que comezaron a organizarse máis ou menos informalmente a partir de 1991, buscando respostas alternativas e contrahexemónicas ó ensino das ciencias sociais. Está formada por colectivos bastante diversos, radicados en distintas comunidades autónomas: *Asklepios* en Cantabria; *Aula Sete* en Galicia, *Clío* nas Canarias; *Cronos* en Salamanca; *Gea-Clío* e mais *Germania-Garbí* en Valencia; *Ínsula Barataria* en Aragón; *IREs* en Andalucía, *Ítaca* en Córdoba e *Pagadi* en Navarra. A incorporación máis recente foi a do grupo de *Pedagogía Crítica* de Asturias. Trátase fundamentalmente, en tódolos casos, de profesorado de secundaria aínda que hai tamén mestres de primaria e profesorado universitario. Quizais o que máis sorprenda desta federación, que alude co seu nome ás vellas utopías socialistas do século XIX, é o seu carácter “non institucional”, autoorganizado e, sobre todo, crítico. Sen subven-

cións de ningún tipo, sen recoñecemento das instancias de poder administrativo ou académico, autofinanciándose coas achegas voluntarias dos seus membros, pagándose os desprazamentos, os materiais que publican e as reunións periódicas que organizan... vai para dez anos que están contribuíndo a abrir unha nova perspectiva para a innovación didáctica nas ciencias sociais. Fronte ó pobre balance das instancias oficiais (CEFOCOPS e similares) os grupos e persoas integrados en Fedicaria mostran unha produción máis ca notable: materiais para a aula (*Cronos*, *Ires*, *Ínsula Barataria*, *Gea-Clío*...); teses de doutoramento que asumen explicitamente a perspectiva crítica das ciencias sociais (seis ou sete xa presentadas e outras tantas a punto de rematarse); seminarios de formación permanente do profesorado; publicacións de libros e do anuario *Con-Ciencia Social*... E todo iso, insisto, sen axudas; desde un compromiso ético que por riba de todo busca a coherencia.

O referente de Fedicaria habería que situalo na teoría crítica do currículo, tal como se nos presenta nas obras de Apple, Kemmis, Giroux, Freire, etc., ou, en España, nas contribucións de Lerena ou Julia Varela, entre outros. Está inspirada en gran medida,

aínda que non exclusivamente, nas achegas teóricas da socioloxía crítico-histórica da escola de Frankfurt (Adorno, Habermas...) que ata agora viña ocupándose máis da análise das funcións asignadas á educación ca dunha didáctica específica. A súa achega máis destacada foi poñer en cuestión a “sinceridade” de moitas das propostas educativas descubrindo a súa función ideoloxizadora. Pero como indicaron algúns autores, hai grandes dificultades para plasmar esta perspectiva na práctica. O principal problema co que se enfrontan as propostas inspiradas na teoría crítica é a de lograr desenvolver eficazmente un ensino e aprendizaxe reflexivo-crítico —cómo, ónde, a través de qué medios...— que evite o adoutramento, que supere o mero entretemento dos alumnos e alumnas nas aulas e que sexa algo máis ca unha vontade de realizalo. Os membros de Fedicaria levan anos empeñados no intento. A súa vinculación ó traballo docente diario, a súa necesidade de contar con propostas que se poidan desenvolver nas aulas preside gran parte dos seus debates. Pero non descoidan tampouco as reflexións auto-críticas (sobre o propio traballo). Fronte á falsa *politesse* formal que está presente na maioría dos congresos e simposios académicos, os debates en Fedicaria son francos, incluso ás veces duros, aínda que sen perder a cordialidade dunhas relacións libremente buscadas e cimentadas tras case dez anos de encontros (e desencontros). As críticas de todos estes anos incidiron na reformulación das propostas realizadas na procura dunha comprensión dialéctica da realidade social, tratando de evitar o dogmatismo ideolóxico e asumindo que o pensamento non se xera en abstracto senón que é situado. Desde esta posición asúmense contidos educativos que encerren a maior potencialidade crítica para o alumnado, por exemplo a reflexión sobre problemas como o dos nacionalismos ou o da integración social das minorías.

O relatorio-marco deste simposio correu a cargo de Juan Mainer (de Ínsula

Barataria que organizaban este ano o encontro) e completouse con diversas comunicacións sobre temas como: “El conocimiento escolar en una didáctica crítica” (Francisco García de IRES) reclamando o concepto de *coñecemento escolar* que se cuestionan outros membros de Fedicaria; “La evaluación del alumnado desde una perspectiva teórico-práctica” (Paz Gimeno de Fedicaria-Aragón) que parte dos supostos da *acción comunicativa* de Habermas; “El profesorado como sujeto social” (Javier Gurpegui, de Fedicaria-Aragón), unha interesante intervención na liña da *teoría do discurso*, de van Dijk; *La formación crítica del profesorado* (Julio Mateos, de Fedicaria-Salamanca) baseándose nas contribucións de José María Rozada sobre este tema; e “Escuela, Cultura y Sociedad” (Pilar Cacer e Isabel Mainer de Ínsula Barataria) que recolleron as conclusións dun dos seminarios organizados este ano en Aragón. Ó longo dos tres días houbo tamén tempo para o que xa é unha tradición nestes encontros, o *Foro de investigaciones y proyectos fedicarianos* no que interviron persoas de todos os grupos presentes, comunicando o tipo de actividades e traballos que realizan no ámbito da didáctica das ciencias sociais: teses de doutoramento, seminarios, desenvolvemento de materiais, etc.

O IX Seminario terá lugar en Asturias, encargándose durante o curso 2000-2001 José María Rozada de coordinar un seminario con profesorado de primaria e secundaria daquela comunidade que se concretará no seguinte curso nun relatorio marco para o próximo seminario (no 2002). As persoas interesadas en coñecer os traballos de Fedicaria, poden adquirilo anuario *ConCiencia Social* (os números 1, 2 e 3 foron publicados pola editorial Akal, e o número 4, outubro de 2000, pola editorial sevillana Díada). En Galicia pódese contactar con Ramón López Facal, no IES Pontepedriña de Santiago de Compostela. •

O principal problema co que se enfrontan as propostas inspiradas na teoría crítica é a de lograr desenvolver eficazmente un ensino e aprendizaxe reflexivo-crítico que evite o adoutramento

RAMÓN LÓPEZ FACAL

PROFESOR DE SECUNDARIA

EL FRANQUISMO

UN BALANCE DESDE EL FINAL DEL SIGLO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Coincidiendo co vintecinco aniversario da morte do xeneral Francisco Franco, o grupo de Recerca sobre l'Epoca Franquista, do Departamento de Historia Moderna e Contemporánea da Universidade Autónoma de Barcelona, tendo en conta o importante avance experimentado na investigación sobre o franquismo durante a última década, considera que xa se dan as condicións para facer un balance rigoroso sobre os diversos ámbitos de análise histórica, ó redor deste período da nosa historia recente.



JOSÉ GÓMEZ ALÉN

DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO

jalen@wanadoo.es



O simposio organizase en varias seccións que responden ós diferentes aspectos para a análise e o debate. Unha primeira parte estará dedicada a estudia-la dictadura e o poder político e a súa relación coa vida económica. Nela participarán o historiador británico Paul Preston e o debate será coordinado por Carme Molinero, historiadora especializada neste período. Unha segunda sección dedicarase á sociedade e as transformacións que leva experimentado, así como ó antifranquismo sociopolítico e o seu papel, ademais da función da Igrexa. Neste caso o peso da reflexión recaerá sobre Santos Juliá e Alfonso Botti; o debate estará moderado nunha sesión polo historiador Pere Ysás que centra o seu labor investigador na época franquista, e noutra polo profesor Martí Marín.

Outro bloque da sección versará sobre o franquismo en Cataluña, no que se refire á análise da sociedade e a economía; contará coas intervencións de Carme Molinero, Carles Sudriá, Francesc Vilanova, Pere Ysás e Pere Gabriel. Por último tamén se tratará a relación co franquismo e as identidades nacionais, coa intervención de Juan P. Fusi e o profesor Borja de Riquer. O balance do Simposio realizarano Carme Molinero e Josep Benet. •

CONGRESO "O EXILIO GALEGO"

Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega co gallo do 50º aniversario do pasamento de Castelao, organiza o congreso "O Exilio Galego", que se celebrará en Santiago de Compostela no mes de maio de 2001.



O congreso, que contará cunha exposición paralela, estará estruturado en dez seccións temáticas: 1: Historia do exilio: visión xeral e contexto histórico. Reflexións metodolóxicas e conceptuais; 2: Política e exilio. 3: Literatura e exilio. 4: Xornalismo, comunicación e audiovisual no exilio. 5: Artes plásticas e arquitectura no

exilio. 6: Música e artes escénicas no exilio. 7: A ensinanza no exilio. 8: Os destinos do exilio. 9: A memoria do exilio e 10: Castelao e o exilio.

O Congreso, ademais de contar con relatores invitados, está aberto á presentación de comunicacións a calquera das seccións. Para

unha maior información pódese contactar coa **Secretaría do Congreso**:

*Ponencia de Cultura Galega
no Exterior / Arquivo da
Emigración Galega - Conse-
llo da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2ª planta
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de
Compostela*

PREMIO DE INVESTIGACIÓN "LUIS TILVE"

A fundación Luis Tilve convoca un premio de investigación histórica sobre biografías de persoas de particular relevancia, colectivos sociais, acontecementos laborais ou publicacións que amosen a influencia do sindicalismo ou movementos

sociais nas diversas zonas de Galicia. Para unha maior información pódese contactar coa sede da Fundación:

*Fundación Luis Tilve
r/ Xeneral Pardiñas 26, 1º
15701 Santiago de
Compostela*

PREMIO DE INVESTIGACIÓN "LUIS TILVE"

LUIS
FUNDACIÓN
TILVE

XXIITH INTERNATIONAL STANDING CONFERENCE FOR THE HISTORY OF EDUCATION: EL LIBRO Y LA EDUCACIÓN


(UNIVERSIDADE DE ALCALÁ DE HENARES
6-9 DE SETEMBRO DE 2000)

RAMÓN LÓPEZ FACAL

O pasado mes de setembro tivo lugar en Alcalá de Henares o XXII Congreso da ISCHE: unha asociación internacional de historia da educación, da que forman parte departamentos universitarios dos Estados Unidos, Alemaña, Portugal, Australia, Reino Unido, Bélxica, Xapón, Francia, Israel, Sudáfrica, Canadá, Holanda, Portugal, Brasil, Arxentina, México, Colombia, Rusia, Polonia... e un longo etcétera no que, por suposto, se inclúen as principais universidades españolas. Este ano asumiron

a organización a Sociedade Española de Historia da Educación e os departamentos homónimos das universidades de Alcalá, Complutense de Madrid, Pontificia de Comillas e UNED. Asistiron uns trescentos congresistas de todo o mundo e foi moi numerosa a representación latinoamericana.

Sorprendeume que non asistise ningunha persoa das universidades galegas; a única comunicación prevista — dunha profesora da Universidade de Vigo — non chegou a presentarse por incomparecencia da comunicante. O congreso foi moi desigual, reflectindo o estado das investigacións que se realizan en cada sitio: de excelente calidade, avalado por un traballo de moitos anos, as intervencións dos membros do Instituto Internacional Georg Eckert de Investigación sobre manuais escolares (de Braunschweig, Alemaña) tanto a conferencia de clausura do seu director, o Dr. Falk Pingel (*How to approach Europe? The presentation of the European dimension in history, geography and civics textbooks*), como as lúcidas intervencións de Verena Radkau nas diversas sesións de traballo nas que participou. Interesante tamén (aínda que menos orixinal por ter xa publicadas bastantes das conclusións que expuxo) foi a conferencia inaugural





do Dr. Alain Choppin, de París (*L'histoire du livre e de l'édition scolaires: vers un premier état des lieux?*).

Os latinoamericanos están moi centrados na análise da dimensión patriótica dos textos escolares do século XIX e primeira metade do século XX. Na maioría dos casos encóntranse nunha fase inicial, de recollida de datos con conclusións que adoito non superan a obviedade de que os libros de texto (fundamentalmente os de historia e as lecturas "cívicas") foron instrumentos de transmisión de ideoloxía patriótica.

O proxecto *Manes* (catalogación de tódolos manuais escolares publicados ata agora) iniciado en España pola UNED e ampliado recentemente a Portugal e Latinoamérica, ten sen dúbida un papel dinamizador na investigación sobre libros de texto, e agardamos que pronto alcancen o nivel conseguido xa en Francia ou Alemaña. Pero de momento os resultados, a xulgar polas comunicacións presentadas sobre este

tema, non son demasiado brillantes. Como atinadamente apuntaba a comunicación de Rafael Valls (da Universidade de Valencia) vai sendo hora de supera-la mera descrición e catálogo e pasar xa a unha análise comparativa e valoración, contextualizando historicamente este tipo de obras e analizando as interaccións sociais. Na miña opinión creo que se poden apreciar carencias dunha formación historiográfica rigorosa en bastantes comunicacións; deficiencias que non poden suplirse, polo menos de momento, se as lecturas e referencias bibliográficas se limitan a un campo tan pouco desenvolvido aínda como é o da historia da educación, en vez de recorrer ás contribucións da historia social da cultura ou a historia cultural do social.


Con todo, o XXII ISCHE foi unha magnífica ocasión para coñece-lo estado actual destas investigacións e, nese sentido, sen dúbida pagou a pena o investimento económico e en tempo que implicaba acudir a Alcalá; ademais, claro está, para mante-los "contactos de corredor" que adoitan ser case sempre a parte máis proveitosa deste tipo de encontros. A seguinte convocatoria da ISCHE será en Oslo. Creo que agardaremos a que volva corresponderlle a organización a algunha universidade española para acudir de novo a ver se nese tempo as achegas que nos proporcionan os historiadores da educación españois e latinoamericanos nos resultan máis suxestivas. •

RAMÓN LÓPEZ FACAL

PROFESOR DE ENSINO
SECUNDARIO

RECURSOS EN INTERNET

EDUARDO BRAGADO



Nos últimos meses, destacados políticos (conselleiros, ministros, comisarios tamén) veñen facendo solemnes manifestacións sobre a necesidade de xeneraliza-lo acceso a Internet a tódolos cidadáns da UE, sobre todo, desde os centros educativos. Este obxectivo foi declarado como estratéxico e prioritario para acurtar distancias con respecto ós niveis acadados nos Estados Unidos. Pero esta pública vontade non vai acompañada das suficientes medidas de apoio á xeneralización efectiva deste servizo a curto prazo.



No noso país, a autocompra-cencia da Administración galega, que afirmou incluso que no tocante á xeneralización da rede nos centros educativos estamos en disposición gañarlles esta carreira tamén ós americanos, non parece a postura máis realista. A densidade e calidade do barrio galego na rede non ten visos de acompañar esta afirmación tan optimista. Sen dúbida, tender unha liña telefónica máis nun centro non supón a incorporación efectiva da escola ós camiños da sociedade da información.

Efectivamente, xa é posible o acceso a Internet dende a maior

parte dos departamentos da universidade e centros educativos de ensino medio, pero isto non dá producido o efecto multiplicador dese-xado e esperado tanto no ámbito científico coma no educativo: ¿houbo algún cambio substancial na calidade da investigación científica ou na dos recursos didácticos asociados ó uso de Internet? Cre-mos que agás contadas excepcións, non. O tipo de consulta e o número de persoas que efectivamente empregan Internet nos centros edu-cativos e a cantidade e calidade das páxinas *web* creadas non invitan ó optimismo do conselleiro.

¿Cantos departamentos univer-sitarios da Área de Ciencias sociais e Humanidades participan en pro-xectos de investigación nos que o uso da rede signifique un cambio relevante da súa metodoloxía? ¿Cantos alumnos das universidades e institutos reciben unha aprendi-zaxe na que as ferramentas da socie-dade da información se empreguen cunha mínima planificación e uns obxectivos claramente definidos? ¿Producíronse xa, máis alá das declaracións de intencións, os cam-bios substanciais que permite Inter-net na xestión da rede de bibliote-cas, arquivos e centros de documen-tación do noso país?

Ata agora, na maior parte dos institutos a rede emprégase por parte dos profesores preocupados por ato-paren máis información específica

referente ás súas materias e, nalgúns casos, iníciase os alumnos nos méto-dos de busca en Internet na aula de informática, pero aínda queda moito camiño por percorrer para que Inter-net acompañe o encerrado na aula. As páxinas *web* da maioría dos ins-titutos son resultado do esforzo indi-vidual dalgúns profesores e no seu contido limitanse a ser guías das actividades do centro. É certo que cada vez se crean máis páxinas, pero despois custa moito actualizalas, é dicir, os ensinantes e os seus alum-nos e alumnas teñen moitos proble-mas para mantelas vivas. En *Dez•eme* cremos que algo debe fallar para que aínda non se produza o esperado salto cualitativo.



En Galicia rarean os proxectos colectivos na rede e os instrumentos máis atractivos para face-lo traballo cooperativo máis eficiente (foros, videoconferencia, etc). Estes xorden esporadicamente como experiencias e decaen axiña. O barrio galego da rede, pola razón que sexa —non sabemos se de tanto xacobeo e botafumeiro—, está a coller xa dende un principio un perfil bastante peregrino.

Neste contexto, cando entra-mos en Internet coa pretensión de

atopar recursos innovadores, encontramos resultados consoante as crecentes expectativas. Nas máis institucións culturais galegas non aparece aínda reflectida a aposta da Administración polo uso decidido das ferramentas da sociedade da información.

Nas páxinas das universidades galegas achamos información exhaustiva dos servicios universitarios e das distintas facultades e departamentos. Así e todo, notamos en falta na páxina principal da Universidade de Santiago un enlace universidade-empresa, que existe na páxina de entrada da maior parte das universidades do Estado e de enlaces específicos para orientalo alumnado de secundaria e bacharelato sobre a oferta universitaria.

Por outra parte, na maioría dos departamentos bótase de menos unha páxina de recursos que comeza a ser habitual nas páxinas dos departamentos universitarios. Na do Departamento de Historia contemporánea e de América da Facultade de Historia de Santiago, á parte de aspectos informativos sobre o seu funcionamento e os seus titulares, existe un apartado de "outros puntos de interese na rede". Este apartado (denomínoalo 'recursos' sería máis claro) permite acceder ás bibliotecas, páxinas web de historia contemporánea e outros servicios de interese para os historiadores. Algúns deles, como o titulado "páxinas de Yahoo sobre historia", cremos que precisa unha pequena revisión. Os profesores de secundaria de Ciencias sociais e outros exalumnos da Universidade agradeceríamos un tratamento máis amplo por parte do experto profesorado universitario

que nos facilitase a busca de recursos sobre historia. Esta non é unha carencia exclusiva da Facultade de Historia de Santiago, senón xeneralizada nos Departamentos de Historia contemporánea da maior parte das universidades.



Pero sempre atopamos agradables excepcións, como a suxerida polo profesor Xosé Ramón Quintana Garrido. Así, en *D'Historia, El fil de Ariadna*, sección da páxina web do Departamento de Historia contemporánea da Universidade de Valencia (www.uv.es). *El fil de Ariadna* é un magnífico exemplo dunha concepción do que debe ser unha páxina de recursos sobre historia acorde cos tempos; está moi ben estruturada e acolle as máis importantes páxinas web e revistas electrónicas das disciplinas da ciencia social (socioloxía, antropoloxía, economía, etc). Os recursos de historia están clasificados por épocas e zonas xeográficas e posúe apartados específicos sobre historia oral, historia do traballo e historia e xénero. A páxina complétase cunha guía de centros de documentación, arquivos, revistas e artigos e outros valiosos enlaces, entre os que inclúe un co Proxecto Gutenberg. O traballo de Analet Pons dende a Universidade de Valencia convértese, polo tanto, nunha referencia inescusable para os usuarios de Internet interesados nas ciencias sociais.

Na Comunidade Valenciana podemos atopar outra páxina web de grande interese, neste caso localizada no servidor da Universidade de Alacant. Coma na páxina da Universidade de Valencia, en Alacant a publicación electrónica non é unha mera transcripción electrónica das guías universitarias. O deseño moderno, áxil e intuitivo denota a importancia que se lles dá ós produtos creados para Internet nestas universidades levantinas. Na páxina da Universidade de Alacant (www.ua.es) ten un papel central o Centro de Documentación Europea, na que podemos acceder á lexislación e xurisprudencia da UE cun buscador que nos achega doadamente ás directivas, regulamentos, decisións e outros documentos comunitarios. O Centro de Documentación Europea tamén posúe un directorio completo sobre as distintas institucións europeas, un buscador de bolsas e oferta de traballo na UE e unha boa páxina sobre o euro. Na páxina do Departamento de Humanidades e Historia contemporánea da Universidade de Alacant existe unha sección sobre a didáctica das ciencias sociais. Nesta web tamén podemos dar con información sobre o seminario "Política y Empresas en España (1936-1957)", que se reunirá na Universidade alacantina entre o 22 e o 24 de novembro. A listaxe das comunicacións sobre un aspecto do franquismo aínda pouco estudado é moi suxestiva e esperemos que cubra as expectativas creadas. O Departamento de Historia contemporánea da Universidade de Alacant non ten operativo aínda un apartado de recursos. Este está en construción, pero entrementes remite á revista electrónica *Hispanianova*, páxina

xa recomendada no primeiro número de *Dez•eme*.

En canto ó tratamento das páxinas de historia e outros contidos de ciencias sociais nos grandes portais e buscadores en español, non apreciamos mellora ningunha con respecto á situación de hai uns meses. O negocio de Internet non parece apostar pola boa divulgación das ciencias sociais. Os múltiples



movementos por atopa-la mellor posición de saída na futura rede de terminais UMTS e TV fai que se lles dea prioridade ós contidos da industria do ocio e o entretemento ademais do comercio electrónico. Neste contexto, a preocupación por ordenar e buscar contidos de historia seica non está aínda nas preferencias dos novos portais.

Os expertos en Internet coinciden na necesidade de encher de contidos os novos portais que se crean, cambian de titularidade ou desaparecen constantemente. Pero nin Internet vai máis rápido para a maior parte dos usuarios nin se incorporan

Eduardo Bragado

PROFESOR DE
SECUNDARIA

eduardovigo@wanadoo.es

novas ofertas de contidos. Na rede hai cada vez máis 3D e as *banner*, cada vez máis televisivas, asáltannos polas catro esquinas do ordenador. No portal do grupo Prisa (www.inicia.es) non parece que o libro de estilo dos editores de Internet se respecte no conxunto das páxinas que promove. Así, na páxina de El Museo Virtual, atopamos un amplo catálogo de museos para visitar clasificado por categorías temáticas. Páxinas como estas poden ser de grande utilidade para os profesores e alumnos de arte pero desagrada o exceso de *banner* de axencias de viaxes e o son de *midi* que quere acompañala visita, nunha —cremos— mal entendida pretensión multimedia. Por certo, no mes de outubro, os artistas máis visitados no museo virtual foron Caravaggio, Magritte e Kandinsky. En Galicia, as páxinas dalgúns museos como o CGAC ou a do museo da Fundación



Granell son unha boa mostra dun tratamento formal atractivo que aproxima a súa oferta cultural ós usuarios de Internet. Así, na páxina da Fundación Granell existe un apartado específico para os máis novos, unha boa idea para preparar unha visita ó museo real, que sempre paga a pena.

Nos portais galegos tampouco hai grandes novidades. Vieiros continúa a súa andaina conservando o seu coidado deseño e mellorando a

súa oferta informativa nas edicións locais. É sen dúbida o portal de referencia das páxinas en galego e tamén porta de acceso á máis ampla comunidade lusófona. Ós cincuenta anos da morte de Castelao, ó internauta nativo ou de calquera outra orixe pódese asalta-la curiosidade sobre o tratamento do insigne intelectual e político na rede e incluso podería pretender atopar unha gran mobilización de recursos e esforzos na rede galega para un achegamento virtual á figura de Castelao. O resultado da busca decepciona bastante. As novidades sobre Castelao na rede limítanse ó afán militante de admiradores da figura do intelectual e político galego como a que se pode contemplar en www.Citeweb.net, un meritorio esforzo individual, no que podemos achar gran cantidade da información recompilada da extensa bibliografía sobre a figura de Castelao. A consulta do libro de visitas é moi recomendable e o encadeamento de suxestións fala moi claramente de cómo está o país nesta cuestión. A *web* www.MuseoCastelao.org, que coincide na súa estrutura básica e na maior parte da información proporcionada, distínguese por un deseño e unha redacción máis sosegadas. O internauta galego interesado na figura de Castelao que ande á procura de novos enfoques ou debates sobre o senlleiro político e intelectual galeguista sairá practicamente coas mans baleiras. *



ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Ó longo dos últimos meses continuou o ritmo de asentamento de novas achegas documentais, revistas, fotografías, carteis e adhesivos que seguen a enriquece-lo Arquivo Histórico da Fundación, que ademais mantivo o nivel de visitas e consultas dos últimos anos.

Durante este tempo, desenvolvéronse desde a Fundación as actividades relacionadas coa celebración do Día da Clase Obreira Galega, entre as que se conta o tradicional acto de homenaxe a sindicalistas e persoas de diferentes ámbitos profesionais pola súa contribución á consecución das liberdades democráticas. Realizáronse outrosí exposicións en Ourense, Ferrol, Viveiro, Pontevedra e Santiago. Nestas dúas últimas cidades presentáronse as producidas durante este curso: *A educación na II República e Vinte anos da Secretaría da Muller de CC.OO. de Galicia*.




En relación coas novas editoriais, temos que destaca-la publicación dos traballos premiados nas seis primeiras edicións do Premio de Investigación Escolar. Este certame convócase desde a Fundación coa finalidade de promover entre os estudantes o interese no coñecemento e na investigación dos diferentes aspectos relacionados co mundo do traballo e o sindicalismo.

O libro recolle diversos traballos premiados que abranguen os diferentes temas que configuran as directrices da convocatoria: as condicións laborais, a conflictividade, a muller e o traballo industrial ou os oficios tradicionais.


Así mesmo, foron reeditados os catálogos que acompañan as exposicións: *España. Século XX. Escenas do traballo e A prensa clandestina no franquismo*. Tamén se editou a *Memoria de actividades* da Fundación correspondente ó ano 1999, que informa da composición actual dos fondos e legados documentais do Arquivo Histórico e do conxunto das actividades desenvolvidas durante ese ano.

No traballo de asesoramento e información hai que destaca-la colaboración coa productora Ibisa para a elaboración do documental *O sal da terra. Unha historia do sindicalismo galego*, que en seis capítulos recolle o que foi o devir do movemento obreiro galego desde as súas orixes.



En canto ós novos proxectos, amais das investigacións que xa están en marcha, nos próximos meses verán a luz novas publicacións como a reedición facsimilar de *13 estampas da traición* de Luís Seoane. A edición deste libro, que vai acompañada dunha exposición, realizárase en colaboración con Edicións do Castro e nel reflíctese a especial mirada do pintor Luís Seoane sobre os militares e os grupos sociais que protagonizaron o golpe de estado de 1936; acompaña esta edición unha selección de poemas sobre o xeneral Franco.

Nos próximos meses verán a luz novas publicacións como a reedición facsimilar de *13 estampas da traición* de Luís Seoane



Por outra parte, estase ultimando a edición da *II Guía do Arquivo Histórico*, que permitirá coñecer-lo conxunto de fondos documentais de todo tipo custodiados na Fundación. E, como parte da Red de Archivos Históricos de CC.OO., a nosa Fundación participou no Congreso Internacional de Archivos de Sevilla no mes de setembro. Neste congreso, a Red de Archivos foi a única entidade privada española que estivo presente cun expositor moi visitado polos congresistas. No marco do congreso presentouse a primeira guía dos fondos documentais destes arquivos, así como as diversas publicacións que poñen de manifesto o seu traballo de investigación historiográfica e de difusión dos fondos documentais: edicións facsímiles, memorias, catálogos de exposicións, monografías e as restantes actividades que desde comezos dos anos noventa veñen realizando as fundacións e arquivos que forman parte da rede e que teñen as súas sedes en Santiago, Madrid, Barcelona, Valencia, Asturias e Sevilla.

EXPOSICIÓNS

Na actualidade se están desenvolvendo novos proxectos de exposicións. Durante o mes de novembro, en colaboración coa Fundación Cipriano García de Barcelona ou outras institucións políticas e culturais de Galicia e Barcelona, presentárase nesta cidade a exposición *Quessada. Arte e compromiso*. A mostra recolle unha selección significativa da obra de Xaime Quessada na que se reflicte a actitude de compromiso sociopolítico do pintor.

Ó mesmo tempo estase a coordinar a organización dun novo proxecto de exposición: *El cartelismo sociopolítico*. Esta mostra, producida pola Red de Archivos Históricos de CC.OO., recollerá unha selección de 70 carteis de grande interese

sociopolítico e cultural, sen esquece-la calidade plástica e as diferentes tendencias artísticas dos seus autores, todos eles de recoñecido prestixio no mundo da arte contemporánea. Os carteis fan parte das coleccións que se custodian na Red de Archivos Históricos de CC.OO., e que no seu conxunto superan as 10.000 unidades.

Polo que se refire ás restantes exposicións que durante o ano 2000 visitaron numerosos centros de ensino secundario, facultades e concellos, seguirán ó dispor dos centros educativos e das institucións que as soliciten tamén no curso 2000-2001. Actualmente mantémo-la mesma oferta ca no curso anterior:

A prensa clandestina no franquismo


Esta mostra fai un percorrido polas diferentes publicacións de carácter clandestino editadas durante o franquismo. Preséntanse cabeceiras de organizacións sindicais, de partidos políticos e de diversos movementos sociais: estudantes, mulleres, mariñeiros, profesores ou campesiños. Incorpora tamén paneis explicativos sobre os métodos de edición clandestina.



CC.OO. de Galicia. Memoria viva

Esta exposición componse de trinta paneis cos que se pode segui-la recuperación do movemento obreiro durante o franquismo realizada en torno ás Comi-

sións Obreiras. Reprodúcense documentos programáticos, fotografías, carteis, prensa, panfletos... que permiten lembra-las loitas sociolaborais e as etapas seguidas pola clase obreira na recuperación dos seus dereitos sindicais e políticos.



España século XX: Escenas do traballo

A exposición é un percorrido polo século XX en España a través dos fondos fotográficos dos arquivos históricos da Fundación 10 de Marzo e da 1º de Mayo. As 65 fotografías que compoñen a mostra aglutínanse en tres seccións: na primeira aparecen os traballos tradicionais e industrias extractivas; o segundo grupo reflicte o traballo na factoría e no terceiro apartado son os homes e mulleres os protagonistas tanto nas facetas individuais coma nas actitudes e actividades colectivas.

A educación na II República

A mostra presenta ó longo de 18 paneis o que foi a experiencia educativa da II República e as súas propostas de superación das trabas lexislativas e sociais anteriores a esta etapa. As fotografías, documentos explicativos e lexislativos, carteis e demais instrumentos gráficos permiten a comprensión dos elementos de renovación didáctica que se trazaron desde o Estado republicano e os movementos de renovación pedagóxica, protagonistas educativos daquela etapa. Inclúese tamén unha referencia ós primeiros tempos do franquismo que exemplifican a fin daquela experiencia renovadora no ámbito educativo. •

El cartelismo sociopolítico recollerá una selección de 70 carteis de grande interese sociopolítico e cultural, sen esquece-la calidade plástica e as diferentes tendencias artísticas dos seus autores,

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO

jalen@wanadoo.es



Dez•eme 3 estará dedicado ó mundo do traballo e ó movemento obreiro. As seccións serán, *grosso modo*, as que xa comezan a ser tradicionais. “Ó redor da Historia” contará, e non paradoxalmente, cunha colaboración sobre o sindicalismo do futuro, outra sobre muller e sindicalismo e dúas sobre a historia do movemento obreiro en Galicia.

“Na clase” ofrecerá dúas colaboracións que tratan experiencias escolares concretas: unha sobre os traballos tradicionais na Fonsagrada e outra sobre as mulleres nun barrio de Santiago a principios de século. Completará esta sección unha crítica de vídeos relacionados coa historia do movemento obreiro en Galicia.

O “Dosier documental” ofrecerá materiais relacionados cos sucesos do 10 de Marzo de 1972. O “Concepto” será, non podía ser doutro xeito, “clase social” e “Testemuños” ofrecerá un anaco das memorias de Amador Martínez, Ramón.

Dez•eme 3 terá tamén as habituais seccións dedicadas ás novidades bibliográficas, os recursos na rede, as novas sobre congresos, as actividades da Fundación, etc. Esperamos non ter que incluír, nesta ocasión, unha “Fe de erratas”.

O próximo *Dez•eme* estará nas mans dos lectores no mes de maio de 2001. Esperamos que acudan á cita.

FE DE ERRATAS

Este número dous de *Dez•eme* dedicado ó franquismo cadra, precisamente, ó xeito para corrixir un involuntario erro cometido no primeiro: Lourenzo Fernández Prieto é o autor do artigo “A cara mergullada do pasado para unha historia de futuro”, e non Lourenzo Fernández Cuesta, como aparecía no índice. Evidente-

mente, o noso amigo *Tito* non ten nada que ver co exministro franquista. Somos unha revista aberta, pero non tanto. Xa se sabe: as meigas. Tamén cometemos outro erro grave no índice: A entrevista a François Dosse foi realizada por Pedro Lago Peñas, non por Ramón López Facal. A cadaquén o seu.

Normas para a presentación dos orixinais

- Os artigos destinados ás seccións “Ó redor da historia” e “Na clase” non deberán excederlos 22.500 ou 23.000 caracteres (total do traballo).
- Os orixinais irán acompañados do enderezo, número de teléfono do autor ou autora e, se é o caso, do enderezo de correo electrónico.
- As notas irán numeradas correlativamente e aparecerán ó final do artigo.
- As referencias bibliográficas irán incluídas no texto do seguinte xeito: apelido do autor, ano da publicación: páxina. Por exemplo: (Hobsbawm, 1999: 98).
- A bibliografía incluírase ó final do artigo do seguinte xeito: Apelido do autor, Nome (ano de publicación), *Título*, Lugar de edición, Editorial. Por exemplo: Hobsbawm, Eric (1999), *Gente poco corriente. Resistencia, rebelión y jazz*, Barcelona, Crítica.
- Dos artigos aceptados enviarase unha copia en disquete, gardados como formato Word 5.0 para Mac (preferentemente) ou en Word para Windows.
- Os títulos dos artigos ou os epígrafes non se escribirán con maiúsculas.
- No caso de que o artigo vaia acompañado de imaxes, indicarse o pé que ha levar, e, se é o caso, o autor/a destas.

Os orixinais dos artigos deberán ser remitidos por correo ou entregados persoalmente na FUNDACIÓN 10 de MARZO r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 - Santiago de Compostela, ou enviados por correo electrónico ó enderezo f10m.sn@galicia.ccoo.es
A revista é semestral e a data de peche para a recepción de traballos é de dous meses antes da saída de cada número. O Consello de Redacción de DEZ•EME resérvase o dereito de decisión en canto á publicación dos artigos recibidos.

CORTE POLA LIÑA DE PUNTOS OU ENVÍE UNHA FOTOCOPIA

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Nome Apelidos
 Enderezo
 Cidade C.P.

SI, DESEYO SUBSCRIBIRME A REVISTA DEZ•EME A PARTIR DO NÚMERO (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 2.000 PTAS., GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)

FORMAS DE PAGAMENTO

Contrareembolso Xiro postal Talón bancario (a nome de: Fundación 10 de Marzo, República do Salvador, Santiago de Compostela)

DOMICILIACIÓN BANCARIA (cubrir tódolos díxitos do código interbancario)

Código interbancario / / / Nome da entidade
 Enderezo postal
 En de a de Asdo.

Joam Carmona Badía: Catedrático de Historia económica da Universidade de Santiago de Compostela. Entre as súas obras destaca *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)* (1990).

Xosé Chao Rego: Licenciado en Filosofía e catedrático de Lingua galega no ensino secundario. Colaborador habitual de diversos diarios e revistas como *La Voz de Galicia*, *Teima*, *Encrucillada* ou *Irimia*. Traballa en temas relacionados coa Igrexa e a cultura galega. É autor de libros como *La Iglesia en el franquismo* (1976); *La Iglesia que Franco quiso* (1976); *Para comprendernos Galicia*; *O libro da auga*; *Prisciliano, profeta contra o poder* (1999), *A condición homosexual* (1999); e *Historia do Pobo de Xesús* (8 vols.), entre outros. Foi Premio da Crítica co libro *Eu renazo galego* (1984) e finalista do Premio Nacional de Literatura.

Eduardo Fra Molinero: Profesor de Historia no ensino secundario e na UNED de Ferrol. Dedicase tanto á investigación histórica como á narrativa e ó teatro. Entre os seus traballos podemos destacar: *Revolución política das comunidades de Castela*; *A revolución dos burgueses composteláns (séc. XII)*; *Os rituais na fotografía familiar*; *A illa do mar das nubes*; *Unha historia hirmandiña e 1800, a batalla de Brión*.

José Manuel González Herrán: Catedrático de Lingua e Literatura españolas de bacharelato. Catedrático de Literatura española da Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Literatura Contemporánea, publicou edicións, artigos e monografías sobre autores do século XIX (Moratín, Larra, Rosalía, Pardo Bazán, Pereda, Clarín, Galdós, Menéndez Pelayo, Zola...) e do XX (Valle-Inclán, Hidalgo, Hierro, Blas de Otero, Valente, Pombo, Muñoz Molina...).

Carme Guimerá Ravina: Doutora en Historia. Catedrática de bacharelato. Na actualidade é responsable da Sección Internacional Española no Licée Magendie College Cheverus de Bordeos. É autora de numerosos artigos relacionados coa súa tese de doutoramento: *Práctica docente y pensamiento del profesor de Historia en la enseñanza secundaria* (1992). Foi colaboradora habitual da revista *Cuadernos de Pedagogía*.

Carme Molinero Ruiz: Profesora de Historia Contemporánea da Universitat Autònoma de Barcelona, especializada na época franquista. É autora, conxuntamente con Pere Ysàs, entre outros, dos libros *L'Oposició antifeixista a Catalunya, 1939-1950* (1981) "*Patria, Justicia y Pan*". *Nivel de vida i*

condicions de treball a Catalunya, 1939-1951; (1985); *Els industrials catalans durante el franquisme* (1991); *El régime franquista. Feixisme, modernització i consens* (1992); *Productores disciplinados y minorías subversivas. Clase obrera y conflictividad laboral en la España franquista* (1998) y *Catalunya durant el franquisme* (1999). Ten participado en numerosas obras colectivas e recentemente codirixiu *De la dictadura a la democracia* (1998), volume 11 de *Historia, política, societat i cultura dels Països Catalans*.

Xosé Ramón Quintana Garrido: Historiador, profesor de ensino secundario e profesor asociado da Universidade de Vigo (Departamento de Historia, Arte e Xeografía. Área de Historia contemporánea). É autor e coautor de diversos estudos de historia política, historia social e historia da historiografía.

María Xesús Souto Blanco: Doutora en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Colaboradora do proxecto de investigación titulado *As elites urbanas na Galicia do primeiro tercio do século XX*. É autora, entre outras obras, de *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)* (1998) e de *Los apoyos al régimen franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*. *La corrupción y la lucha por el poder* (1999).

Aurora Vázquez: licenciada en Historia da Arte e diplomada en cine. É membro da Asociación Española de Historiadores de Cine, campo este ó que dedica a súa investigación. Ten participado en traballos como *Del New England a los Goya: casi un siglo de cine en Ferrol*; *Catálogo del cine español. Películas de ficción (1941-1950)* e *Torrente Ballester y el cine*. Colaborou como documentalista en prensa, radio etelevisión e en publicacións como o *Catálogo dos fondos documentais dos Arquivos públicos galegos*.

Rubén Vega García: Doutor en Historia, especialista en historia social do franquismo e a Transición, ten publicados os libros: *La corriente sindical de izquierdas. Un sindicalismo de movilización* (1991); *CC.OO. de Asturias en la Transición y la Democracia* (1995); *Crisis industrial y conflicto social. Gijón 1975-1995* (1998). É coautor de *Clandestinidad, represión y lucha política. El movimiento obrero en Gijón bajo el franquismo 1937-1962* (1998). Participou tamén en obras colectivas como *Asturias, el declive de un región industrial* (1996) e *Los comunistas en Asturias 1920-1982* (1996). É director da Fundación Juan Muñiz Zapico de Asturias.



Fundación 10 de Marzo
comisiones obreiras